

O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica¹

Ricardo Pichel²; Xavier Varela Barreiro³

Recibido: 15 de xuño de 2017 / Aceptado: 20 de setembro de 2017

Resumo. Na tradición de estudo do *Livro de Tristam* é comunmente aceptada como cronoloxía para o fragmento galego-portugués a segunda metade ou as últimas décadas do século XIV. Nas súas coordenadas xeográficas non se foi máis alá de situar a copia do manuscrito en territorio galego (por oposición ao portugués). Centrando a atención neses dous eixos, os autores presentan neste artigo unha nova proposta cronolóxica e xeográfica apoiada en indicios de natureza lingüística, paleográfica e grafemática. Con estas novas precisións cronolóxicas adiantan a copia á primeira metade do século XIV e apuntan ao último terzo do século XIII como a época na que se realizou a tradución, do francés para o galego-portugués, do seu antecedente (moi probablemente na corte portuguesa). As precisións xeográficas realizadas restrinxen a área xeográfica do copista á terra galega meridional de Toroño, na diocese de Tui.

Palabras clave: Prosa artúrica galego-portuguesa; *Livro de Tristam*; dialectoloxía galega medieval; paleografía; grafemática; mecenado literario.

[es] El fragmento gallego-portugués del *Livro de Tristam*. Nueva propuesta cronológica y diatópica

Resumen. En la tradición de estudio del *Livro de Tristam*, se acepta comúnmente como cronología para el fragmento gallego-portugués la segunda mitad o las últimas décadas del siglo XIV. En sus coordenadas geográficas no se fue más allá de situar la copia del manuscrito en territorio gallego (por oposición al portugués). Centrando la atención en estos dos ejes, los autores presentan en este artículo una nueva propuesta cronológica y geográfica respaldada por indicios de naturaleza lingüística, paleográfica y grafemática. Con estas nuevas precisiones cronológicas adelantan la copia a la primera mitad del siglo XIV y apuntan al último tercio del siglo XIII como la época en la que se realizó la traducción, del francés al gallego-portugués, de su antecedente (muy probablemente en la corte portuguesa). Las precisiones geográficas realizadas restringen el área geográfica del copista a la tierra gallega meridional de Toroño, en la diócesis de Tui.

Palabras clave: Prosa artúrica gallego-portuguesa; *Livro de Tristam*; dialectología gallega medieval; paleografía; grafemática; mecenazgo literario.

[en] The Galician-Portuguese Fragment of the *Livro de Tristam*. A New Chronological and Diatopic Proposal

¹ Este traballo realizouse no ámbito dos proxectos de investigación “Cultura libraria na Galiza baixomedieval. Tesouro dixital da prosa histórica e literaria dos sécs. XIV e XV” (Xunta de Galicia, Plan I2C 2011-2015), desenvolvido no marco do grupo FILGA (GI-1743 Filoloxía e Lingüística Galega) da USC, e “LEMACIST. Libros, memoria y archivos: cultura escrita en monasterios cistercienses del noroeste penín-sular (ss. XII y XIII)”, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia (HAR2013-40410-P); tamén é reflexo da colaboración co Seminario Medieval de Língua, Pensamento e Sociedade (SMELEPS/IF/FCT UI&D/Fil/ 00502) e coa Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares (USC R2014-012). Unha primeira aproximación a este traballo foi presentada como plenaria no XVI Congreso da AHLM celebrado na Universidade do Porto en 2015. Expresamos o noso agradecemento aos compañeiros e amigos Simona Ailenii, Manuel Ferreiro, Santiago Gutiérrez García, Ramón Mariño Paz, José Carlos R. Miranda, Rosa Mª Rodríguez Porto, Harvey L. Sharrer e José António Souto Cabo polas súas valiosas suxestións e críticas.

² Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega; Universidad de Alcalá.

E-mail: ricardo.pichel@uah.es

³ Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.

E-mail: xavier.varela@usc.es

Abstract. In the study tradition of the *Livro de Tristam* it is commonly accepted that the Galician-Portuguese fragment belongs to the second half or to the last decades of the 14th century. Within its geographic coordinates, the studies did not go beyond in locating the copy of the manuscript in Galician territory (in opposition to the Portuguese one). By focusing our research on these two axes, the authors present in this paper a new chronological and geographic proposal supported by evidence of linguistic, paleographic and graphematic nature. These new chronological provisions place the copy into the first half of the 14th century and point out towards the last third of the 13th century as the period when the translation of its precedent was made, from French to Galician-Portuguese (very likely within the Portuguese Court). The geographic observations made narrow the geographic area of the copyist to the southern Galician land of Toroño, within the Tui diocese.

Keywords: Galician-Portuguese Arthurian Prose; *Livro de Tristam*; Medieval Galician Dialectology; Paleography; Graphematic; Literary Patronage.

Sumario. 1. Introducción. 2. Contributos para unha nova edición de LT. 3. Novas coordenadas espaciais e temporais para LT. 3.1. Indicios lingüísticos. 3.1.1. A tradución duocentista (*veyr*). 3.1.2. A copia trecentista (*senlos, nume*). 3.2. Indicios paleográficos e grafemáticos. 3.2.1. Tipoloxía e modalidade escriturarias. 3.2.2. Cuestións grafemáticas. 3.2.3. Confronto coa producción instrumental e literaria coeva. 4. Cabo. O *Livro de Tristam* e o seu percurso na tradición artúrica occidental. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: Pichel, R. e X. Varela Barreiro (2017): “O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 159-214.

1. Introdución. Os estudos sobre o fragmento

Desde o seu achado, hai case noventa anos, e especialmente durante as últimas tres décadas, o fragmento do *Livro de Tristam*⁴ (LT) foi obxecto de múltiplas abordaxes de moi distinta naturaleza (literaria, ecclótica, lingüística, escriptolólica, histórica etc) na procura dunha intelección o máis cabal posible deste exiguño testemuño e

do contexto cultural que propiciou a difusión do *Tristan en prose* en terras peninsulares occidentais durante os sécs. XIII e XIV. Lembraremos a seguir os principais estudos que se teñen ocupado en maior ou menor medida disto, comezando polas liñas de traballo más cultivadas (a editorial e a literaria) e finalizando por aquelas que consideramos más desatendidas (os estudos escriptolingüísticos e sociohistóricos). Precisamente, esta nosa achega pretende contribuír de maneira propositada a esos campos de investigación pouco explorados até o momento co obxectivo de desvendar as coordenadas temporais e espaciais nas que se forxou este testemuño senlleiro da recepción da materia tristaniana no Occidente ibérico⁵.

Primeiramente, do punto de vista editorial as dúas ediciones pioneiras de Manuel Serrano y Sanz (1928) e José Luis Pensado (1962) deron a coñecer o texto (no caso de Pensado en versións paleográfica e crítica) con base no manuscrito orixinal descuberto nos fondos da Casa de Osuna e adquiridos despois polo Archivo Histórico Nacional de Madrid. Como se sabe, o fragmento estivo desaparecido durante varias décadas nas dependencias do AHN até que en 2009 foi localizado polo investigador Pedro Pinto no novo marco, moito más favorábel, aberto pola súa dixitalización e incorporación a PARES (hoxe o fragmento figura no AHN coa cota Códices, L. 1501/7). No tempo en que o manuscrito permaneceu en paradero descoñecido, xurdiron algunas iniciativas editoriais que procuraron rescatar do esquecemento o fragmento tristaniano e actualizar a edición de referencia até ese momento (Pensado 1962). Para alén da abordaxe de Ivo Castro (1998, revisada en 2007), na que se reproduce a edición de Pensado con adaptacións editoriais puntuais, en 2001 publicase unha nova lectura do texto de LT e tamén do *Livro de Merlim* (transcripción paleográfica e

⁴ BITAGAP Manid 1483. Na procura dunha nomenclatura normalizada da nosa producción literaria medieval, párcenos adecuado fixar o lema medieval “*Livro de Tristam*” atendendo, no tocante ao elemento onomástico, ao *usus scribendi* sistemático reflectido no texto que nos chegou (cf. *infra* § 2 e 3.2.2). Por outra parte, no tocante á onomástica, optamos igualmente por unha forma medieval regularizada cando citamos unha cadea antropónímica medieval (non cando nos referimos a grupos familiares), tomando como pauta orientativa o criterio adoptado no *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (GLOSSA), baseado, por súa vez, en Montero Santalha 2000 e D’Heur 1975 (cf. Rodríguez 1988).

⁵ Advertimos xa desde agora que esta investigación é máis ampla do que reflicte este traballo, pois os resultados que aquí ofrecemos foron cruciais para abordar o estudo do contexto sociohistórico e, en particular, do patrocinio e itinerario señoríais de LT. Neste sentido, remitimos o lector a Pichel e Varela Barreiro 2017, onde se amplían as breves notas que, pola limitación de espazo, só podemos esbozar na última sección deste artigo e que xa foran presentadas parcialmente no XVI Congresso da AHLM (Porto, 2015).

texto crítico anotado), a partir das reproduções fotográficas de Pensado, coordinada por Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo⁶. Poucos anos despois, Lourdes Soriano Robles (2006) ofrecería unha nova presentación crítica (non anotada) do texto⁷. Por último, moi recentemente acaba de publicarse unha nova transcripción paleográfica e edición crítica do fragmento a cargo de Pilar Lorenzo Gradín e Susana Pedro (2017), neste caso con base no manuscrito orixinal redescuberto⁸ (cf. *infra* § 2).

Sen dúbida, os estudos filolóxicos e literarios dominaron os esforzos dunha pesquisa orientada principalmente a tentar comprender a recepción occidental do *Tristan en prose*⁹ e a

singularidade do fragmento sobrevivente con respecto ás outras tradicións textuais peninsulares (central e oriental). Após o contributo inaugural de Pensado¹⁰ (1962: 9-14), e para alén dos estudos xerais, algúns xa clásicos, sobre a recepción peninsular da materia artúrica¹¹, nos anos 80 e 90 dábanse a coñecer varios traballo (Castro 1983, 1993, 1998; Sharrer 1994; Michon 1991, Rossi 1993, Cuesta Torre 1994, 1998; Soriano Robles 1998, Gutiérrez García 1998, López Martínez-Morás 1999) nos que se contextualizaban e discutían os fundamentos da filiación e transmisión textual de LT (en particular a identificación da versión V.II do *Tristan* como o ramo textual máis próximo, ou o debate sobre a existencia dunha tradución occidental

⁶ En comunicación persoal, J. A. Souto Cabo manifesta que, a pesar de ter participado na coordinación e elaboración desta obra, a versión publicada –sen o seu coñecemento nin aprobación– alterou de modo substancial o traballo que realizara.

⁷ En todos os casos, salvo na primeira (1928) e última (2017) edicións, a transcripción do *Livro do Tristam* vén acompañada da útil reproducción en apéndice do texto dos manuscritos franceses cos que se considerou más pertinente confrontar o fragmento (Pensado 1962: 66-71, Castro 2007: 18-26, Lorenzo Gradín, Souto Cabo e Mariña Arbor 2001: 137-146, Soriano Robles 2006: 74-84).

⁸ Temos constancia tamén dunha nova lectura do manuscrito orixinal (Souto Cabo 2017a: 281-288) presentada como unha edición regularizada e con pretensión divulgativa. Cómpre indicar que esta transcripción non compartilla os erros detectados na edición de Lorenzo Gradín e Pedro 2017 (cf. *infra* § 2, n. 17-27).

⁹ O *Tristan en prose* circularía nunha primeira versión por volta de 1230-35. Posteriormente, a partir de ca. 1240, xurdirían dúas novas versións (V.I e V.II), redixidas ambas a partir dun mesmo orixinal e influídas pola versión primitiva, áinda que más longas e con elementos procedentes do ciclo da *Post-Vulgata ou Pseudo-Boron* (Löseth 1891, Baumgartner 1975; cf. Curtis 1963, Leonardi 1997, De Carné 2010, Cigni 2012). A respecto da discusión sobre o estatuto compositivo peninsular da refundición posterior do ciclo *Lancelot-Graal*, isto é, a *Post-Vulgata* (Bogdanow 1966) ou, de acordo con Miranda (1998), o *Pseudo-Robert de Boron* (ciclo expandido do que farián parte o *Lancelot* e áinda unha versión do *Tristan en prose*), véxase unha recapitulación recente en Laranjinha 2010 e Correia 2015. A segunda versión do *Tristan en prose* (V.II), más extensa e menos fiel á orixinal, é a que máis difusión tivo e aquela da que procedería o testemuño galego-portugués (López Martínez-Morás e Pérez Barcala 2001: 109-112, Soriano Robles 2006: 18-25). Para unha visión panorámica e recente sobre a recepción ibérica do *Tristan* véxase Cuesta Torres 2015 e 2016.

¹⁰ Serrano y Sanz (1927: 307-308), levado pola presenza da figura de Lanzarote como protagonista principal dos lances transmitidos no fragmento e debido tamén á incomprendición da forma abreviada de *Tristam* (que el transcribe como un inexistente cabaleiro “don Ter”), indentifica erroneamente o manuscrito como unha tradución do *Lancelot* do ciclo da *Vulgata* artúrica. Pensado (1962: 9-11) corrixe o equívoco concluíndo que se trata dun representante do *Tristan en prose*, mais utiliza para a *collatio* unha versión do *roman* oitánico impresa en época tardía (*Les grandes proesses du très vaillant, noble et excellent chevalier Tristan*, Paris, Denis Janot, 1533), que acaba por considerar o modelo do que procede LT (1962: 13-14, 66-71; cf. Cuesta Torre 1998: 195, López Martínez-Morás e Pérez Barcala 2001: 119, Soriano Robles 2006: 28-29).

¹¹ Véxanse principalmente Entwistle 1925, Bohigas Balaguer 1925, Lida de Malkiel 1959, Sharrer 1977, 1981, 1984, 1986, 1987, 1996; Cirlot 1987, Cacho Blecua 1987, Cuesta Torre 1991, 1993a, 1993b, 1994, 1997a, 1997b, 1998, 2015, 2016; Alvar 1993a, 2002, 2008, 2015, 2016; Paredes Núñez 1993, Beceiro Pita 1993, Gómez Redondo 1994: 109-166, 1999: 1549-1577 (cf. 2007: 4037-4040), 2013; Rubio Pacho 1995, Beltrán 1996, Gracia 1996, 2015; Deyermond 1997, Gutiérrez García 1997, 2015b; Gutiérrez García e Lorenzo Gradín 2001: 25-39, Chicote 2001, Ros Domingo 2001, Conde de Lindquist 2006, Orizi 2006, Simó 2008, Trujillo 2009, 2013, 2014a, 2014b; Mérida Jiménez 2010, 2013: 13-132, 2016; Soriano Robles 2013a, 2015; Contreras Martín 2012a, 2015, Lucía Megías 2015, Hook 2015 (ed.), Haro Cortés e Lucía Megías 2016 (coords.). Para a materia artúrica no ámbito estritamente occidental (Galiza e/ou Portugal) véxanse, alén dos citados *infra*, os traballo de Vasconcelos 1900-01, Lapa 1981¹⁰ [1933]: 237-289, Rossi 1979: 35-71, Sharrer 1986, 1988, 1996; Pena 1986: 378-391, 2002: 307-316, 2013: 226-235; Alvar 1993b, Megale 1995, 1996a, 1996b, 1997; Miranda 1996, 1998; Lorenzo 1998: 130-131, 2000: 411-416, 2002: 110-116; Neto 1999, 2001; Gutiérrez García e Lorenzo Gradín 2001: 41-153, Ferreira 2001, Ros Domingo 2001: 259-271, Dias 2003-06, Laranjinha 2010, Correia 2015; Lorenzo Gradín 2015, Gutiérrez García 2015a.

intermedia¹²), así como a súa disposición narrativa e a hipotética estrutura e contidos do texto orixinal. Este renovado interese polo estudo filolóxico de LT continuou na década seguinte ao tempo que aparecía unha edición conxunta do *Livro de Tristam* e do *Livro de Merlim* (2001), tal como dan conta, entre outros, os estudos de Gutiérrez García 2000-01, 2001a, 2001b, 2007; López Martínez-Morás e Pérez Barcala 2001, Gutiérrez García e Lorenzo Gradín 2001: 137-142, Lorenzo Gradín e Díaz Martínez 2004, 2005; Lorenzo Gradín 2005-06, Soriano Robles 2006 e López Martínez-Morás 2007. Con certeza, nos últimos anos esta tendencia non perdeu forza, como demostra a aparición de, entre outros, os recentes traballos de Miranda e Correia e Laranjinha 2012, Miranda 2013, Lorenzo Gradín 2015, Gutiérrez García 2015a, e, en particular, o valioso contributo de S. Ailenii (2012, 2013, 2017), no que se retoma de maneira exhaustiva o estudo do proceso de tradución de LT e o seu confronto cos testemuños franceses más próximos, póndoo en relación coa análise dos outros dous exemplares temperáns do romance arturiano en terras occidentais, os fragmentos do *Livro de Merlim* (LM) e da *Estoria do Santo Graal* (ST).

Do punto de vista lingüístico e escriptolóxico (cf. *infra* § 3.1 e 3.2), son fundamentais os contributos dalgúns dos autores xa citados incluídos nos seus traballos monográficos sobre o *Livro de Tristam*¹³: por unha parte, as notas ortográficas, fonéticas e morfosintácticas de Pensado (1962: 18-40); por outra, as abordaxes de Ivo

Castro (“A língua do fragmento”, 1998: 143-148, 2007: 10-17) e de Lorenzo Gradín, Souto Cabo e Arbor Aldea (“Nota lingüística”, 2001: 29-55). Trátase, con todo, de aproximacións selectivas nos campos grafemático e lingüístico, centradas en elucidar o carácter “galego” ou “portugués” do fragmento, mais non en profundaren nunha análise diatópica ou cronolóxica do texto. No caso da cronoloxía, os trazos lingüísticos de LT foron entendidos sempre como proba dunha coidada copia da segunda metade do séc. XIV. A estes traballos cómpre engadir agora o recente estudo escriptolóxico de Ailenii (2012, 2013), no que se inclúe o confronto paleográfico e grafemático con LM e ST.

Finalmente, polo que respecta á dimensión histórica e social, o interese por explorar desta perspectiva a produción literaria en prosa na Galiza baixomedieval aínda comeza agora a callar nas nosas investigacións, unha vez que imos comprendendo os procesos internos de compilación, tradución e difusión dos poucos testemuños que chegaron até nós e a súa interconexión coas áreas culturais próximas¹⁴. No caso do *Livro de Tristam*, foron moi contadas e breves as incursións nesta dirección até época recente e, en calquera caso, non inciden no seu posibel patrocinio, mais na localización do fragmento nun breve tramo do seu itinerario posterior. Foron os dous primeiros editores do manuscrito (Serrano y Sanz 1928: 308, Pensado 1962: 11) os que conjecturaron a súa presenza, quer na biblioteca de dona Mencía de Cisneros, avoa do Marqués de Santillana¹⁵, quer na

¹² Certamente, a inexistencia dunha edición crítica integral que conteemple os máis de 80 testemuños do *Tristan en prose*, ou polo menos os da familia textual máis próxima, dificulta en gran medida a identificación da fonte exacta de LT; de feito, os estudos más recentes continúan insistindo na falta de correspondencia cos códices oitánicos confrontados até o momento (Ailenii 2012: 179-180, Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 10). Canto á súa posición na cadea de transmisión textual, a existencia dunha tradución primixenia (da que se copia o testemuño que hoxe coñecemos) vén avalada, entre outras razóns, por algunhas omisións e adicións por *homoioteleton*, errores asociados ao proceso de copia, rexistrados no fragmento (Michon 1991: 267, Castro 1998: 143, López Martínez-Morás e Pérez Barcala 2001: 129-130, Lorenzo Gradín e Díaz Martínez 2004: 387-391); cf. *infra* § 4, n. 99.

¹³ Referímonos aquí ás seccións específicas dedicadas ao estudo escriptolingüístico. Alén disto, no aparato crítico das edicións, quer na transcripción paleográfica, quer na presentación crítica, tamén se incluíu información lingüística ou grafemática de interese (Pensado 1962: 41-65, Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 73-84 e 87-103).

¹⁴ Véanse, por exemplo, os estudos de Rodríguez 1999, Lorenzo 2002, Catalán 1995, López Martínez-Morás 2007, Darbord e García de Lucas 2008, Ferreira 2012 ou Miranda 2012. En particular, a recepción dos ciclos troiano (a *Crónica troiana* e a *Historia troiana*) e historiográfico (a tradución da primeira parte da *General estoria*) na Galiza trecentista e a súa conexión cunha área xeográfica e núcleo señorrial patrocinador –a corte coruñesa dos Andrade (Lorenzo 1985, Pichel 2012, 2013a, 2014)– permitenos comezar a delineiar o mapa do mecenado cultural na Galiza dos sécs. XIV e XV (cf. Pichel e Varela Barreiro 2017, Mariño Paz 2017b).

¹⁵ Como é sabido, o fragmento encontrábase inicialmente encadernando, de acordo con Serrano y Sanz (1928: 307), unha copia quiñentista do testamento do marqués de Santillana (cf. Sharrer 1977: 26-27, Castro 1998: 136-137, Pichel e Varela Barreiro 2017).

biblioteca do rei don Duarte de Portugal (cfr. Castro 1998: 138, Soriano Robles 2006: 54). Para alén destas dúas hipóteses tradicionais, contamos agora cun recente estudo (García-Fernández e Otero Piñeyro Maseda 2016), tamén centrado no percurso catrocentista de LT, no que se propón xustificar a súa chegada aos medios nobiliarios dos Mendoza desde o entorno señorial dos Castro de comezos do séc. XV a través da duquesa de Arjona dona Aldonza de Mendoza, muller de Fadrique Enríquez e medio irmá do marqués de Santillana, en cuxa biblioteca figuraban dous volumes tristanianos de verosímil procedencia occidental. Ao final deste traballo (§ 4) retomamos brevemente esta cuestión, ofrecéndomos algúns datos relativos á corte señorial na que presuntamente se patrocinaría LT e ao seu itinerario posterior.

2. Contributos para unha nova edición de LT

A posibilidade de revisitar o manuscrito orixinal motivou nos últimos anos unha nova abordaxe editorial do fragmento pola nosa parte, de tal modo que en decembro de 2014 realizamos

unha nova lectura do texto baixo condicións lumínicas óptimas (ás escuras e con luz ultravioleta) nun departamento especial do AHN¹⁶. Isto permitiuños actualizar e corrixir certas eivas detectadas nas primeiras edicións (Serrano y Sanz 1998, Pensado 1962) e tamén nas más modernas (Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001, Soriano Robles 2006 e Lorenzo Gradín e Pedro 2017¹⁷).

Por unha parte, puímos actualizar certas lecturas dubidosas ou conjecturais na edición de Pensado, como por exemplo as seguintes: “Senor disserom **eles e nos**¹⁸ ala ymos a gram coyta” (1va.1), “**Poys**¹⁹ disso el uáamos dessúu ata *que* a uentura nos **parta**²⁰” (1va.1-2), “**Tanto**²¹ *que* eles chegarom” (1vb.1), “assy sse começou a batalla **grande e fera**²²” (2va.9-10). Outras secuencias, áinda sendo lexíbeis sen o recurso á lámpada de Wood, permanecían transcritas erroneamente, como a forma *cuyta* en vez de *coyta* (1rb.10²³), ou a significativa variante *sou* do posesivo (1ra.23), que realmente debe ser lida como *seu*²⁴. A nova edición que preparamos supuxo, por outra parte, revisar certas grafías que foran mal interpretadas até

¹⁶ Agradecemos as facilidades ofrecidas por Juan Ramón Romero Fernández-Pacheco, Xefe do Departamento de Conservación do AHN, e por Esperanza Adrados Villar, Xefa do Departamento de Referencias tamén do AHN.

¹⁷ No caso das edicións de 2001 e 2006, algún dos errores de transcripción eran comprensíbeis, pois nesa altura tan só se podía traballar cunha reproducción a preto e branco, mais non na recentísima edición de Pilar Lorenzo e Susana Pedro, realizada con base no manuscrito orixinal (e con axuda de luz negra), na que, pese a isto, se detectan algúns errores de lectura e edición que inclusive non aparecían nas propostas editoriais anteriores. Algunxs exemplos, alén dos citados *infra*: lle > llo (1ra.4), disse > disso (1rb.2), catede > catade (1rb.7), Lançarote > Lançarot (2ra.9), começou > começó (2rb.9), nō os > nōnōs (2rb.32), assy > assy (2va.7), soubo > soube (2vb.2), ssayo > ssayu (2vb.21), cauāls > caualōs (2vb.25).

¹⁸ Pensado conjectura a forma *eles* (1962: 48, 74), mais non lera a continuación o *nos* (cf. “differ<...> τ nos” e “–disser[on eles]– nós” en Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 33, 71).

¹⁹ Pensado dubida entre *Poys* e *Ora* (1962: 48), mais finalmente escolle a primeira delas para o texto crítico (1962: 74). Pola súa parte, Lorenzo Gradín e Pedro non ofrecen lectura paleográfica (2017: 33), pese que a lección é facilmente identificábel con luz negra, e propoñen *Enton* na edición crítica “por considerar que recolle mellor os matices da forma *or* presente na versión francesa do códice *A*” (2017: 71, n. 32).

²⁰ Así tamén en Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 33 e 71. Pensado (1962: 48, 74) non conseguira ler un pequeno fragmento ilexíbel, áinda que conjecturou correctamente a lección.

²¹ “[T]anto” en Pensado (1962: 52, 75) e en Lorenzo Gradín e Pedro (2017: 34 e 77).

²² Pensado (1962: 59, 77) non pudo conjecturar a lectura; cfr. “<...> fera” en Lorenzo Gradín e Pedro (2017: 89).

²³ A lectura errónea (*cuyta*) é común a todas as edicións (Serrano y Sanz 1928: 309, Pensado 1962: 46, 73; Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 75, 90; Soriano Robles 2006: 67, Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 32, 67), salvo na de Souto Cabo 2017a: 281. Este erro deu lugar a consideracións lingüísticas erróneas en relación á alternancia dos ditongos *oi ~ ui* en LT (Pensado 1962: 23, Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 39).

²⁴ A forma correcta (*seu*) aparecía na edición de Pensado (1962: 44 e n. 29bis), quen, en opinión de Gutiérrez García e Lorenzo Gradín (2001: 138), decidiría emendar o *sou* transcrita por Serrano y Sanz (1928: 308) a *seu* ante a contradición de aparecer a dita forma arcaica nun texto datado a finais do séc. XIV. O certo é que o *sou* volveu aparecer na edición de 2001 (Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 74, 89; así tamén en Castro 1998: 143), sendo interpretado polos editores como un arcaísmo procedente dun estadio textual previo, isto é, o modelo do que se copiaba LT (Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 47-48, 89 n. 10). Nas tres últimas edicións, porén, xa aparece correctamente a forma evolutivamente analóxica *seu* (Soriano Robles 2006: 66 e Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 33, 88, Souto Cabo 2017a: 281; cf. Lorenzo Gradín 2015: 158).

agora, especialmente no caso das variantes (pre)sigmáticas do <z>, sistematicamente transcritas como <s>²⁵ (*diser* > *dizer* 1ra.25, 1rb.31 etc., *disede* > *dizede* 1va.12, *mal disente* > *mal dizente* 1ra.30, 33; *fas faser* > *faz fazer* 1rab.10), mais non só (*dessūu* > *dessúu* 1va.2, *sóo* > *sõo* 1rb.27, *Glingaym* > *Glyngaym* 1ra.2, *querya* > *queria* 1rb.32 etc.). Tamén se revisaron as secuencias, algunas con finalidade correctiva, engadidas polo propio calígrafo, como por exemplo a forma *vyo* (reescrita en 1rb.25) ou a forma entrelañada *diz* (con trazo superior, abreviando: *dizer* ou *dizendo*, 2vb.9). Por último, púidose actualizar e reconstruír parcialmente algúns fragmentos deturpados da parte superior do bifolio, especialmente no fol. 2rb: “Poys esto disso feriu o Caualo [...] e tornousse aas tendas Et em [...] Armas [...] Armas [...] toste [...] da tauoa Redonda” (ls. 3-7²⁶).

Canto aos criterios seguidos nas anteriores edicións, consideramos pertinente unha revisión de certos parámetros de transcripción e presentación crítica á hora de fixar de modo definitivo o texto. Para alén da necesidade de interpretar correctamente, como xa foi dito, as variantes (pre)sigmáticas do <z>²⁷ (ex. *fas faser* > *faz fazer*), convén atender o desenvolvemento adecuado de certas abreviaturas de acordo coa cronoloxía e o *usus scribendi*: é o caso, por exemplo, da expansión do trazo supralineal con valor de consoante nasal implosiva final (<-m>) é a grafía claramente maioritaria do texto), do signo tironiano (*e* ou *et*) ou do trazo infralinear cruzando o caído do <p> no caso das preposiciones *per/por* e *pera/para*. Tamén é preciso facer, no caso da transcripción paleográfica, unha correcta distinción da morfoloxía dos trazos supralineares que acompañan as secuencias de dúas ou más vogais: quer o trazo quebrado ou

sinuoso resultado da unión de dúas plicas ou ápices (marca de hiato, polo menos), quer o trazo curvo ou ondulante (marca de nasalidade vocálica):



Fig. 1. Exemplos de trazos supralineares: plicas unidas (*sóo*, *todóo*, *bóó*, *súu*) e trazo curvo ou ondulante (*mão*, *améas*, *húu*)

A nova lectura do fragmento, agora en vías de publicación, enmárcase dentro dos labores editoriais do Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPG) e xa se dispón dunha versión preliminar da transcripción paleográfica do fragmento no site do Corpus de Textos Antigos de Galiza (Fig. 2). Neste proxecto ofrecemos unha presentación dixital múltipla dos textos editados, principalmente unha transcripción paleográfica (en que se mantén o uso grafemático orixinal e se marca o desenvolvemento abreviativo) acompañada dunha presentación crítica do texto (con regularización gráfica e suprasegmental); eventualmente, nalgúns libros especialmente significativas ou emblemáticas para a historia da *scripta* tamén incluímos unha transcripción diplomática (con mantemento de alografías e marcaxe da morfoloxía abreviativa). Por outra parte, sempre que é posible conseguir os dereitos de imaxe, ofrecemos a reproducción facsimilar, con posibilidade de consulta confrontada coa transcripción do texto (Pichel e Varela Barreiro 2014: 291-299).

²⁵ Trátase dun persistente erro de transcripción que se perpetúa en todas as edicións, salvo na de Souto Cabo 2017a, propiciando interpretacións lingüísticas erradas sobre os procesos de desafricación de enxordecemento nas sibilantes (Pensado 1962: 35, Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 40-41, Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 63 n. 10, 65 n. 15), talvez alentadas pola tradicional datación tardía do texto. Sobre esta mudanza lingüística véxase Mariño Paz 2017a: 316-324, 343-349.

²⁶ Na edición de Lorenzo Gradín e Pedro (2017: 37, 85-86) tamén se recuperaron algunas destas palabras.

²⁷ Sorprende que nunha edición paleográfica tan exhaustiva como a realizada por Susana Pedro, na que se distingue a morfoloxía abreviativa e a maior parte dos alografos (como os tipos de <s>, <r> ou <d>) e mesmo certas variantes pictográficas (como o trazo final do <m> ou o trazo que ás veces encima o <y>), non se atenda debidamente ás variantes (pre)sigmáticas do <s> e do <z> (cf. *infra* § 3.2.2) e se desista da súa reproducción por motivos tipográficos (Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 23-24 n. 1, 25). Bastaría con facer repertorio en nota a rodapé ou incluir algún sinal tipográfico convencional, como o <s> ou <z> subliniado, para marcar esta importante distinción escriptolingüística (véxase, por exemplo, Souto Cabo 2007: 17). Para unha discusión recente sobre estas cuestiós véxase Bouzas 2012: 225-228, 2016: 22-23, 41-43, Pichel 2013b: 154-155, 2015a: 537-540; Dono 2014.

The screenshot shows a web browser window for the COTAGAL website. The header includes the logo 'COTAGAL | Corpus de Textos Antigos de Galiza' and a navigation menu with links to 'INICIO', 'EQUIPO', 'LIÑAS DE TRABALLO', 'OBXECTIVOS E METODOLOXÍA', 'CORPUS', 'RESULTADOS', 'RECURSOS', and 'CONTACTO'. Below the menu are icons for back, forward, search, and other functions. The main content area displays a title 'Livro de Tristán (AHN L.1501/7)' and a section titled 'Fol. Ira'. To the left of the image is a transcription of the text in modern Spanish. To the right is a photograph of the original medieval manuscript page, folio 1r, showing dense handwritten text in Gothic script with several large, ornate red initials.

Fig. 2. Transcripción paleográfica de LT na páxina web do COTAGAL

3. Novas coordenadas espaciais e temporais para LT

No bloque central deste traballo presentamos e analizamos algúns datos que permiten adiantar a cronoloxía proposta tradicionalmente para a copia hoxe conservada do *Livro de Tristán* e afinar a súa adscrición xeográfica dentro do territorio galego. A nosa proposta xorde da análise de certos indicios lingüísticos (§ 3.1) e escriptolóxicos (§ 3.2) que revelan unha maior antigüidade da copia galega que hoxe conservamos, ao tempo que nos permiten, en certa medida, distinguir con trazos lingüísticos concretos os dous estratos cronolingüísticos (o da tradución ducentista e o da copia trecentista) patentes en LT. Por último, a revisión das coordenadas cronolóxicas e xeográficas nas que xurdíu este testemuño lévanos a propor unha posíbel vía do mecenado e itinerario seguido pola obra desde a súa copia primixenia –completa, cabe supor– até a súa chegada aos medios dos Mendoza e máis tarde aos fondos da Casa de Osuna.

No tocante, máis específicamente, ás coordenadas temporais, os principais estudos modernos

centrados na textualidade de LT reproducen en xeral de modo servil a datación que, partindo da primeira abordaxe de Miguel Serrano y Sanz, aceptou e afinou despois José Luis Pensado. A revisión demorada das propostas de cronoloxía abre un arco temporal do que non está excluído ningún subperíodo do séc. XIV, centuria na que, por outra parte, todos os investigadores coinciden en situar a realización da copia galega. O seu descubridor, Serrano y Sanz (1928), sitúao no ecuador do século. Pensado (1962), pola súa parte, considera que se trata dunha copia do último terzo do século:

La fecha que Serrano y Sanz ha atribuído al texto, mediados del siglo XIV, es perfectamente válida y puede demostrarse fácilmente su semejanza con otros textos contemporáneos. La letra, según nuestras observaciones, puede centrarse mejor hacia el último tercio del siglo XIV que hacia mediados. (Pensado 1962: 12)

I. Castro (1998 e 2007) compartilla o parecer de Pensado e sitúa o manuscrito nas últimas décadas do século (cf. *infra*). Na edición de 2001

coordinada por P. Lorenzo Gradín e J. A. Souto Cabo parece haber certa confusión ao respecto, pois ábrese considerabelmente o arco temporal dunha maneira pouco congruente. No limiar do libro dise que LT “como se sabe, é unha tradución do *Tristan en prose* francés levada a cabo en Galicia cara á segunda metade do século XIV” (p. 8), no que nos parece un evidente lapso por confusión da tradución do francés feita en Portugal no séc. XIII coa copia desta tradución feita posteriormente en Galiza; no capítulo 1 (“A materia de Bretaña no occidente peninsular”) ofrecen dúas novas propostas:

a) sitúano, como Serrano y Sanz, a mediados do século (“A todos eles [os outros fragmentos peninsulares do *Tristan en prose*] hai que lles engadi-lo fragmento galego do *Livro de Tristan*, que se data a mediados do século XIV”);

b) adiantan a copia á primeira metade do século, pois “o momento en que os textos franceses comezan a ser traducidos ás lingüas vernáculas peninsulares sitúase na primeira metade do século XIV, xusto nos anos en que se datan os fragmentos do *Merlín* portugués e do *Tristan* galego” (p. 25).

Por último, tanto L. Soriano Robles (2006: 27-28) como P. Lorenzo e S. Pedro (2017: 9) limitánse a aceptar as lacónicas consideracións de Pensado; no caso das súas últimas editoras, alúdese tamén en nota ao estudo actualizador de S. Ailenii (2012, 2013), quen apunta igualmente –aínda que non sen reservas– ao mesmo arco cronolóxico (segunda metade do séc. XIV). En calquera caso, é inescusábel dicir que esta última investigadora é a única que se preocupou por rever os presupostos que avalaban presuntamente a cronoloxía tradicional, tal como indicaremos máis adiante (§ 3.2).

3.1. Indicios lingüísticos

En maior ou igual medida que a dimensión paleográfica, como teremos ocasión de comprobar, a variación lingüística representa un dominio de pesquisa propicio na procura de evidencias válidas no establecemento de precisións cronolóxicas. Neste punto o interese cronolóxico cifrase non en un senón en dous obxectivos ben diferenciados: a data da tradución duocentista do *Tristan* francés e a data da copia trecentista do *Livro de Tristan* galego-portugués. Podería parecer que son dous asuntos resoltos, visto que, aparentemente, acabaron suscitando amplio

consenso despois dun longo período de discordancias: en gran medida é un lugar común dicir que a tradución, polo menos dunha parte do *Pseudo-Boron*, tería sido realizada en Portugal na corte do rei Afonso III e que a identidade do tradutor concorda coa do fraude lisboeta da Orde de Santiago Joan Vivas (cf. *infra*). Mais xa que faltan probas concluíntes de que isto fose así, polo menos no caso do *Tristan en prose*, considerámos imprescindible fuxir dos lugares comúns e pórse novamente no punto cero do cúmulo dos saberes adquiridos e consolidados. Farémolo a partir dun estado da arte sobre LT que considerámos obxectivo e rigoroso. Ímonos retrotraer ao estudo de Ivo Castro (1998) que, malia levar case vinte anos circulando, continúa a ser o punto de partida máis realista para quen, aproximándose a esta dupla dimensión de coordenadas temporais, queira fuxir de esforzos innecesarios –e inútiles– por seren destinados a querer dar luz a espazos conceptuais dabondo claros e que, pola contra, queira ocuparse do realmente importante: as cuestións de esexese espiñenta para as que aínda non hai resposta solidamente argumentada. Vexamos o balance conclusivo que pecha a publicación citada:

Concluindo: o fragmento [LT] por ora desaparecido no Archivo Histórico Nacional, de Madrid, mostra que um escriba galego fez, nas últimas décadas do séc. XIV, uma cópia de uma tradução (galega ou portuguesa?) de um manuscrito francés representante da redacción ampliada do *Tristan en prose*. (Castro 1998: 148)

Non se trata dun balance que sitúe o avance das pesquisas nun lugar próximo ao seu punto final. O único que se dá por certo é que o copista trecentista de LT era galego –nun sequera se di abertamente que a copia fose feita en Galiza (cf. Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001)– e que a copia foi realizada nas últimas décadas do séc. XIV. Nada se di, no balance, da cronoloxía da tradución do francés ao galego-portugués do *Tristan en prose* e tampouco se propón en exclusiva ningún dos dous territorios como berce dela (“[traducción] galega ou portuguesa?”).

As dúbidas manifestadas por Ivo Castro non poden máis que levarnos a revisar a hipótese, bastante estendida, de que os romances da *Post-Vulgata* e do *Tristan en prose* (ou do *Pseudo-Boron*) formarían parte da mesma iniciativa cultural de tradución no occidente peninsular enmarcada na corte de Afonso III –o seu reinado foi de 1248 a 1279– e presumiblemente

realizada por Joan Vivas²⁸. Esta mesma é a actitude adoptada más recentemente por S. Ailenii (2009, 2012, 2013), quen apunta novamente cara ás dúbidas áinda non esclarecidas. Partindo de afinadas análises tradutolóxicas e léxicas non descarta a posibilidade de que a tradución duocentista da prosa artúrica fose feita por máis dun tradutor ou mesmo en máis dunha xeira, confirmando as hipóteses que no seu día formulara Dias 2003-06 no estudo inaugural sobre ST:

Todos estos elementos abonan a favor da hipótese de a tradución do romance arturiano poder ter sido a incumbéncia de mais do que um tradutor ou, pelo menos, parecem destacar-se trés atitudes distintas no que diz respeito á forma de solucionar os mesmos vocábulos e/ou construções sintagmáticas. (Ailenii 2013: § 39)

E áinda más recentemente distintos autores (como Contreras Martínez 2012b, Correia 2015, Gutiérrez García 2015a ou Miranda *et alii* 2016) continúan alertando da aceptación acrítica de hipóteses previas no que atinxe á interpretación das coordenadas socioculturais e cronoxeográficas nas que callaría a adaptación e difusión da materia artúrica (cf. *infra* § 4):

No entanto, estudos recentes levam a aconselhar prudència na comprensão das cronologías, ritmos, intervenientes e línguas envolvidas no proceso de tradución deste extenso manancial romanesco do francés medieval para línguas ibéricas, evitando apriorismos que em nada ajudam a compreender a complexidade desta literatura. Nomeadamente, não é de excluir, por principio, a existéncia de mais do que uma iniciativa de tradución destes romances e de um percurso de difusão mais variado do que o até aquí previsíbel. (Miranda *et alii* 2016: xiii)

Necesse est voltar sobre a primera fase da implantación do ciclo artúrico no occidente peninsular baseándose nas evidencias que poída achegar a realidade plural de LT. Nós faremo da perspectiva dos materiais lingüísticos, pouco ou nada explorada con esta finalidade en particular.

3.1.1. A tradución duocentista (*veyr*)

Iremos directamente aos materiais lingüísticos de LT que teñen pertinencia neste empeño, sen nos deter noutros fenómenos manexados na tradición de estudo e que se mostraron insuficientes, por separado ou en conxunto, para ir nas precisóns cronolóxicas más alá do período trobadoreSCO ou, no mellor dos casos, das últimas décadas do séc. XIII, e nas precisóns socioxeográficas para situar en Portugal e no ámbito da corte rexia de Afonso III o impulso cultural único na tradución. O elemento textual más pertinente é o infinitivo *veyr* (< VENIRE):

E Brandeliz sse leixou veyr porla ponte. E Neroueix quando uiu que nom queria leixar a passage da ponte, meteu a lança su u braço e foy ferir tam brauamente que lle fez outrossy como a Queya. (fol. 1vb.27-31)

Os datos que ofrece o CGPA presentan esta forma verbal integrada nun rico abano de variantes medievais, fonéticas e gráficas, profusamente representadas nos textos. Este estado de variación do infinitivo –e doutros tempos co seu mesmo radical, como o futuro e o pospretérito– xurdiu ao producírense no seu significante mudanzas vocálicas e consonánticas das que resultou unha complexa situación que representamos esquematicamente e sen pretensión de exhaustividade na Táboa 1.

Variación fonética	Variación gráfica
[vẽír, veír, vĩír, viir; βẽír, βeír, βiír, βiír...]	<(v-u)ẽir, (v-u)ẽjr, (v-u)ẽyr; (v-u)eir, (v-u)ejr, (v-u)eyr>
	<(v-u)ĩir, (v-u)ĩjr, (v-u)ĩyr, (v-u)iir, (v-u)ijr, (v-u)iyr>
	<(v-u)jjr, (v-u)jyr, (v-u)jyr, (v-u)jjr, (v-u)jjr, (v-u)jyr>
	<(v-u)ÿir, (v-u)ÿjr, (v-u)ÿyr, (v-u)ÿir, (v-u)ÿjr, (v-u)ÿyr>
	<(v-u)ir, (v-u)jr, (v-u)yr>
	<...>

Táboa 1. Estado de variación dos resultados de VENIRE

²⁸ Como xa se ten demostrado, o pulo que representou a chegada de Afonso III a Portugal para a expansión dos ciclos artúricos no Occidente peninsular foi decisivo, mais, con certeza, non sería esta a única vía de transmisión destes romances nin necesariamente a máis temperá. Retomamos esta cuestión máis adiante (§ 4).

Neste interesante estado de variación medieval, consumada xa a síncope da consoante nasal intervocálica -N-, as formas con vogal radical [ẽ, e] representaban a conservación dunha fase anterior á das formas en que se producira a assimilación vocálica regresiva que presuponían as secuencias hiáticas [-íi-, -ii-]²⁹. A súa presenza nun texto é indicio claro de cronoloxía recuada e, como veremos despois, dunha cronoloxía restrinxida a unhas poucas décadas do séc. XIII, *groso modo* as da consolidación do romance galego-portugués como lingua escrita autónoma³⁰. A elas limitan estas formas <éi, ei> a súa aparición nos textos e, xa o adiantamos, fano tanto ao sur como ao norte do Miño.

Este trazo lingüístico é plenamente distintivo no ámbito temporal. As súas coordenadas cronolóxicas sitúano na segunda metade do séc. XIII para os dous subterritorios: setentrional (Galiza) e meridional (Portugal). As atestacións de Galiza concétranse nos mediados da década de 1270 nos dominios do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Cea, Ourense), co antípicio dun caso na década de 1250 en terras do tamén cisterciense mosteiro de Santa María de Monfero (Monfero, A Coruña) e a prolongación dun caso de finais do séc. XIII e outro de mediados do XIV, ambos de dominios do tamén cisterciense mosteiro de Santa María de Montederramo (Montederramo, Ourense):

1257: é ésta maor rodriguez sêpre deue a séér uasala do moesteyro. en sa uida e cù quâto ouuer **deue a ueyr** pera o moesteyro. (DGP 12-13, doc. 16 - Anónimo - Monfero (C), *apud* CGPA)

1274: Conocuda cousa seia a os pressentes commo a **os que han de veir commo eu** Maria Iohannis, filla de Iohan Fernandez de sancto Estevo, a vos Pedro Fernandez abbaide et a o convento de Osseira fazo carta de vendiçon de quanta herdade eu ey et aver devo en sancto Estevan de Portela, en leigario et en iglesiario, con todas suas pertenças; (CDMO, 2, doc. 1083 - Ruy Perez notario jurado del Rey (en terra de Camba / en Chantada / en terra d'Asma) - Oseira (Ou), *apud* CGPA)

1274: Conocuda cousa sea a os pressentes como a **os que an de veir como eu** Marina Fernandez

de Vagarelas con mias fillas Maria Perez et Urraca Perez, a vos don Pedro Fernandez abbad et a o convento de Oseira facemos carta de vendiçon de tres leyras, en agro de Quinta et en Arenas, sub signo de santo Estevao da Portela, et recebemos de vos en prezo triginta et quinque solidos alfonsies blancos et un quarteiro de millo, unde semus ben pagados et outorgamos de vos amparar con esta devandita heredade per nos et per nosas boas. (CDMO, 2, doc. 1084 - Ruy Perez notario jurado del Rey (en terra de Camba / en Chantada / en terra d'Asma) - Oseira (Ou), *apud* CGPA)

1276: Conoçuda coussa seia a os presentes et a **os que an de veyr como eu** Domingo Eanes con mya muler Marina Eanes por nos et por toda nossa voz, a vos don Pedro Fernandez abbade et o convento de Osseira façemos carta de vendiçon por senple valedeyra da nossa leira de Golpeleyros et de Tellado e Toello, que jaz so a Pena do Paaço, et de una leyra de una teega semente a a prado. (CDMO, 2, doc. 1106 - Ruy Perez notario jurado del Rey (en terra de Camba / en Chantada / en terra d'Asma) - Oseira (Ou), *apud* CGPA)

1276: Conoçuda cousa seia a os presentes et a **os que an de veyr, como eu** Juhan Fernandez de Gordom en senbra con meu hyrmão Nuno Fernandez por nos et por toda nosa voz, a vos Estevo Nuniz et a toda vosa voz, façemus carta de vendiçon sempre va lledeyra do meo do cassar de Sordos que este en o Bollo de Senda, a monte et a fonte, et con todas suas pertenças et dereythuras, quaes agora a et aver deve; et jaze sub signo de san Christovoo de Ceya. (CDMO, 2, doc. 1112 - Ruy Perez notario jurado del Rey (en terra de Camba en Chantada / en terra d'Asma) - Oseira (Ou), *apud* CGPA)

1299: Et por que esto sseia mays estáuile et **non possa veýr en dulta**, nós, los deuanditos Johán Domõnguez et María Ianes, rrogamos a Pedro Pérez, púbrico notario del rrey don Ffernando en Caldellas et en Triues, que desta donaçon ffezesse un púbrico estrumento. (CDMM, I, 612, p. 779 - 1299 - Pedro Pérez, púbrico notario del rrey don Ffernando en Caldellas et en Triues - Castro Caldelas (Ou), *apud* CGPA)

1360: Et por que esto sseia certo et uerdade e **non posa veýr en dulta**, rrogey et mandey a Gonçaluo Eanes, notario público de Caldelas,

²⁹ Para este proceso fonético, véxase Mariño Paz 2002, 2008: 84-87, 2017a: 246-271; Ferreiro 1999⁴: 125-131, 2008.

³⁰ Véxase ao respecto, entre outros, Mariño Paz 2008: 49-61; Martins 2001a, 2001b, 2007, 2011; Souto Cabo 2002, 2004, 2008, 2014; Emiliano 2003, Lorenzo 2004, Castro 2006²: 94-110, Pichel e Cabana Outeiro 2007, Monteagudo 2007, 2008: 23-55; Boullón Agrelo e Monteagudo 2009: 9-15.

que ffeſeſe esta carta et a synasse de ſeu ſigno. (CDMM, I, 1323, p. 1681 - 1360 - Gonçaluo Eanes, notario público de Caldelas - Castro Caldelas (Ou), *apud* CGPA)

No caso de non existir o ſerodio rexistro de 1360, poderíase dicir que é un duocentismo lingüístico. E de non haber tampouco o rexistro temperán de 1257 tamén sería acaído dicir que se trata dun idiolectalismo de Rui Pérez na produción notarial da Galiza medieval, pois a súa aparición no ciclo escriturario doutros notarios ou escribáns ten un carácter esporádico e con certeza asistemático. Son os últimos rexistros dunha variante gráfica representativa, moi probabelmente, dunha variante fonética xa desaparecida na altura, pois a súa presenza límitase a contextos claramente formulísticos (“os que an de *veir* como eu” [4], “e cū quāto ouuer dueu a *ueyr* pera o moesteyro” [1], “non possa *veýr* en dulta” [2]) e en condicións de máxima defectividade paradigmática, pois aparece exclusivamente en infinitivo. Por tanto, pódese considerar unha reliquia fosilizada e só como tal ten sentido a súa presenza esporádica nos textos máis tardíos (1299 e, sobre todo, 1360).

As atestacións de Portugal coinciden no esencial coas de Galiza nas súas coordenadas temporais duocentistas. Deixamos á marxe o *ueyra* do *Tratado de Confissom* (1489), pouco xustificábel por razóns cronolóxicas obvias³¹. As restantes ocorrencias fan a súa aparición no terceiro cuartel do séc. XIII (1266...) e deixan de comparecer dos textos no último (...1290). O dato máis salientábel deste grupo de exemplos é o predominio de documentos emanados da chancelaría de Afonso III. Once dos quince rexistros teñen esta procedencia:

1269: & se hy non quis ueir cada seguda feyra louuamos e outorgamos que non uenda en todá_ á domáá e se uenderē peytē a el Rey .L. soldos. (DGP12-13, doc. 345 - Steuā Periz publico Tabellyō da Cidade de Coymbra - Coimbra - *apud* CGPA)

1278: E por esto nō ueír en douida. dou ende ao dauandicto Concelho esta mha Carta aberta. (DPChAiii, doc. 30 - Vicente Fernandiz - Lisboa, *apud* CGPA)

1278: E ſe pela uentuira o Jnfante ouuer filho. ou filha. ou neto. ou neta. ou alguū hereo que deua a ueýr a ſſeus bées e as ſſas heranças. en todolos sobredictos herdamētos e en todalas dictas couzas nē en parte delhas. nō possam. nēnas possam ēbargar áá ordī. nen ſsa molher. ſe a ouuer. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E ſe pela uentuira o Jnfante ouuer filho. ou filha. ou neto. ou neta. ou alguū hereo que deua a ueýr a ſſeus bées e as ſſas heranças. en todolos sobredictos herdamētos e en todalas dictas couzas nē en parte delhas. nō possam ueír. nēnas possam ēbargar áá ordī. nen ſsa molher. ſe a ouuer. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E ſe pela uētuira alguē que de don Affonso uéér quiser ueýr contra este feyto ou contra estas condiciónes que ſon côteudas ē esta Carta; peyte tres mil liuras áá ordī ou a quē a ordī ſa uoz der. e outro tāto a'lRey. e Carta todauya cō ſſas condiciónes fique firme e estauil; pera sempre. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E eu Jnfante don Affonso cō outorgamento de meu padre obligom~j. e todalas couzas mȳas. e aqueles que meus heréés forem á átender e a conpirr e a guardar e a fazer todas estas couzas sobredictas e cada huā delas. E eu logo per m~j. as confirmo e outorgo. a cōprilas a bōa ffe. e en contrayro nō ueýr. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E ſe pela uentura eu ouuer filho. ou filha. ou neto ou neta ou algūū hereo. ou molher que estas condiciónes ou parte delas quiser quebrantar ou contra elas ou contra algūa delas quiser ueýr. nō llj ſeia outorgado. mais ſolamente pola temptaçō. peyte tres mil liuras áá ordim. e outro tanto a'lRey. e aia a mha maldiçō. e a de deus perdurauil. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E nos Maestre e Conuento d'avis; prometemos en bōa ffe nūca ueír contra este

³¹ Sendo o *Tratado* unha obra probablemente traducida do castelán, non desbotamos a hipóteſe de este *ueyr* ser vestiſio duha tradución incorrecta dunha antiga forma de futuro castelán *venra ~ vendra* presente no modelo. Reforza a nosa convicción o feito de ser o único caso en toda a produción portuguesa en que a forma non é un infinitivo: “Sam Matheus disſe: E *ueyra* ainda iulgar hos uiuos e os mortos. Samtiago Alpheo disſe: Creo no ſpritu sancto. Sam Simon disſe: Creo na samcta ygreia catholica aiumentamento dos samctos” (TC, cap. I: 20 - Anónimo - 1489, *apud* CGPA).

nosso feyto. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E mando que sse meu filho. ou aquel. ou aqueles que meus hereos forẽ no Reyno de Portugal. ou que forẽ hereos do sobredicto don Affonso meu filho. quiserē ueir e embargar este feyto. e estas cousas que son conteudas ē esta Carta. que lhis nō seja outorgado. nē lhis uala ssa demanda; nen seu embargo. (DPChAiii, doc. 31 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E que esta mha doaçō. e esta mha Carta. e este meu feyto seiā mays firmes. e mais estauils pera todo sempre e nūca possa ueir ē duuyda; dou ende a uos dō Affonso meu filho. e da sobredicta Raÿa dōna Beatrix mha moller; esta mha carta aberta séélada do meu seelho. do Chūbo. a qual cōfirmo e reuoro cō mhas mãos propias. (DPChAiii, doc. 27 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

1278: E aquel. e aqueles que esta mha doaçō gardarē assi como e de suzo dicto; aia.e aiā a mha béezō. e a de deus padre poderoso.|| E sse pela uētura algúu ou alguus contra esta mha doaçō e contra este meu feyto. e contra esta mha carta ueyr quiser. ou quiserē. ou ēbargar. ou quebratar; en nēhūa maneyra nōno possa. nēno possam fazer. nē lhy seja estauil. (DPChAiii, doc. 27 - James Eanes scriuā d'elRey - Coimbra, *apud* CGPA)

Un dos catro exemplos restantes, o más antigo (1266), tamén garda relación co ámbito da chancelaría, pois o notario, Vicente Fernandiz, figura entre o grupo de notarios e tabelións dese círculo (cf. *supra*, no primeiro dos documentos de 1278):

1266: E se eu ou Alguñ de mha parte ou doutra contra este meu feyto quisesse ueir nō lly seja outorgado. e demays seja maldito e escumūgado. e cō Judas o trahedor nos enfernos cōdāpnado. (DGP 12-13, doc. 325 - Vicente Fernandiz - Coimbra, *apud* CGPA).

Só tres, que saibamos, son alleos ao ámbito da chancelaría real. Dous figuran nos Foros de Garvão (1272-1280) e o terceiro figura nun documento de Guimarães de cronoloxía máis avanzada (1290), posterior á morte do Boloñés († 1279):

1272-1280: Et se por A uentura quiserē uír A ioyzo. o segnor nō deue A iurar en a cruz mays pergontarēno en sua uerdade Et se uéere A Juyzo o Almocouuar coniurallo en a cruz se

prouas nō ouuerē. Et se y prouas ouuer da una parte ou da outra; ficar per las prouas e nō ueyrē Ao juramento. (FG, cap. 3 - Anónimo - Garvão, *apud* CGPA).

1272-1280: e se ouuerē prouas dereytas da una parte ou da outra ualerē; e nō ueyren A iuramēto da cruz. (FG, cap. 3 - Anónimo - Garvão, *apud* CGPA).

1290: e Mādo e outorgo que se alguē assi da mha parte Como da estrāya veyr quiser contra este meu feyto que lhy nō sega autorgado may quanto demādar tanto a uos en dublo componhā e a quē uossa uoz derdess peytihly quinhētos soldos e este meu feyto senpre sega valedoyro (DPNRL, doc. 26 - Johāne Steuāez plubico taballīo de Gi- marāess - Guimarães, *apud* CGPA).

Apréciase, como nos casos de Galiza, un contexto de uso preferentemente formulístico –xeralmente de carácter sancionador–, ben visíbel en moitos deles, e no eixo xeográfico é a zona centro-meridional de Portugal a máis representada: Coimbra (11 casos) e Lisboa (1 caso) como emprazamento habitual da corte rexia xa naquela altura, e Garvão (2 casos) como lugar de señorío da Orde de Santiago. Tamén nisto, como na súa cronoloxía e no foco de producción documental, é excepción o último exemplo (1290), que non ten carácter chanceleresco, non é centro-meridional –é de Guimarañs– nin comparte década cos outros documentos (1269-1280).

No referente á identidade dos notarios ou escribáns salienta por riba dos outros *scriptores* “James Eanes, scriuā d'ElRey”, responsábel de nove das quince ocorrencias, que por outra parte son todas do mesmo ano (1278) e lugar (Coimbra). Non podemos deternos na figura deste tabelión, merecedor dunha atención que non nos permiten prestarlle as lóxicas limitacións de espazo, mais no futuro volveremos sobre ela por diferentes motivos, entre eles o feito de tratarse do notario más relevante da chancelaría de Afonso III, o seu carácter eclesiástico e, por suposto, o feito de ser da súa pena case todos os casos de *veyr* no Portugal ducentista (Banza 1992: 13), o que fai del un candidato a participante, dalgún xeito, na tradución ou, talvez, nunha copia posterior –áinda ducentista– dela.

A interpretación cronolóxica conxunta –galego-portuguesa– dos usos escritos de *veyr* sitúa a tradución no último terzo do séc. XIII. Dentro del é a década de 1270 a que nos parece máis probábel, pois a ela corresponden case todos os

casos, de Galiza e de Portugal³². É pois, nesta década, onde cumpriría situar de preferencia a tradución do *Tristan en prose*, pois pola súa cronoloxía esta variante só pode ser atribuíbel á lingua do tradutor (portugués ou galego e do séc. XIII) e moi difficilmente á do copista galego, que debeu realizar o seu traballo nalgúnha das décadas da primeira metade do séc. XIV e que contaría co veýr de 1360 (Castro Caldelas) como único apoio textual trecentista.

Levadas ao extremo as precisións cronolóxicas, situémonos agora no plano da localización xeográfica da tradución, que leva implícita a cuestión da tradución única ou dupla. Como é obvio, a presenza de *veyr* en Galiza e en Portugal non fornece nada novo que permita avanzar no empeño en determinar en cal dos dous subterritorios se fixo a tradución do *Tristan en prose* e se foi froito dunha iniciativa única ou plural. Con todo, e co ánimo de ir alén dos límites dos saberes consolidados, pódese explorar o terreo de probas indiciais complementarias coas que intentarmos suplir o profundo baleiro que representa a non conservación da(s) primitiva(s)

tradución(s) ao romance occidental, nin da totalidade nin de fragmentos dela. Neste sentido pode resultar reveladora a ausencia deste arcáisimo nos testemuños textuais portugueses (pos) duocentistas da materia artúrica. Os dos sécs. XIII-XIV e XV coinciden en representar este infinitivo con vocalismo hiático: o fragmento de Santo Tirso da *Estoria do Santo Graal* (XIII-XIV) ten *uijr* (Ailenii 2012: 406), o fragmento do *Livro de Merlim* (XIV) ten *viir* (Lorenzo e Souto 2001: 169) e a *Demando do Santo Graal* (DSGp) (XV) ten *viir ~ viir ~ viir* (139 casos, Nunes 2005²). A *Estoria do Santo Graal* quiñentista (ESGp) presenta *vir* como forma única, con crase, produto da actualización sistemática da lingua do orixinal copiado (Miranda et alii 2016, Martins 2013). A unanimidade dos testemuños portugueses e a total discordancia de LT con eles é un potencial e mesmo importante argumento a favor da hipótese da existencia de dúas liñas tradutivas distintas –sobre todo se se pensa que ST non debería diferir moito do seu modelo por estar, en principio, moi próximo cronoloxicamente a el³³, se é que el mesmo non

³² Este arco cronolóxico (último terzo do séc. XIII) parece entrar en contradición cun argumento de natureza codicolólica esbozado por S. Ailenii (2012: 22-23, 329, 363; 2013: § 5 e 15) e despois recollido en Lorenzo Gradín e Pedro (2017: 9, n. 5). Con base nos estudos de Pickford (1960: 154-170) e Busby (1999), nos que se afirma que a práctica de dividir o discurso narrativo artúrico mediante rúbricas só comeza a documentarse en Francia a comezos do séc. XIV, Ailenii conclúe que a rubricación presente en LT e LM é un indicio, por un lado, da menor antigüidade destes dous testemuños (en contraposición a ST, que carece de rúbricas), e, por outro, de que as fontes francesas ás que remontan non deben ser anteriores aos inicios do Trescentos (cf. Parkes 1991). Certamente, non dispomos dunha análise exhaustiva de testemuños franceses catrocentistas do *Tristan en prose* e da *Suite du Merlin* con división capitular por rúbricas; porén, non convén descartar de momento a existencia doutros exemplares más antigos cunha disposición narrativa distinta á coñecida até agora. En calquera caso, achamos factíbel que a presenza de rúbricas no *Livro de Tristan* e no *Livro de Merlim* non ten por que asociarse necesariamente á fonte, e si ao proceso de tradución e/ou copia conformado no período de adaptación do *Pseudo-Boron* –polo menos unha parte del– en terras occidentais. De ser confirmado este suposto, podería considerarse como un indicio máis da múltipla e diversa acomodación do ciclo arturiano, tamén a nivel codicolóxico e discursivo, ao longo da segunda metade do séc. XIII, de modo que a primeira parte do ciclo (a tradución da *Estoire del Saint Grial*), a diferenza de LM e LT, non sería obxecto –polo menos nunha primeira fase– dunha compartimentación interna mediante o uso de escritura destaca ou decorativa. A rubricación presente en LT e LM debería entenderse, desta maneira, como parte do proceso occidental de acomodación e tradución do ciclo artúrico, caracterizado, en xeral, pola redución e reformulación sintética do texto das fontes (aspecto máis marcado no caso de LT), na procura dunha expresión máis económica, e tamén pola amplificación de certas pasaxes con vistas a ofrecer unha mellor intelección do contido orixinal (Ailenii 2012: 181-310, 2013: § 26-30, 2017). Así pois, a decisión de incluir rúbricas (alén das letras capitulares) podería estar motivada pola vontade de organizar os contidos dun xeito máis explícito e así ofrecer á audiencia un texto máis accesible. O certo é que esta operación, polo menos no caso da tradución do *Tristan*, non sorprende e mesmo sería esperábel tendo en conta a reorganización de certos capítulos ou pasaxes con respecto ao seu modelo francés con vistas á súa estruturación discursiva máis cabal, conformando os episodios cun contido completo (López Martínez-Morás e Pérez Barcala 2001: 124-136; cf. Soriano Robles 2006: 41-62). É lóxico pensar, por tanto, que a proxección dunha determinada disposición narrativa en LT supuxo non só a reorganización dos contidos de cada capítulo, mais tamén a identificación de cada un deles coa súa correspondente rúbrica. Cf. Gutiérrez Trápaga 2017, onde se estuda o entrelazamento e a división capitular do *Lanzarote del Lago* (BNE ms. 9611) en confronto coa fonte francesa máis próxima (BNF ms. fr. 751), que carece de rúbricas.

³³ Cf. Souto Cabo 2017a: 18, n. 9, quen alerta da presenza da forma *feyo* neste fragmento, o que colocaría, na súa opinión, algúns problemas para aceptar a cronoloxía proposta.

é un seu fragmento (Ailenii 2012: 107-137)–, e que este subagrupamento de testemuños poderíase corresponder tamén con dous bloques artúricos diferenciados, o da *Post-Vulgata* e o do *Tristan en prose*. Consideramos que se trata dun trazo lingüístico que sumar aos doutro teor achegados por Ailenii (2012, 2013) na defensa da necesidade de non desbotar a hipótese da existencia de máis dunha tradución. Na dita hipótese non é descartábel que as traducións, no caso de haber máis dunha liña, fosen feitas en territorios distintos, unha en Portugal e outra en Galiza. O interrogante de Ivo Castro (“[tradución do *Tristán*] galega ou portuguesa?”) é, desde que se enunciou, un convite aberto a buscar evidencias en que basear unha resposta concluínte que disolva a dúbida e pensamos que o singularismo lingüístico ao que nos estamos a referir pode axudar a orientar a resposta: se fose exclusivo dun dos dous territorios poderíase situar nel a realización da tradución e, indirectamente, cobraría forza a hipótese da tradución única; pola contra, como este arcaísmo está presente nos dous territorios son posíbeis os seguintes escenarios:

- a) a tradución foi única e realizada nun deles (Portugal ou Galiza);
- b) a tradución foi dupla e feita no mesmo territorio (Portugal ou Galiza);
- c) a tradución foi dupla e feita en cadanxeu territorio (Portugal e Galiza).

Ningunha das tres opcións é descartábel e o coñecemento preciso dos datos é un paso necesario para, en primeiro lugar, definir unha posición acerca da localización –xa vimos que

dual– do trazo no espazo galego-portugués e, en segundo lugar, para determinar a existencia dunha iniciativa de tradución única ou dupla. Sobre o primeiro falan de seu os datos do CGPA que presentamos anteriormente. Sobre o segundo non podemos facer outra cousa que constatar para a tradución do *Tristan en prose* a imposibilidade de chegar a conclusión ningunha contando exclusivamente cos usos de *veyr*. É terreo de incertezas e, polo tanto, non sería descartábel mesmo que a tradución se fixese en Galiza, aínda que para esta hipótese non nos podemos apoiar sen reparos na inexistencia de testemuños coñecidos do *Tristan en Portugal*³⁴, ao contrario do que acontece coa *Post-Vulgata*, da que se conservan catro.

É terreo de incertezas e, polo tanto, non é descartábel mesmo que a tradución se fixese en Galiza, apoianto a afirmación na inexistencia de testemuños do *Tristan en Portugal* cando da *Post-Vulgata* se conservan catro. Dun grao menor de incerteza é, porén, o terreo da tradución deste último ciclo, que ten en Afonso III e na súa corte, como posíbel promotor da iniciativa de tradución do ciclo artúrico en Portugal, e na súa chancelaría, como escritorio de realización material da empresa, unhas coordenadas espaciais e socioculturais más definidas.

A isto hai que sumar como presumíbel axente principal a figura de Joan Vivas como a man tradutora na que terían confluído as dúas dimensións anteriores: como é sabido, este fraude da Orde de Santiago, frequentador das cortes de Sancho II e Afonso III³⁵, automenciónase dúas veces na *Estoria do Santo Graal* galego-portuguesa³⁶ e unha vez na *Demanda del Santo*

³⁴ É evidente que a historia de Tristán si era coñecida en Portugal, polo menos, desde o último terzo do séc. XIII, como proba unha das cantigas de amor de D. Dinis (Sharrer 1988: 564, Gutiérrez García e Lorenzo Gradiño 2001: 72, 87, 250; Lorenzo Gradiño 2015: 125-126), o que significa que no mínimo o *Tristan* debía circular polo menos na súa versión francesa, do mesmo xeito que circulou, por exemplo, o *Lancelot* (Correia e Miranda 2011). Por outra parte, recentemente soubemos dunha nova mención occidental a un “Livro do conto de Tristom” presente no testamento dun tal Gonçalo Gonçalves, outorgado na vila farese de Loulé a comezos do séc. XV (Machado 2016: 22, doc. 1; BITAGAP manif 6724, Lorenzo Gradiño e Pedro 2017: 14).

³⁵ A identificación deste personaxe débese a Ivo Castro (1983), quen o rexistra a comezos da década dos 60 nun breve fragmento en romance integrado nun documento latino vinculado ao mosteiro de Chelas, no que João Vivas renuncia á demanda de renda sobre unha viña a favor do citado convento lisboeta (Martins 2001b: 343, nº 111; Souto Cabo 2008: 303, nº 318). Cf. *infra* § 4, n.º 79.

³⁶ (a) “E foi depois mui boa dona e mui samta cousa e foi molher de Çilidones, así como **João Bivas** vo lo devisará nesta estorea, e por esta ling[o]ajem a tirou de framxes e a treladou Ruber de Burbom de latim, em que a primeiro espreveo aquele irmitão a que Noso Señor mostrou” (ESGp, cap. LXXXVII, p. 230, *apud* CGPA). (b) “Mas á nosa estorea, que por a boca de Jhesu Cristo foi na terra enviada, nom metera em **Joam Vivas** um pomto de falsidade, e aqueles sam de gram ousadia que ousão de ajumtar memtira a tam alta estoria como esta verdadeira e samta estoria, que o verdadeiro croxofixo por a sua boca mamdou escrever e, por tamto, é mui gramde a bomdade dela” (ESGp, cap. LXX, p. 152, *apud* CGPA).

Grial castelá³⁷. As expectativas que abren os datos histórico-literarios de Portugal non teñen o seu equivalente no espazo galego coetáneo. Até o momento non foi formulada proposta concreta ningunha de fixación do territorio galego como foco de tradución da prosa arturiana no occidente peninsular e, a falta de máis evidencias, parécenos máis plausíbel manter as preferencias pola hipótese do territorio portugués: nel teríanse encomendado a(s) primitiva(s) tradución(s) –coetánea(s) ou non á actividade literaria de Joan Vivas– da(s) que LT sería copia trecentista feita por un copista galego.

A modo de resumo das pesquisas realizadas ao fio do infinitivo *veyr*, diremos que pouco ou nada logramos avanzar na determinación do carácter singular ou dual da tradución, que nos decantamos por non mudar as preferencias pola hipótese de Portugal como foco da súa realización e que, moi probabelmente, a tradución do *Tristan en prose* se fixo no terceiro cuartel do séc. XIII, por acaso na década de 1270.

3.1.2. A copia trecentista (*senllos*, *nume*)

A simple consideración de dúas voces presentes en LT, *senllos* e *nume*, coas súas variantes diacrónicas e diatópicas, permitiuños atinxir cotas considerábeis de precisión no establecemento das coordenadas espazo-temporais da copia occidental do *roman* francés.

A presenza en LT da variante con palatal lateral do cuantificador distributivo *senllos* e a ausencia da variante *seños* ten duplo valor –primiramente xeográfico e en segundo lugar cronolóxico– como factor de caracterización. Na obra aparece formando sintagma con *escudeyros* e en contexto de translineación (*sen-llos*)³⁸:

Depoys que sse Lançarote parti[u] de casa de seu ospede, nom andou muyto que achou dous caualeyros andantes que tragiam **senllos** escudeyros. (fol. 1rb.15-18)

A nivel de fixación dunha área xeográfica dentro do territorio galego-portugués e como

inequívoco indicador de que a copia trecentista foi realizada en territorio galego, esta forma ten a mesma importancia que outros fenómenos citados moito más asiduamente pola tradición filolóxica³⁹ e presentes en LT, tales como a ausencia das grafías <nh> e <lh>, a presenza do -o desinencial na P3 dos pretéritos de indicativo irregulares ou, engadimos áinda, a presenza da variante *fonda* (“Quando eles uiron lançarote non no conoçeron por que fezera el meter seu escudo em sua **fonda**”, fol. 1rb, l. 24), exclusiva de Galiza no espazo galego-portugués medieval (CGPA)⁴⁰.

Esta variante fonética *senllos*, con presenza maciza en terras galegas, carece de rexistros na producción escrita medieval portuguesa e constitúe un dos poucos trazos de diferenciación diatópica precisa entre as variedades galega e portuguesa. Ao ser moi probabelmente a tradución duocentista de factura portuguesa, é obrigado atribuír a presenza desta variante do distributivo en LT á intervención do copista galego na centuria seguinte. Ora ben, desde a firmeza que representan as coordenadas cronoxeográficas establecidas –trecentismo por consenso unánime da tradición crítica e galaicidade polo peso que como evidencia teñen *senllos* e os outros fenómenos concomitantes mencionados– é posíbel establecer ulteriores restricións nesa dupla contextualización contando cos datos proporcionados polo CGPA para a Galiza medieval.

A incorporación doutro dialectalismo galego antigo, *nume*, atribuíbel igualmente á lingua do copista trecentista galego, permitiuños facer importantes restricións xeográficas. En LT a forma romance derivada de *NÖMINE(M) non é *nome* senón sempre *nume*, con vocalismo tónico de pechazón máxima antietimolólica⁴¹:

Et anbolos caualeiros eram de casa de rey Artur e companeyros da Tauola Redonda, e o hūu auya **nume** Brandeliz e o outro Keya d'Estrauz, e eram ambos bóos caualeyros e ardidos. (fol. 1rb.18-22)

³⁷ “...mas quien esto quisiere bien saber trabajese de ver el libro de latin; aquel libro les fara llanamente enten-der e saber las grandes cosas del santo Grial; que nos deuimos allanar las poridades de sancta yglesia, ni yo Joannes Biuas, no vos dire ende mas de lo que vos el dize, ca so frayle, e no quiero mentir” (DSGc, cap. LII, p. 181, apud CORDE).

³⁸ Isto é indicativo, en certa medida, dunha escrituración consciente desta variante por parte do copista.

³⁹ Pensado 1962: 18-40, Castro 1998: 143-147, Lorenzo Gradín e Souto Cabo 2001: 29-55.

⁴⁰ Nos textos portugueses é *funda* a única variante rexistrada (CGPA).

⁴¹ Véxase ao respecto Mariño Paz 1994: 101-103, 2017a: 119.

*E o caualeyro da ponte, que auya **nume** Renoueis,*
disso (fol. 1vb.17-18)

—No **nume** de Deus! —disso o escudeyro—, ca
aynda oge sera ora que uos pesará muyto (fol.
2ra.30-32)

Con moi alto grao de probabilidade pódese dicir que se trata dun trazo fonético adiconado ao texto no momento da copia feita polo calígrafo galego e non dun caso de pervivencia de características lingüísticas do antígrafo. A presenza exclusiva e repetida desta variante atopa difícil xustificación no panorama dos textos portugueses medievais, nos que, segundo os datos do CGPA, non comparecen máis que tres exemplos, dous do séc. XIII e outro máis do XIV:

1273: e matarū uu porco que comerū e gallías e ceuada é outras cousas as quaes numeará esse procurador Sobre as quaes cousas damos a esse procurador que nu nossu **nume** e du moesteiro de Pedrusu fosse dauante us subreditus Dū Noino (?) é Gonsalu méndiz subrelas dauanditas roubas e forzas e malfeituras todas e cada ua delas cõtra esses caualeiros e cada ua delas possa fazér e defendér e refertár e pidir iusticia é entrega. (DPNRL, 9 - Vila Nova da Gaia, *apud* CGPA)

1280: Porque *Nostro Senhor Ihesu Cristo* é rey sobre todos os reys e os reys per el reynā e del leuā **nume** e quis e mandou guardar os dereytos dos reys. (*Foro Real*, I, 5, *apud* CGPA)

1313: eu conhosco que sóo ben pagado e ben entregado é bóos dinheiros contados das quaes cousas o dito Gil fferrandez en **nume** da dita

orraca machada pidiu a m~j Roy uicente publico tabelliō de Lixbōa. hūu testemōio e eu a seu rogo deyo A el scrito per mha mão e assináádo. (DPNRL, 150 - Lisboa, *apud* CGPA)

Aceptándomos que a existencia destes 3 casos de Portugal impide un grao absoluto de certeza sobre cal das dúas variantes en xogo figuraba no antígrafo de LT⁴², non supón asumir un gran risco defender a presenza nel da variante *nome* e atribuír *nume* ao copista galego pois, ademais de ser *nome* forma case exclusiva no conxunto da produción escrita portuguesa medieval, é a única que se rexistra nas outras copias portuguesas da prosa artúrica⁴³ dos sécs. XIV (LM *nome* 1), XV (DSGp *nome* 219, *nomes* 9) e XVI (ESGp *nome* 197, *nomes* 5), e é moi residual na lírica trobadoresca, froito do mesmo universo de producción literaria⁴⁴.

Fixado o territorio galego como foco de procedencia e vistas en conxunto as localizacións das atestacións medievais (vid. *infra* Mapa 1), os textos presentan *nume* como un trazo characteristicamente pontevedrés compartillado coas terras galegas centrais e setentrionais próximas ao río Miño. A forma *nume* non pode ser máis que meridional na metade occidental, pois as súas atestacións máis setentrionais sitúanse en Santiago (1287, 1342). Entre Santiago e as terras delimitadas ao norte polo Verdugo e ao sur polo Miño tamén se rexistran algúns casos (Caldas de Reis: 1419²; Pontevedra: 1287², 1298, 1299, 1316, 1317², 1460; Redondela: 1268, 1351, O Morrazo: 1317), aínda que é a antiga terra de Toroño ou bispado de Tui a que

⁴² Aínda que nos movemos exclusivamente dentro das coordenadas da variedade escrita da lingua e que, por tanto, baseemos a nosa argumentación únicamente nos materiais grafemáticos, é pertinente anotar, como atenuante da importancia dos rexistros portugueses medievais de *nume*, que no contexto inmediato de 2 dos 3 exemplos de atestación de *nume* (os de 1273 e 1280) son numerosos os casos de <u> por <o>, tanto en posición tónica (1273: *Subre*, *Pedrusu*; 1280: *Senhur*, *Subre*) como átona (1273: *matarū*, *comerū*, *nu*, *nossu*, *du*, *us*, *sobreditus*, *Dū*, *Gonçalu*, *subrelas*, *malfeituras*). Cómpre lembrar que nos textos do séc. XIII abundan os usos gráficos de <u> por <o> e de <i> por <e> (Maia 1986: 350-351, 375-381, 391-420). Cabe, pois, a posibilidade de que eses dous *nume* estean encubrindo unha variante oral [‘nome’].

⁴³ No fragmento de Santo Tirso da *Estoria do Santo Graal* non se rexistra este substantivo.

⁴⁴ Nos cancioneiros marianos só aparece *nome* e nos profanos *nume* limitase a 4 rexistros —sobre un total de 21— en 3 cantigas, transmitidas por B e/ou V, dos ciclos dos trobadore galegos Fernan Paez de Tamallancos (2) e Martin Anes Marinho (1) e do ciclo do trobador portugués Gil Perez Conde (1) (GLOSSA, s.v. *nome*). A detección destes casos só nos foi posíbel accedendo ao texto das cantigas a través de GLOSSA, pois en todas as outras edicións é *nome* a forma editada nos catro contextos. A cronoloxía e procedencia xeográfica destes trobadore son compatíbeis coas coordenadas espazo-temporais de uso de *nume* observadas no período medieval ao norte e ao sur do Miño (ver *infra*). A produción de Fernan Perez e Martin Anes sitúase na primeira metade do século XIII e en terras galegas de Búbal e de Noia-Santiago; a de Gil Perez é da segunda metade do XIII e a residencia e procedencia dos seus familiares son indicios que permiten situalo na parte setentrional de Portugal, do que el mesmo declara ser orixinario nunha súa cantiga.


fornece a maior parte dos *nume* medievais: To-roño (1307), O Fragoso (1315², 1322), O Val-miñor (1325), Baiona (1288, 1289, 1290², 1293, 1296, 1307, 1332⁶, 1342², 1351), Oia (1349), A Guarda (1287³, 1293, 1310, 1393), Tomiño (1264, 1295, 1296², 1299⁶, 1302³, 1307, 1310², 1315, 1317, 1329), Tui (1289⁴, 1291, 1329, 1367², 1368², 1369²), Salvaterra (1325) e A Louriña (1316, 1325, 1335).

Na metade oriental de Galiza esta variante tamén ten carácter marcadamente meridional, ainda que os rexistros más setentrionais superpasan polo norte o nacemento do río Miño e se sitúan en terras mindonienses de Lugo e mesmo asturianas (Os Oscos). A atestación máis setentrional é de Lourenzá (1267) e son as terras da Ulloa (Palas de Rei: 1414), de Asma (Chantada: 1278²) e de Lemos (Lemos: 1309, 1345) as outras áreas luguesas representadas no levantamento realizado. En terras ourensás tamén son escasos os rexistros e concétranse sobranceiramente nas bisbarras lindeiras con Pontevedra

pertencentes antigamente á diocese de Tui ou próximas a elas: Melón (1347), Ribadavia (1337, 1405) e Xunqueira de Ambía (1285).

A cronoloxía das atestacións mindonienses é indicativa de que a forma *nume* non franqueou nelas a fronteira do séc. XIII, pois o último e único rexistro é de 1267. É tamén indicativa indirectamente das escasas probabilidades de que fose esa a zona na que se realizou a copia trecentista; de ser así sería *nome* a forma esperábel por ser a que, con maior grao de probabilidade, figuraba no antígrafo portugués e por ser a única forma presente na documentación trecentista da zona. Por tanto podemos desbotar a zona mindoniense. Porén fica ainda un amplio territorio que ten Santiago como límite ao norte na súa parte occidental e Vilar de Donas (Palas de Rei) como límite setentrional na súa parte oriental.

No territorio resultante da exclusión da área mindoniense existían na Idade Media e en particular no séc. XIV notábeis diferenzas no nivel



Mapa 1. Rexistros de *nume* na lingua escrita da Galiza medieval


de implantación de *nume* dunhas zonas a outras. Para abreviar pódese dicir que a única zona das mencionadas en que esta variante era dominante era a franxa pontevedresa meridional, a da terra de Toroño. Nas outras, moito menos compactas na súa configuración, *nume* era unha forma acusadamente residual. Nesta situación parécenos razoábel supor que, dentro deste vasto territorio, foi a zona de dominancia de *nume* a única na que se daban as condicións para que, ao se facer a copia trecentista de LT, o copista escollese *nume*, como forma imperante nos usos lingüísticos da zona na altura, e que substituíse sistematicamente e sen excepción os supostos *nome* do antígrafo portugués polos *nume* característicos da variedade dialectal toroñesa. É esta a mesma praxe de adaptación lingüística de modelos previos –quer con finalide tradutiva, quer con finalidade de copia– que se observa no primitivo conxunto cronístico que transmite principalmente as traducións da *Estoria de España* e da *Crónica de Castilla* (a impropriamente coñecida como *Crónica xeral galega*; BNE ms. 8817), realizada tamén en terras de Toroño. Nessa obra, 245 dos 246 rexistros deste substantivo

presentan a variante *nume* e o caso excepcional aparece nos tres folios correspondentes á interpolación do *Liber regum* (89v-90v), uns folios para os que non se descarta a intervención dunha man tradutora distinta, aínda que tamén tudense, pois neles, xuntamente co caso de *nome*, comparecen cinco casos de *nume*⁴⁵ (cf. *infra* § 4). Coa mesma lóxica, mais en sentido contrario na escolla, nunha copia máis tardía da citada tradución da *Estoria de España* (ca. 1390-1430, BUS ms. 2497), o copista substitúe sistematicamente por *nome* os *nume* do seu antígrafo (Lorenzo 1975-77: II, 910, Álvarez Blanco e Xove Ferreiro 1998: 51).

A fixación cun grao razoábel de probabilidade destas coordenadas xeográficas precisas para a procedencia da copia galega de LT –tudense ou toroñesa– conforma un escenario más propicio para retomar as coordenadas temporais da copia coa vontade de delimitar unha cronoloxía o máis precisa posible que contribúa a disipar as dúbidas que orixina a falta de consenso entre os especialistas sobre este particular, patente na bibliografía especializada.

Senlos / Seños

- Século XIII
- △ Século XIV
- Século XV
- ◇ Século XVI




FRANXA SETENTRIONAL ORIENTAL		
	Senlos	Seños
1258	Guntín (2)	
1267		Lourenzá
1274		Viveiro
1298	Mondoñedo	
1319		Pantón
1321		Mondoñedo (5)
1326		Mondoñedo
1344		Mondoñedo
1355		Pantón
1378	Mondoñedo	
1383		Mondoñedo
1403		Mondoñedo (2)
1404		Mondoñedo
1413	Pantón	
1414	Lugo (5)	
1421		Viveiro (3)
1424		Viveiro

FRANXA SETENTRIONAL OCIDENTAL		
	Senlos	Seños
1257	Betanzos (2)	
1296	Monfero	
1303	Monfero	
1335	Santiago	
1343	Santiago	
1348	Santiago (6)	
1354	Monfero	
1364	Monfero	
1375	Santiago (4)	
1380	Santiago	
1387	Santiago (2)	
1390	Santiago (2)	
1392	Val do Dubra (2)	
1395	Santiago (10)	
1399	A Coruña	
1350-1425	Santiago (3)	
1380-1440	Santiago (7)	
1537	Santiago	

Mapa 2. Distribución de *senlos / seños* na lingua escrita da metade setentrional da Galiza medieval

⁴⁵ Albergamos serias dúbidas sobre a interpretación desta forma *nome* (fol. 90v, l. 25), pois na súa materialidade paleográfica é un “nōm”, abreviado con trazo, que talvez non remita a un “nome” senón a unha variante abreviativa latinizante (“nomine”).

Mapa 3. Distribución de *senlos* / *seños* na lingua escrita da metade meridional da Galiza medieval

As atestacións occidentais de *nume*, como vimos, teñen un gran valor diatópico (Álvarez Blanco e Xove Ferreiro 1998: 51), mais non permiten avanzar na misión de establecer precisións cronolóxicas medievais nin mesmo posmedievais, pois de Santiago á Guarda hai atestacións durante toda a Idade Media (a máis temperá é de 1264, en Tomiño, e a máis serodía é de 1460, en Pontevedra, incluíndo aquí tamén as tres ocorrencias de *nume(s)* do *Tratado de Alveitaria*, copiado ou traducido en terras tudenses nas dúas primeiras décadas do séc. XV), e estes rexistros teñen evidente continuidade até polo menos a segunda metade do XVIII nos once casos de *nume(s)* do *Coloquio de Sarmiento* (1746-1770). Limitando a atención estritamente á faixa pontevedresa máis meridional coa intención de establecer o límite cronolóxico a partir do cal deixá de usarse nela a forma *nume*, non só non se pode encurtar o arco temporal a unhas determinadas décadas no interior do séc. XIV senón mesmo ao propio século, pois aínda que na prosa instrumental os últimos rexistros non sobordan esta centuria –os últimos comparecen en textos de 1351 (Baiona), 1369 (Tui) e 1393 (A Guarda)–, os exemplos mencionados do *Tratado de Alveitaria* sitúan esta variante

plenamente no séc. XV. Impone logo buscar no texto outras evidencias lingüísticas tudenses que permitan avanzar máis nas restricións cronolóxicas.

Na procura doutro trazo lingüístico –distinto de *nume*– de atribución inequívoca ao copista galego e non ao tradutor portugués, non achamos ningún a maiores dos dous xa mencionados, polo que tivemos que voltar novamente ao distributivo *senlos* e aproveitar del o que ten de valor no eixo cronolóxico. Faremos primeiramente unha aproximación á súa implantación no conxunto das terras galegas medievais e despois presentaremos a casuística e historial dos seus usos medievais específicamente na faixa pontevedresa máis meridional. Nel baseamos, xuntamente con *nume*, a nosa proposta (no plano lingüístico) de cronoloxía temperá de LT no marco da primeira metade do séc. XIV.

Este distributivo presentaba na Galiza bai-xomedieval unha situación de covariación entre a variante primitiva, con mantemento da lateralidade na consoante palatal (*senlos*), e unha variante innovadora resultante da asimilación regresiva entre as consoantes nasal e lateral, seguida da crase das consoantes nasais ([‘senłos]

>[‘señhos’] >[‘seños’]⁴⁶. Aínda que había zonas do territorio galego nas que convivían as dúas variantes –durante todo o período medieval ou só nunha parte del– pódese dicir que unha e outra asentaban en territorios (case) privativos que, proxectados sobre o mapa, ofrecen sobre el unha imaxe de reparto dialectal prototípico. Se contemplamos os mapas 2 (Galiza setentrional) e 3 (Galiza meridional) compróbase que a forma de maior extensión era a variante menos evolucionada (*senllos*), ausente só nunha boa parte da actual provincia de Ourense –nela estaba presente só no seu cadrante noroccidental lindeiro ou próximo ás terras interiores de Pontevedra–. Evidénciase tamén unha maior implantación da forma más evolucionada (*seños*) na metade meridional, na que era characteristicamente ourensá e pontevedresa meridional, así como o seu carácter marxinal e eminentemente nororiental na metade setentrional.

Este distributivo presentaba na franxa pontevedresa más meridional a variación *senllos*~*seños* na época medieval. A escaseza de rexistros impide chegar a conclusións firmes sobre se esa variación estaba presente xa no séc. XIII ou se xurdiu no séc. XIV. Vexamos os datos que nos ofrecen os textos incluídos no CGPA.

Nos textos do séc. XIII só aparece a variante *senllos*: *senlos casaes* (1267, Vilasobroso) e *fellas terzaf* (1271, A Guarda). Disto non se desprende necesariamente a inexistencia da outra variante, que se rexistra xa a comezos do séc. XIV na prosa histórica e que, por tanto, tiña que ter plena vixencia anteriormente para poder pasar da oralidade á escrita.

No XIV ten continuidade a forma *senllos* e fai a súa aparición *seños*. Da primeira temos dous rexistros na prosa instrumental: *senllas capas de burel* (1325, A Louríña) e *sstenllos mars.* (1347, Pontevedra). Deste mesmo tipo de prosa ofrece o CGPA dous exemplos da outra variante: *sstenos moravedis* (1342, Baiona) e *sennos estrumentos* (1344, Baiona). Esta dualidade variacional obsérvase de modo privilexiado no citado conxunto crónistico (pos)afonsino, composto nestas mesmas terras a comezos do XIV (ca. 1300-12). A variante con consoante lateral comparece tres veces nesta compilación

historiográfica: *senllas mididas de pam* (cap. 4), *senllas quedellas* (cap. 450) e *senllas cruze* (cap. 610). A variante sen consoante lateral figura noutras tantas ocasións: *senas mididas* (cap. 4), *senas lançadas* (cap. 434) e *senos madeyros* (cap. 546)⁴⁷.

Antes de pasar á casuística do séc. XV cómpre voltar sobre a atestación de carácter notarial de 1347 (Pontevedra). Trátase do testamento feito en Pontevedra por María Paez ante un notario con xurisdicción en Pontevedra mais orixinario de Baiona: “E eu affons eans de Bayona notario de Ponte uedra jurado desta notaria...” (GHCD, doc. 65, p. 282, *apud* CGPA). Non temos clara a resposta que haxa que dar á pregunta de se a presenza da variante *sstenllos* é atribuíbel á variedade diatópica do lugar de redacción do documento, á do lugar de orixe do notario interveniente ou a ambas conxuntamente por estas coincidiren. É un paso difícil por tratarse de dúas zonas nas que esa variante tivo asentamento e o máis cómodo sería non adoptar unha posición e, por tanto, excluir o exemplo do fío argumental neutralizándoo. Con todo, e visto que contamos con dous rexistros de Baiona dessa mesma década (1342 e 1344) e que os dous, sendo anteriores ao de Pontevedra, conteñen a variante discordante da de Pontevedra (con consoante non lateral: *sstenos* e *sennos*), consideramos preferíbel a atribución da selección da variante ao dialecto de Pontevedra e non ao de Baiona. Acertarmos na decisión significa a apertura dun panorama no que o último rexistro escrito trecentista de *senllos* nesta zona data de 1325 e que esa data cobra valor como posíbel referencia de balizamentos cronolóxicos.

No séc. XV a forma *seños* é case exclusiva e está presente en todo o seu percurso. Das dúas primeiras décadas é o *seños paaos* do *Tratado de Alveitaria*, copiado moi probabelmente en Baiona (1409-1420, Pérez Barcala 2013). Todos os demais rexistros do distributivo son de Tui e cobren un amplio abano temporal que vai de 1436 a 1490:

- 1436-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)
- 1438-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)
- 1438-Tui: sennos instrumentos (Lourenço Rodriguez)
- 1447-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)
- 1447-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)

⁴⁷ A distribución dos seis exemplos no códice facticio é aleatoria, pois comparecen as dúas variantes tanto na *Estoria de España* (cap. 4), como na *Crónica de Castela* (caps. 450 e 434) e tamén nunha das interpolacións (a da *Crónica de San Fernando*, caps. 610 e 546).

- 1449-Tui: seños estrome(n)tos (Lourenço Rodriguez)
 1449-Tui: sennos aforamentos (Lourenço Rodriguez)
 1450-Tui: seños estromentos (Vasco Prado)
 1453-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)
 1453-Tui: sennos estrumentos (Vasco Pardo)
 1453-Tui: sennos intrumentos (Lourenço Rodriguez)
 1453-Tui: sennos estrumentos (Lourenço Rodriguez)
1453-Tui: senllos jnstromentos (Lourenço Rodriguez)
 1455-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)
 1455-Tui: sennos instrumentos (Lourenço Rodriguez)
 1456-Tui: seños estromentos (Lourenço Rodriguez)
 1456-Tui: sennos estromentos (Lourenço Rodriguez)
 1483-Tui: sennas cartas (Afonso Eanes)
 1483-Tui: sennos estromentos (Afonso Eanes)
 1487-Tui: sennos instrumentos (Afonso Eanes)
 1488-Tui: sennos instrumentos (Afonso Eanes)
 1490-Tui: sennos instrumentos (Afonso Eanes)

Entre todos eles, o único caso de *senllos* comparece na ampla serie documental do notario Lourenço Rodriguez, na que fronte a el hai 14 casos de *seños*. Os outros notarios representados no exemplario, Vasco Prado na metade do século e Afonso Eanes nas dúas últimas décadas, só transmiten a variante *seños*. Na lingua escrita do séc. XV, xa que logo, impuxérase en terras tudenses a variante innovadora e só excepcionalmente e como consecuencia dun presumible traslado inconsciente á escrita de hábitos –por acaso minoritarios– da oralidade podía filtrarse na documentación a forma con consonantismo palatal lateral.

O balance panmedieval da selección de variantes deste pronome distributivo na zona tudense, necesariamente referido á lingua escrita, presenta dous períodos ben diferenciados. No primeiro, que vai das orixes da escrita románica até finais do primeiro cuartel/terzo do séc. XIV, predomina *senllos*, cos únicos tres casos de *seños* do conxunto cronístico de comezos do Trescentos. No segundo período, que vai de 1325 até finais da Idade Media, desaparece case completamente *senllos*, do que non hai constancia máis que no caso citado de 1453 da escritoría do notario tudense Lourenço Rodriguez. Estas foron as dúas tendencias sucesivamente dominantes na escrita tudense e á luz do balizamento temporal entre elas pódense facer inferencias acerca da cronoloxía particular de obras ou documentos de datación escura e/ou discutida producidos nesas terras.

Trasladando este esquema inferencial a LT, pódese dicir que se a súa copia tivese lugar no segundo dos períodos mencionados debería presentar a variante *seños*, en correspondencia lóxica cos 25 casos da prosa instrumental posteriores a 1325 e o caso mencionado do *Tratado*

de *Alveitaria*, pois fronte a eles non hai máis que a citada excepción do *senllos* de 1453. En contrapartida pódese dicir que como a única forma que aparece en LT é *senllos*, haberá que situar de preferencia a copia desta obra no primeiro dos períodos citados e, en consecuencia, propor para ela unha cronoloxía acaroadada a 1325 no seu límite cronolóxico superior ou, no caso de atribuírlle xustificación tudense ao *ssenllos* do documento pontevedrés de 1347 –por ser orixinario de Baiona o notario interveniente–, postular unha cronoloxía alternativa con 1350 como data en torno á cal situar o termo *ante quem*. É dicir, un arco temporal trecentista acoutado na súa versión máis laxa á primeira metade do século e, na súa versión máis restritiva, ao primeiro cuartel da citada centuria. A el remítimos e nel situamos, en suma, a copia galega do *Livro de Tristam*. Como veremos deseguido, a análise escriptolóxica (§ 3.2) lévanos ás mesmas conclusóns.

En resumo, as exploracións lingüísticas realizadas na esfera das coordenadas espazo-temporais conducíronos a identificar, e por tanto propor e defender, o asentamento territorial da copia trecentista de LT en terras de Toroño (banda meridional da actual provincia de Pontevedra). Na dimensión cronolóxica tiramos conclusóns significativas tanto sobre a tradución duocentista como sobre a copia trecentista feita por un amanuense galego. A tradución encaixa no terceiro cuartel do séc. XIII (con preferencia na década dos 70) e á copia trecentista acáelle fundamentadamente a primeira metade do séc. XIV, con alta probabilidade de que fose feita no primeiro terzo do século.

3.2. Indicios paleográficos e grafemáticos

Na tradición de estudo de LT o establecemento das propostas de cronoloxía fixose a partir da materialidade paleográfica do manuscrito. É por esa razón pola que quixemos voltar sobre estoutro plano de traballo –a miúdo subestimado–, ampliando e enfocando así a valiosa abordaxe desenvolvida por S. Ailenii (2012, 2013). A revisión dos traballos que se ocuparon deste aspecto antes de 2012 é necesariamente breve, toda vez que as razóns paleográficas aducidas en todos eles se reducen laconicamente á consideración da “semejanza con otros textos contemporáneos” (Pensado 1962: 12) con respecto á letra do manuscrito. Para I. Castro esta hipótese, que supuña a fixación da copia no último terzo do séc. XIV, resultaba “inteiramente verosímil

do punto de vista paleográfico” (1998: 136). Pese a que estes dous asertos, tan categóricos como exiguos na súa argumentación, non implicaron un acto de continuidade acrítica no caso do estudio paleográfico de Ailenii (2012, 2013), na súa investigación conclúese, áinda que con certas reservas⁴⁸, que LT participa das “tendencias comuns ao novo tipo de cursiva redonda desenvolvido no campo documental em Castela ou Leão no século XIV” (2012: 66). Pola súa parte, na más recente achega monográfica sobre LT (Lorenzo Gradín e Pedro 2017) non se fai ningunha consideración ao respecto, pois o seu obxectivo é basicamente editorial. Pola nosa parte, non sendo posíbel aquí presentar unha exposición paleográfica e codicolóxica exhaustiva, non por iso queremos deixar de chamar a atención sobre certos aspectos escriptolóxicos que permiten reconsiderar e matizar a análise de Ailenii (2012, 2013) e que, con certeza, contradín abertamente as parcas consideracións vertidas nos traballo s anteriores. De feito, xa podemos adiantar que a realidade paleográfica dos textos (librarios ou documentais) producidos no espazo galego-portugués de finais do séc. XIV ten pouco que ver co que achamos no fragmento do *Livro de Tristam*. A constatación deste feito e o exame atento do fragmento redescuberto púxonos en alerta a respecto da súa suposta “verosímil semellanza” con respecto á producción da segunda metade do Trescentos. Así pois, nas páxinas seguintes faremos unha incursión escriptolóxica en LT e un confronto deste texto coa prosa instrumental contemporánea co obxectivo de demostrar, tamén nos planos paleográfico e grafemático, a necesidade de reintegrar a copia do *Livro de Tristam* na mesma franxa temporal na que presumiblemente se xestaron os outros dous testemuños conservados do ciclo arturiano nas letras occidentais.

3.2.1. Tipoloxía e modalidade escriturarias

Do punto de vista paleográfico, convén primeiramente indentificarmos a tipoloxía e modalidade escriturarias usadas en LT e verificarmos cales son os seus trazos distintivos. De partida, é evidente que nos encontramos, como xa

indicaba Ailenii (2012), ante o uso dunha modalidade documental (non libraria) para a escritura de códices (neste caso literarios). Este primeiro aspecto é fundamental á hora de analizarmos o tipo de letra empregado, pois é nesta modalidade (diplomática) onde se asiste de maneira menos condicionada á progresiva currentización e redondeamento das góticas cursivas ao longo do Trescentos. En segundo lugar, é tamén innegábel que nos encontramos ante unha gótica cursiva (non textual). A partir de aquí, cómpre identificar o (sub)tipo de gótica cursiva non libraria que se usou para esta copia. De acordo con Pensado (1962: 12), “la letra, según nuestras observaciones, puede centrarse mejor hacia el último tercio del siglo XIV”; porén, a inmensa maioría das características pictográficas identificábeis en LT remite a unha tipoloxía gótica cursiva non redonda, que pouco ten que ver coa tipoloxía de transición coñecida tradicionalmente como “precortesá”, desenvolvida entre o último terzo do séc. XIV e comezos do XV, e menos áinda coa forma tipicamente redonda da gótica “cortesá”, consolidada xa na primeira metade do XV. Polo contrario, o que encontramos é, áinda, unha subtipoloxía da gótica cursiva fracturada, coñecida impropriamente como “letra de albarás”, característica dos textos documentais da segunda metade do XIII e que se mantén durante a primeira metade do XIV. A constatación deste feito condúcenos, da mesma maneira que no plano lingüístico, a opor serias reservas á consideración de o fragmento galego ser unha copia da segunda metade do XIV, e, con certeza, permite descartar o arco temporal do último terzo do Trescentos fixado tradicionalmente como período de confección de LT. Nas páxinas seguintes discutiremos algúns aspectos escriptolóxicos que permiten non só desbotar aquela datación tradicional, mais tamén limitar na medida do posíbel o arco cronológico con anterioridade ao ecuador do século.

Como se pode observar nos exemplos compilados máis abaixo, o trazado das letras en LT áinda participa da tendencia despezada e angulosa “tipicamente” gótica da cursiva fracturada⁴⁹, se ben o grao de execución é bastante rápido e o

⁴⁸ Reservas manifestadas –en comunicación persoal– tanto en etapa predoutoral como posteriormente á defensa da súa tese de doutoramento (2012). A autora non pudo acceder a tempo ao orixinal redescuberto ou a unha reproducción en cores, polo que, como ela mesma recoñece no seu traballo, a pesar de realizar o estudio paleográfico, as conclusóns ás que chegou sobre a cronoloxía de LT non podían ser máis que provisorias.

⁴⁹ Canto á terminoloxía paleográfica, seguimos fundamentalmente a acomodación crítica ao ámbito ibérico que fai Sanz Fuentes (1991, 2010) do esquema formulado por Liefink (1948, 1954, 1964).

ductus un tanto descoidado e irregular, pois non se trata dunha escritura formada ou caligráfica, senón dunha modalidade usual ou corrente (por veces tamén notular). Voltaremos despois sobre isto, mais cómpre lembrarmos antes que a maior rapidez coa que se executa o *ductus* e as súas consecuencias no trazado da letra e das ligaduras non son necesariamente indicativas dunha tipoloxía escrituraria máis avanzada no tempo. Como é ben sabido, por exemplo, no campo das góticas cursivas, podemos encontrar tipoloxías fracturadas ou redondas con menor ou maior celeridade no *ductus*, e de aí a consideración de “usual” (ou “común”), “corrente” ou “notular”, por contraste coas modalidades más “formadas” ou caligráficas. De feito, pensamos que isto foi precisamente o que debeu confundir os especialistas que, cunha argumentación más ou menos sucinta ou exhaustiva⁵⁰, asociaron erroneamente o trazado rápido e irregular da letra de LT coas tipoloxías cursivas redondas que se van consolidando ao longo da segunda metade do Trescentos. Ben é certo que a cursiva fracturada de LT participa do progresivo desenvolvimento do trazado curvado ou redondeado (por exemplo, as figuras globulares sigmáticas, das que faremos máis adiante) que desde as últimas décadas do séc. XIV definirán as tipoloxías (pre)cortesás; porén, tamén é certo que esta paulatina transición cara ao trazado máis redondo xa é patente nas góticas cursivas e textuais, mesmo nas modalidades más formais, desde finais do XIII. Pola súa parte, o grao de ligamento e de trazado envolvente das hastas en LT está aínda

lonxe do trazado filiforme continuo e envolvente que atinxen na escritura (pre)cortesá a finais do Trescentos, pois aínda continúa patente o despezamento das letras, e o grao de ligadura entre formas alfabeticas é moderado, con tendencia, tamén mesurada, ao desenvolvemento de ollos e bucles nas hastas; estas últimas, especialmente no caso do <f>, adoitan prolongarse cara á zona inferior da caixa da liña e con tendencia á duplicación. Precisamente, esta última característica tense asociado tamén coa tipoloxía cursiva redonda (pre)cortesá⁵¹, cando é un trazo ben característico das cursivas fracturadas, tanto no caso da duplicación vertical das hastas (do <f> e do <F> principalmente), da súa prolongación infraflinear⁵² ou da presenza nelas de ganchos levoxiros no seu remate inferior (véxase, por exemplo, a Fig. 4).

A variante cursiva usual ou común empregada no *Livro de Tristam* pode estar asociada a varios factores, máis alá do feito de que se trate dunha copia (e non dun orixinal) e que, por tanto, sexa até certo punto esperábel o uso dunha modalidade non textual ou non caligráfica. Por unha parte, pode ter que ver coa formación escrituraria do copista, cuxa actividade habitual neste caso non debía de exceder o labor diplomático como notario e/ou escribán local cunha escasa ou nula competencia en “letra formada”⁵³. Isto non implica necesariamente que o copista en cuestión non soubese escribir nunha modalidade máis caligráfica, mais talvez non coa suficiente soltura como para executala con certa regularidade nun códice literario

⁵⁰ Véxase, por exemplo, o demorado estudo de Ailenii (2012), en que se afirma, sempre con reservas, que “a escrita do manuscrito AHNM, Códices. Leg. Carp. 1501 B, n.º 7 apresenta a particularidade de uma forma redonda mais acentuada e contínua, resultante da execução com uma maior velocidade de *ductus*. Também se notam as excessivas ligaduras e o traço vertical da base do s longo em curva inclinada à esquerda. Não tendo, todavia, a possibilidade de observar empiricamente o material paleográfico, limitámo-nos a supor, com reservas, que se poderia tratar de tendências comuns ao novo tipo de cursiva redonda desenvolvido no campo documental em Castela e Leão no século XIV” (2012: 66).

⁵¹ Nos traballos de S. Ailenii (2012, 2013) establecécese, con acerto, unha clara distinción a nivel paleográfico entre o *Livro de Tristam* e o *Livro de Merlin*, aínda que isto se asocia con dous períodos cronolóxicos más distanciados do que realmente están. LM é un claro representante da cursiva fracturada de orixe documental na súa modalidade *formata* ou caligráfica, en tanto que LT, como xa dixemos, reflicte unha modalidade usual ou *currens* dun período non moi posterior á confección de LM.

⁵² Partillamos con S. Ailenii (2012, 2013) a conveniencia de denominar “longos” este tipo de <s>, e non “altos”, como é habitual, de acordo co seu maior desenvolvemento cara á zona inferior da caixa de liña.

⁵³ A expresión “letra formada” ou similar é corrente en época medieval para referirse ao uso más textual ou caligráfico nun determinado texto onde se require un maior grao de solemnidade ou formalidade. Por exemplo, no manuscrito que transmite as Ordenanzas da Confraría dos Cambeadores (ARG, Col. Vaamonde Lores, c. 7), iniciado no último terzo do séc. XIV, lemos o seguinte: “Enton os ditos vigarios e confrades accordaron e mandaron a Sancho Fernandes, scripuam da letera formada, por quanto enno liuro que auia a dita Confraría era pequeno e tal que se non podía en el scripuir algúns cousas...” (fol. 1r.5-8, transcripción propia).

extenso⁵⁴. Por outra parte, parece claro que, en xeral, a factura da letra en LT tende a ser irregular e descoidada, seguramente pola celeridade coa que se executou a copia e talvez tamén por impericia do calígrafo. De aí a presenza de certos elementos adscribíbeis a unha modalidade máis *currens* ou notular (como o trazado irregular das cedillas ou algunhas ligaduras; cf. *infra*), que, no entanto, contrastan con outros poucos trazos de natureza máis caligráfica (como o uso do <d> uncial ou o do <f> longo en posición final de palabra) que talvez poderían reflectir un intento máis ou menos consciente de emular unha tipoloxía escrituraria máis *formata*⁵⁵.

En calquera caso, é evidente que os artífices de LT non eran copistas avezados na confección de códices literarios, pois, aínda que evidencian unha clara vontade estética, o resultado é imperfecto. Con certeza, o comitente de LT non pretendía encargar unha copia simple ou prosaica do *Tristan*, senón atesourar, dentro das súas posibilidades, un códice máis refinado e próximo ao exemplar orixinal, e por iso concibiu a copia a dúas columnas, co uso da tinta vermella,

a presenza de rúbricas e letras capitulares decoradas. Porén, a impericia e a rapidez ou levidade coas que se abordaría a confección material da copia contribuíron a un resultado perfectíbel, polo menos da mostra que hoxe conservamos⁵⁶. Proba disto é, por exemplo, a descoidada execución das letras capitulares e dos adornos afiligranados asociados a elas (Fig. 3), que parecen reflectir un limitado talento artístico, ou a significativa irregularidade no número de liñas en cada columna (véxase, por exemplo, o fol. 2v: 34 liñas na primeira columna e 38 na segunda). Isto último é esperábel tendo en conta a planificación pouco esmerada coa que se proxectou a *mise en page*, cunha caixa de escritura pouco definida mediante un esquema de pautado simple (só se consignaron as catro liñas mestras que conforman a caixa de xustificación máis o intercolumnio), executado a punta seca e probablemente trazado por incisión indirecta (varios pregos á vez).

Voltando á análise paleográfica, no que toca ás unidades gráficas individuais (Fig. 4), hai moitas concomitancias coa tipoloxía cursiva




Figura 3. Letras capitulares e adornos afiligranados en LT

⁵⁴ Compárese, por exemplo, a fracturada non textual caligráfica usada no *Livro de Merlim*, posibelmente executada no marco do escitorio rexio de D. Dinis, talvez nos primeiros anos do Trescentos.

⁵⁵ No caso de LT ser unha copia directa da tradución duocentista do *Tristan en prose* (cf. *infra* § 4, n. 99), o seu redactor podería tentar imitar parcialmente os usos pictográficos presentes no seu modelo, presumiblemente de tendencia caligráfica ou textual.

⁵⁶ Aínda que supón adenetrarse no terreo da especulación difícilmente verificábel, non pode descartarse a posibilidade de o fragmento sobrevivente ser en realidade unha mostra dunha sección do manuscrito no que terían intervindo, con maior ou menor competencia caligráfica e artística, varias mans e/ou varios estilos.

fracturada á que nos acabamos de referir: a cedilla (<ç>) con trazado –áinda que irregular– de resonancia visigótica, o <e> con trazo medial ascendente en fuga, a significativa ausencia do <j> de trazado alto, o <l> simple ou duplo con hasta descendente maioritaria e frecuentemente con gancho inferior levoxiro, o <v> sen prolongación esquerda da hasta, a presenza da forma xenuína do <z> (con forma de 3) á par do <z> copetudo, o uso moderado do <z> presigmático e a neutralización non sistemática das variantes (pre)sigmáticas do <s> e do <z> en posición final.

Todas estas características aproximan notablemente a escritura de LT ás modalidades máis cursivas (menos caligráficas) da denominada “letra de albarás” usada na documentación nas últimas décadas do XIII e durante a primeira metade do séc. XIV. Na seguinte táboa (Fig. 5) pódense comparar estes usos paleográficos cos do alfabeto, no ámbito documental, da gótica cursiva fracturada canónica da segunda metade do séc. XIII (Millares Carlo 1983, lám. 186). É evidente que no caso de LT a escritura é máis




Fig. 4. Alfabeto minúsculo de LT

cursiva e irregular, especialmente no tocante ás hastas e bucles, a algunhas ligaduras (como <-os>) e ao trazado de certas grafías (como o <ç> ou a variante presigmática do <z>). Porén, como xa indicamos, isto non é tan relevante en termos cronolóxicos, pois son elementos que responden ao gradual proceso de transición entre a cursiva fracturada e a redonda xa patente desde finais do XIII e, ademais, responden á




Fig. 5. Confronto dos alfabetos minúsculos da “letra de albarás” (Millares Carlo 1983, á esquerda da liña separativa) e de LT (á dereita da liña)

modalidade escrituraria usual ou corrente dentro do arco temporal en que a gótica “de albarás” se desenvolveu.

Algo similar acontece coas letras maiúsculas ou aumentadas (Figs. 6 e 7), áinda que neste caso hai maiores diferenzas debido á execución rápida da escritura de LT (usual ou *currens*) e por acaso tamén á impericia do calígrafo.



Fig. 6. Alfabeto maiúsculo de LT




Fig. 7. Alfabeto maiúsculo da gótica cursiva fracturada (Millares Carlo 1983)

No plano braquigráfico (Fig. 8), deparamos cunha morfoloxía abreviativa similar á usada en certas modalidades (usual e corrente) da “letra de albarás” desde finais do séc. XIII, como o trazo quebrado supralinear aberto con valor de <er> (ex. *trouxera*), as dúas variantes –ondulada e arqueada– do sinal tironiano, o <a> sobreposto –de tradición visigótica– aberto e alongado (acompañado ou non de trazo superior), a combinación do <a> sobreposto e do trazo medio-linear cruzando o <q> (ex. *quando*), o bucle supralinear duplo –con valor de <ur> ou <or>– cun só compartimento, aberto pola parte dereita e, por veces, despezado (ex. *artur*); ou o bucle infralinear do <p> (con valor de <ro>) de traza angular descendente. É tamén significativa




Fig. 8. Abreviaturas en LT: trouxera, e (formas do tironiano), quando, artur, pro




Fig. 9. Morfoloxía das plicas en LT: todóó, cercáá, bóó

a morfoloxía continua, ascendente e más ou menos curva ou arqueada das plicas unidas para indicar, polo menos, a presenza de hiato homorgánico⁵⁷ (cf. *supra* § 2, Fig. 1).

3.2.2. Cuestiós grafémáticas

Do punto de vista grafemático, convén analizarmos dous aspectos especialmente relevantes: por unha parte a representación da fricativa prepalatal sonora, e por outra o reparto contextual das variantes alográficas de <z> e <s>. No primeiro caso, verificamos en primeiro lugar como /ʒ/ aparece representado en LT por tres grafías dependendo do punto de articulación da vogal contigua (Fig. 10): <g> ante vogal palatal (exs. *tragiam*, *oge*, *portage*), <i> ante vogal central (exs. *ia*, *seia*) e, puntualmente (só unha vez), ante vogal velar (ex. *iustar*); por último, <J> maiúsculo ante vogal velar (ex. *Justar*, *Justados*). A grafía caudata <j> só representa a vogal palatal en núcleo silábico, especialmente en contexto de hiato homorgánico como segundo elemento <ij> (ex. *conuijna*); a súa motivación, por tanto, é pictográfica as máis das veces e, en calquera caso, a súa presenza é ben minoritaria, fronte ás grafías <i> e <y> (ocasionalmente tamén <J>).

⁵⁷ Véxase, por exemplo, o facsímile VI (ex. 2) de Lucas Álvarez 1950: 71.



Fig. 10. Representación de /ʒ/ en LT:
tragiam, seja, iustar, Juntados

Non hai, por tanto, pegada en LT do <j> de trazado alto, e isto pode ser crucial á hora de situarmos LT na liña temporal do Trescentos, pois tal alógrafo consolídase a partir de mediados do XIV como representante da consoante prepatal⁵⁸. É importante salientar que a grafía <J> rexistrada en LT non debe confundirse, en ningún caso, co alógrafo <j> alto do que estamos a falar, pois <J> ten trazado maiúsculo (repárese nos trazos oblicuos descendentes superior e medial) e longo (con hasta infralinear), e aparece sempre en posición inicial absoluta. Así pois, este é un elemento balizador moi significativo na liña cronolóxica e máis en particular no posicionamento máis favorábel á primeira metade do século que á segunda. De ser LT copia das décadas finais do XIV, dificilmente deixaría de aflorar nel, entre outros moitos trazos, unha característica gráfica tan común nesa época, especialmente na modalidade (diplomática) e variedade (usual ou corrente) utilizada.

Un segundo aspecto a ter en conta é o reparto grafemático das variantes alográficas do <z> e do <s>. O <z> copetudo, con forma de 5 (Fig. 11) é sistemático en posición de ataque silábico



Fig. 11. Exemplos do <z> copetudo en posición explosiva (lanzarote) e implosiva (Brande-liz, d'estrauz, diz)




Fig. 12. Exemplos do <z> xenuíno
(brandeliz, destraüz, fez)




Fig. 13. Exemplos de <z> presigmático (dizer,
faz fazer, dizedes, mal dizente)

(arrizado, Lanzarote, diziam) e só en tres ocasións aparece en posición implosiva (Brandeliz, d'estrauz, diz). Pola súa parte, a variante xenuína do <z>, con forma de 3 (Fig. 12), aparece únicamente na coda silábica final (Brandeliz, d'estrauz, fez), onde é a grafía maioritaria (10 casos), fronte á presenza ocasional dos alógrafos (pre)sigmáticos. Estes últimos, de aspecto globular e converxentes en certos casos co <s> de dupla curva (Fig. 13), aparecen ocasionalmente tanto en posición intervocálica (dizer, diente, dizendo, fazer) como en final de palabra (Brandeliz, fez, faz).

A coexistencia e reparto contextual das antecitadas variantes alográficas pode ter relevancia cronolóxica e, de feito, parece encaixar co panorama escriptolóxico verificábel nos textos documentais da primeira metade do XIV. Por unha parte, a significativa presenza do <z> xenuíno en LT contrasta co seu baixo índice de aparición, desde a segunda metade do Trescentos, nas modalidades diplomáticas (pre)cortesás, nas que predominan outros alógrafos, especialmente os sigmáticos. Con todo, como xa fica dito, o <z> con forma de 3 só ocorre en posición implosiva final –o contexto máis propenso para a desafricación e desonorización– e non de maneira sistemática, o que parece remitir a un período da górica fracturada más avanzado do que é habitual para os textos redixidos nas últimas décadas do XIII, onde sobrancea o <z> xenuíno en todas as posiciones. Por outra parte, o uso maioritario en LT do <z> con copete, presente en todos os contextos silábicos, así como a moderada aparición dos alógrafos (pre)sigmáticos, revelan que o proceso de converxencia gráfica do <z> e do <s> de dupla curva cara a unha figura globular indistinta ainda estaba lonxe de se consolidar.

Aínda dentro do campo das sibilantes, convén reparar tamén nunha trentena de casos en que se emprega o <ſ> longo en posición final de palabra (exs. *taef*, *dof*, *tendaſ*, *dizedeſ*, Fig. 14), fronte ao emprego hexemónico do <s> de dupla curva nese contexto (Ailenii 2012: 70-71,

⁵⁸ Esta cronoloxía é válida, polo menos, para o ámbito castelán (Fernández López 1996, 1999), e polo que parece tamén se axusta ao que coñecemos dos textos occidentais galego-portugueses (véxase, por exemplo, o que acontece no *Livro de Merlin*, onde tampouco hai pegada do <j> alto con valor consonántico; Ailenii 2012: 56). Non acontece o mesmo noutras tradicións escriturarias do oriente peninsular, como a aragonesa, onde se rexistra unha evolución más retardada (até os sécs. XV e XVI) no referente ao uso consolidado do <j> alto en posición interior de palabra (Fernández López 1999: 259-260).

cf. Lorenzo Gradín e Pedro 2017: 23, n. 1). Esse aspecto, paralelo á alternancia do <d> uncial e do <d> arqueado con bucle supralinear (Fig. 15), parece denotar tamén o carácter recuado da copia sobrevivente ou talvez sexa un trazo específico do antígrafo, no caso de aceptarmos certa vontade imitativa por parte do copista galego.



Fig. 14. Exemplos de <d> longo en posición implosiva en LT (dizedes, taeſ, tendaf)




Fig. 15. Alternancia de <d> uncial e con bucle en LT
(...disso ssabede ora Caualeiro desauen[uoso]...
uoontade de batalla ca tal he meu)

3.2.3. Confronto coa producción instrumental e literaria coeva

Unha vez razoados algúns dos principais trazos escriptolóxicos de LT, presentamos a seguir un confronto coa producción documental e literaria coetáneas. Primeiramente, en liñas xerais, o cotexo coa producción tabeliónica castelá e galego-portuguesa da primeira e segunda metade do Trescentos deixa poucas dúbidas acerca da súa adscrición cronolóxica preferente. Na Fig. 16 pódense observar as características gráficas




Fig. 16. Exemplo de górica cursiva proto-redonda (“precortesá”) usual (1363, Borja) (reproducido en Millares Carlo 1983: nº 285)

principais da górica cursiva “precortesá” (modalidade usual) presente xa no terceiro cuartel do séc. XIV e claramente diferenciadas das que aparecen en LT.

Polo contrario, con independencia da modalidade más ou menos caligráfica utilizada, encontramos evidentes puntos en común coa documentación producida desde o último cuartel do séc. XIII até mediados do XIV, especialmente a partir das primeiras décadas desta última centuria⁵⁹. Véxase, por exemplo, o seguinte documento que ilustra a cursiva fracturada de tipo usual:




Fig. 17. Exemplo de cursiva fracturada usual (1315, Lisboa) (reproducido en Nunes 1969: nº 18)

Ora ben, á hora de confrontar LT coa producción instrumental da altura, foi imprescindible centrar a nosa atención na área xeográfica en que se realizou esta copia e que foi posíbel identificar, con base na análise lingüística, no sector máis meridional da actual provincia de Pontevedra (cf. *supra* § 3.1). Así pois, fixemos unha exploración na vasta producción tabeliónica pontevedresa redixida entre 1250 e 1400, para o que foi imprescindible a consulta das coleccións documentais monásticas de Santa María de Oia, San Xoán de Poio, San Salvador de Lérez, Santa María de Armementeira e, xa na comarca do Ribeiro, Santa María de Melón (pertencente á diocese de Tui até mediados do séc. XX). Esta pesquisa permitiu identificar unha tradición escriptolólica moi próxima a LT practicada por un conxunto de notarios radicados en diversos puntos da xeografía das antigas terras do Val Miñor, Tebra, Toroño, A Louriña

⁵⁹ Pódense rastrexar facilmente máis exemplos concomitantes (casteláns e galego-portugueses) nos facsímiles reproducidos, entre outros, nos seguintes traballos: Nunes 1969: nº 18 (a. 1315); Dias, Marques e Rodrigues 1987: 11-33 (nº 5: a. 1280, nº 6: 1285, nº 7: 1290, nº 11: 1303, nº 13: 1315, nº 14: 1325, nº 16: 1326, nº 18: 1330); Canellas López 1974: 94-96 (nº 16: 1290), Lucas Álvarez 1950: 59 (nº 2b: 1308, nº 6: 1299), 62 (nº 1: 1306, nº 4: 1347, nº 6: 1332), 65 (nº 1: 1329, nº 3: 1335, nº 6: 1344), 67 (nº 4: 1331), 69 (nº 1: 1330, nº 2: 1305, nº 3: 1333, nº 6: 1350); Lucas Alvarez 1996: 248-249 (nº 237: 1292, nº 262: 1299, nº 335: 1350), Millares Carlo 1983: nº 202 (1285), nº 205 (1303), nº 206 (1309), nº 210 (1289), nº 215 (1323), nº 230 (1303), nº 234 (1342), nº 250 (1303), nº 263 (1322); Riesco Terrero *et alii* 1995: 147-150 (nº 10: 1315), Romero Tallafico *et alii* 1995: 146 (nº 26: 1323), Sanz Fuentes 2010: 117 (nº 3: 1291, nº 4: 1270), Vaquero Díaz 2002: 335-336 (nº 6: 1349, nº 7: primeira metade do séc. XIV, nº 8: 1275).

e O Fragoso (A Guarda, Baiona, Oia, Salvaterra, Tomiño, Tui), incluíndo, xa en territorio portugués, o sector máis centro-setentrional da rexión do Alto Minho (Valenca), e tamén máis cara ao norte nas terras do Salnés, Mañó e O Ribeiro (Pontevedra, Redondela, Ribadavia). O grosor deste corpus documental, maiormente de carácter particular e monacal, consérvase no AHN de Madrid e, como é sabido, a súa dixitalización e accesible no portal PARES⁶⁰.

Dos perto de dous mil documentos producidos na área e período cronológico indicados, puidemos seleccionar un nutrido conxunto de diplomas (pouco máis de 400), datados entre 1274 e 1348, nos que se utiliza unha subtipoloxía escrituraria idéntica ou moi similar á empregada en LT. A imposibilidade de abordar para este traballo un estudo escriptolóxico exhaustivo deste corpus non nos impide afirmar con seguridade que da mesta gama de variedades da cursiva fracturada meridional, e descartando sempre as tipoloxías máis caligráficas, a modalidade usual ou *currens* coa que se copia tanto LT como a inmensa maioría do corpus instrumental seleccionado distínguese claramente das demais polo seu trazado miúdo, fluído e lixeiro, cun escaso ou nulo contraste entre trazos grossos

e finos, e executado cun ángulo de escritura moi pouco inclinado⁶¹. Esta modalidade cultívase desde o último cuartel do séc. XIII –non a encontramos antes de 1274– e durante a primeira metade do XIV, especialmente no primeiro terzo –os poucos exemplos máis tardíos non sobrepassan a década dos 40⁶²–, por parte dun grupo de tabeliños e escribáns radicados principalmente nas vilas da Guarda, Baiona, Salvaterra, Tomiño, Tui e Valenca do Minho. Na Táboa 2 ofrecemos a nómina de tabeliños, clasificados por orde cronolóxica⁶³, que empregan a mesma subtipoloxía de cursiva fracturada que encontramos en LT. Trátase de case medio centenar de notarios cuxo labor escriturario supón perto dunha quinta parte da actividade notarial rexistrada na área e período estudiados.

Segundo o esperábel, as balizas extremas entre as que se desenvolve a actividade destes tabeliños coincide co período en que a cursiva fracturada se usou na área centro-occidental peninsular (ca. 1270-1350) na súa lenta e progresiva evolución cara ao trazado más redondeado da gótica de finais do século XIV e do XV. Porén, a modalidade común ou usual (por veces *currens*) da gótica fracturada preferida por estes notarios e escribáns concéntrase

⁶⁰ Eis as pastas, dentro da sección Clero Secular-Regular do AHN, correspondentes ao período cronológico explorado (1250-1400): Santa María de Oia: 1802-1838, San Xoán de Poio: 1859-1868, San Salvador de Lérez: 1786-1788, Santa María de Armenteira: 1760-1774, Santa María de Melón: 1443-1471. No caso do mosteiro círstenciano de Oia, existe unha edición filiolóxica da colección diplomática medieval que está en proceso de preparación desde 2010 por un equipo de investigadores do Instituto da Lingua Galega da USC (Ramón Lorenzo, M^a Carmen Pérez González e Ana Isabel Boullón Agrelo). Sen dúbida, o rastrexo de textos adicionais aos conservados no AHN será de grande utilidade á hora de estudar con maior exhaustivididade a producción tabeliónica dos notarios miñorenses escollidos para o confronto paleográfico con LT.

⁶¹ Non é infrecuente que nalgúns casos os notarios alternen esta modalidade escrituraria con outras más ou menos caligráficas e con maior ou menor peso (relación de trazos grossos e finos) dependendo da natureza e formalidade do *negotium* ou das partes que interveñen nel. En calquera caso, a modalidade escrituraria que a nós interesa é a que define ou domina a súa producción instrumental (ou a do escribán habitualmente ao seu cargo) ao longo da súa producción. Isto pódese verificar, por exemplo, nas notificacións autógrafas dos diplomas, onde xorde a variedade escrituraria menos condicionada do notario, moitas veces caracterizada por un trazado más *currens* ou notular que, no entanto, non se afasta demasiado da modalidade común ou usual empregada no corpo do documento.

⁶² Só a producción do notario nº 26 da Táboa 2 (Pedro Estevez, da terra de Tebra) atinxo os primeiros anos da segunda metade da centuria, aínda que, en realidade, case ningún dos seus últimos diplomas é afín á modalidade escrituraria presente en LT.

⁶³ Indicamos as datas extremas da súa producción conservada nos fondos do AHN. Aínda que nesta institución se custodia o grosor das coleccións documentais consultadas, como xa indicamos, somos conscientes de que o arco cronológico podería variar lixeiramente coa pesquisa de máis textos noutros arquivos. Neste sentido, foi de moita axuda a consulta do Corpus Galego-Portugués Antigo (CGPA) onde puidemos verificar a presenza destes notarios nas principais coleccións diplomáticas publicadas até o momento. O traballo de Lucas Álvarez (1986) sobre o notariado en Galiza até 1300 tamén nos permitiu contrastar o inicio da producción instrumental dalgúns dos tabeliños toroñenses e miñorenses. Tamén foron útiles, entre outros, os traballos de Portela Silva (1976) e Sánchez Carrera (1997) sobre a documentación tudense medieval (cf. *infra* § 4, n. 100). Canto á adscrición xeográfica dos notarios, respectamos a fórmula literal (aínda que regularizada ortograficamente) da notificación, en particular cando se fala dunha terra e non dunha vila; por outra parte, a barra oblicua sinala as diferentes adscricións dun mesmo tabelión ao longo da súa producción.

	Tabelión	Adscripción xeográfica (vila/terra)	Período	Mosteiro
1	Martin Perez	Salvaterra	1274-1307	Melón, Oia
2	Vidal Dominguez	Baiona e no Val Miñor	1274-1307	Oia
3	Pedro Rodriguez	Ribadavia	1274-1281	Melón
4	Domingo Fernandez	Pontevedra	1281-1301	Poio, Lérez
5	Joan Duraez	Valença	1281-1306	Oia
6	Fernan Fernandez	Toroño	1282-1303	Melón, Armenteira
7	Pedro Rodriguez	Redondela	1283-1312	Armenteira, Oia
8	Giral Dominguez	A Guarda	1284-1316	Oia
9	Paio Perez	Fragoso	1285-1298	Oia, Armenteira
10	Fernan Eanes	Pontevedra	1287-1328	Oia, Poio, Armenteira
11	Fernan Martiz	Valença / Tebra (alfoz do castelo de)	1288-1317	Oia
12	Paulos Perez	A Guarda	1288-1333	Oia
13	Joan Martiz	Valença	1288-1342	Oia, Melón
14	Martin Perez	Baiona	1293-1299	Oia
15	Joan Perez	Tui / Baiona / Val Miñor	1293-1314	Oia, Poio
16	Pedro Lourenço	Ribadavia	1294-1315	Melón
17	Joan Perez	Terra da Louriña / terra de Toroño	1294-1332	Melón
18	Estevan Martiz	Tui	1295-1313	Oia, Melón
19	Pedro Martiz	Tebra e alfoz	1295-1333	Oia
20	Martin Fernandez	Valença	1298-1299	Oia
21	Francisco Fernandez	Baiona e Val Miñor	1300-1322	Oia
22	Joan Fernandez	Terra de Lanzada e Salnés	1305-1325	Armenteira
23	Lourenço Fernandez	Valença	1306	Oia
24	Vasco Rodriguez	Baiona e Miñor	1307-1309	Oia
25	Nuno Perez	Pontevedra	1307-1330	Oia, Armenteira
26	Pedro Estevez	Tebra e coutos de Tomiño, Barrantes e Oia	1307- 1358	Oia
27	Vidal Eanes	A Guarda	1310-1311	Oia
28	Lourenço Soarez	Fragoso	1310-1329	Melón, Oia
29	Estevan Martiz	Tui	1311-1316	Oia
30	Fernan Dominguez	Baiona	1315-1335	Oia
31	Martin Gomez	Baiona	1315- 1347	Oia
32	Martin Perez	Redondela	1317	Melón
33	Fernan Eanes	Valença	1320-1342	Oia
34	Estevan Eanes	Valença	1322-1326	Melón, Oia
35	Joan Martiz	Terra de San Martín (Toroño)	1325-1333	Melón
36	Estevan Perez	Tebra e coutos de Tomiño, Barrantes e Oia	1325-1335	Oia
37	Afonso Martiz	Ribadavia	1325-1348	Melón
38	Lopo Perez	Pontevedra	1330-1333	Poio
39	Domingo Estevez	Ribadavia	1332-1333	Melón
40	Domingo Fernandez	Terra do Ribeiro	1339- 1349	Melón
41	Fernan Fernandez	Tui	1340	Oia
42	Domingo Perez	Redondela	1341	Melón
43	Tome Perez	A Guarda	1342-1348	Oia
44	Afonso Estevez	Redondela	1344	Melón
45	Vicente Perez	Tebra e coutos de Tomiño, Barrantes e Oia	1345-1348	Oia

Táboa 2. Nómina de tabeliños estudiados

maioritariamente a cabalo das dúas centurias e nas primeiras décadas do XIV (ca. 1280-1335). Con anterioridade a 1280 (nº 1-3) son escasas as mostras afins á escritura de LT, e o mesmo podemos dicir da documentación posterior a 1340 (nº 31, 40, 42-45), pois a partir deste momento é infrecuente encontrarmos a mesma modalidade fracturada en causa e os escasos exemplos rexistrados mostran xa unha evidente crenetización do *ductus* e un trazado bastante más filiforme (Figs. 28-32).

Aínda que o grosor da documentación máis afín se localiza no primeiro terzo do séc. XIV, todas ou a maior parte das características escriptoloxicas externas (ritmo, *ductus*, ángulo, peso) e internas (alografías) da escrita de LT pódense rastrexar xa na documentación máis primitiva dos vinte primeiros notarios (Figs. 19-23), dentro do último cuartel do séc. XIII, especialmente en Vidal Dominguez (nº 2), Giral Dominguez (nº 8), Paulos Perez (nº 12), Martin Perez (nº 14) e Pedro Martiz (nº 19), notarios afincados na área do Baixo Miño (A Guarda, Tomiño e Tui) e do Val Miñor (Baiona).




Fig. 18. Detalle do fragmento do *Livro de Tristam*
(AHN Códices L. 1501/7, fol. 1vb)




Fig. 19. 1284, Giral Dominguez (nº 8)
(AHN Clero, Oia 1807/8)




Fig. 20. 1287, Martin Perez (nº 14)
(AHN Clero, Melón 1454/4)




Fig. 21. 1288, Paulos Perez (nº 12)
(AHN Clero, Oia 1807/8)




Fig. 22. 1296, Vidal Dominguez (nº 2)
(AHN Clero, Oia 1808/7)




Fig. 23. 1297, Pedro Martiz (nº 19)
(AHN Clero, Oia 1812/6)

Ora ben, as similitudes aumentan, en número e cualidade, na producción destes e doutros tabelións durante as primeiras décadas do XIV (Figs. 24-27), se ben tamén hai exemplos, certamente en moita menor proporción, na década dos 40 que tamén reflecten a mesma subtipoloxía escrituraria (Fig. 28). Mais adiante, a producción das dúas décadas seguintes (1350-70) xa revela un claro cambio de tendencia escrituraria máis




Fig. 24. 1307, Vaasco Rodriguez (nº 24)
(AHN Clero, Oia 1816/5)




Fig. 25. 1313, Estevan Martiz (nº 29)
(AHN Clero, Oia 1819/7)



Fig. 26. 1322, Estevan Eanes (nº 34)
(AHN Clero, Melón 1460/18)




Fig. 27. 1338, Martin Gomez (nº 17)
(AHN Clero, Oia 1827/7)




Fig. 28. 1345, Vicente Perez (nº 45)
(AHN Clero, Oia 1829/6)




Fig. 31. 1378, Lourenço Martiz (Baiona)
(AHN Clero, Oia 1836/10)




Fig. 29. 1357, Pedro Estevez (nº 26)
(AHN Clero, Oia 1833/10)




Fig. 32. 1387, Domingo Fernandez (A Guarda)
(AHN Clero, Oia 1837/10)





Fig. 30. 1364, Gonçalo Afonso (Baiona)
(AHN Clero, Oia 1835/10)

redondeada e envolvente que dominará o período de transición (letra precortesá) cara á gótica cursiva redonda de finais do Trescentos (Figs. 29-32). Con certeza, o natural, e por veces imperceptíbel, *continuum* cara a unha modalidade más caligráfica ou cara a outra más *currens* ou notular non é alleo á produción destes notarios; no entanto, como xa indicamos, a preferencia por unha variedade común ou usual da cursiva fracturada é manifesta na maior parte da súa producción. Pese á falta dun estudo grafemático exhaustivo que permita verificar ou matizar as ideas expostas aquí, si podemos afirmar que os elementos (braqui)gráficos más característicos da escrita de LT xa se encontran na década dos 80, mais esta situación comeza a normalizarse xa entrado o séc. XIV na subtipoloxía fracturada que aquí estudamos, e así se reflicte na documentación consultada. Fica por saber o grao de afinidade e concomitancia grafemática e lingüística entre LT e o corpus tabeliónico suroccidental seleccionado nos diferentes subperíodos deste arco cronolóxico (ca. 1280-1350).

En calquera caso, esta primeira aproximación permítenos avanzar dúas conclusóns, moi similares ás atinxidas no estudo lingüístico: a) os

textos cunha *scripta* más afín a LT concéntranse, cualitativa e cuantitativamente, no primeiro terzo do XIV, e b) emerxe unha área xeográfica moi destacada no uso desta tradición escrituraria: as terras do Val Miñor (Baiona), do Baixo Miño (A Guarda, Oia, Tomiño, Tui e Salvaterra) e do núcleo alto-minhoto portugués más próximo á área tudense (Valença). Aínda dentro desta



Mapa 4. Áreas xeográficas do sur pontevedrés, do Ribeiro ourensán e do Alto-Minho setentrional nas que se rexistra a cursiva fracturada más afín a LT⁶⁴

⁶⁴ Elaboración propia. A área sombreada corresponde ao territorio da diocese de Tui na Idade Media (fonte: Monfragido 2014: 160 e 2017: 25)

área meridional, a intensa actividade notarial rexistrada neste compacto sector meridional miñorense, toroñés e tudense (Mapa 4, área 1) tamén é partillada, áinda que en menor medida, con outras dúas faixas territoriais lindeiras cara ao centro do territorio pontevedrés (Mapa 4, áreas 2 e 3): por unha parte, as terras do Fragoso e da Louriña, e por outra as terras veciñas das comarcas do Salnés (Pontevedra, Redondela) e, xa no occidente da actual provincia ourensá, a comarca do Ribeiro (Ribadavia).

Pasando agora á producción literaria coetánea, o certo é que non hai case exemplos de comparación que utilicen a górica non textual. O primeiro ao que temos que acudir de maneira obrigada é outro dos testemuños da recepción do romance arturiano en terras occidentais. A diferenza do que acontece co fragmento de Santo Tirso da *Estoria do Santo Graal*, redixido nunha modalidade *textualis* con abundantes elementos cursivos (Ailenii 2012: 40-55), o fragmento do *Livro de Merlin* (Fig. 33), datábel tamén dentro da primeira metade do séc. XIV (talvez nos inicios da centuria), foi redixido nun tipo de górica cursiva non textual similar, por exemplo, á de certas cartas rexias do *scriptorium* de D. Dinis⁶⁵



Fig. 33. Detalle do fragmento do *Livro de Merlin*
(Biblioteca de Catalunya, ms. 2434, fol. 122va)

(Soberanas 1979, Ailenii 2012: 77-93). Pese a tratarse dunha variedade *formata*, moito máis caligráfica que a escrita de LT, cabe recoñecer igualmente o trazado fracturado común aos dous textos e non será, en realidade, moita a distancia temporal que os separa.

Porén, hai outro testemuño literario coetáneo que, pese a partillar puntos en común co fragmento do *Livro de Merlin* (foi redixido nunha modalidade caligráfica documental, menos formada, mais igualmente afin á deste fragmento), tamén se aproxima á escrita usual de LT. O conxunto crónistico da *Crónica de Castela* e da *Estoria de España* (Lorenzo 1975-77), composto no primeiro quindenio do Trescentos, non parece *a priori* constituir un bo exemplo de confronto con LT, pois nel emprégase unha modalidade libraria da górica cursiva dese período, salvo nunha pequena sección de tan só dous folios. Para alén das dúas grandes seccións que integran este facticio –as traducións parciais e complementarias da versión sanchina da *Estoria de España* (A1: fols. 1-88, ca. 1330-40) e da *Crónica de Castilla* (A2b e A2d: fols. 91-229 e 265r. ca. 1300-12⁶⁶–), hai dous paratextos que




Fig. 34. Detalle do fragmento do *Liber regum*
(BNE ms. 8817, fol. 89v)

⁶⁵ Véxase un confronto entre os usos da escrita libraria e documental e a súa converxencia neste escritorio rexio nos estudos de Harvey L. Sharrer (1993a, 1993b: 535-536) sobre o pergamiño homónimo que transmite as sete cantigas de amor do rei D. Dinis (cf. ao respecto Guerra 1993, Rio Riande 2011: 203-204, 227; Ailenii 2012: 34-35, 77-93).

⁶⁶ Empregamos a designación proposta por José Carlos R. Miranda (2009). Recordemos que primeiramente, durante o reinado de Fernando IV (talvez nos primeiros anos do séc. XIV), se fixo a tradución da sección dos reis casteláns de Fernando I até Fernando III da *Crónica de Castilla* (A2), e posteriormente completouse este relato polo principio coa historia dos reis leoneses desde Ramiro I até Veremundo III a partir da versión sanchina da *Estoria de España* (A1), resultando nun exemplar facticio que xa tería funcionado como unha unidade no propio Trescentos (Lorenzo 1975-77, 2002: 96-99, Catalán 1992, 1995, 1997; Miranda 2010, 2012, Pichel e Varela Barreiro 2017). Pódese ver unha reproducción íntegra do manuscrito na Biblioteca Digital Hispánica (<http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000132939&page=1>).

actualizan o relato transmitido na historia dos reis casteláns (A2). Un deles (A2c, fols. 230-265) completa, a modo de epílogo resumido e con base na *Crónica particular de San Fernando*, o relato dos reis Fernando III, Afonso X e Sancho IV. A outra interpolación (A2a, fols. 89v-90), elaborada con base nunha pequena sección do *Liber regum*, serve de introdución á *Crónica de Castela* co breve relato da chegada dos visigodos e o asentamento da monarquía castelá.

Este segundo paratexto é o que máis interesa aos nosos propósitos, pois presenta unha tipoloxía escrituraria moi distinta á das restantes seccións do manuscrito⁶⁷: esta breve sección foi escrita a liña corrida (non a dúas columnas) e nunha gótica cursiva fracturada (Fig. 34) próxima á que encontramos en LT, mais nunha modalidade más pausada e *formata*, fronte á usual ou corrente executada no manuscrito tristaniano.

Con certeza, a configuración lingüística mediterránea (Álvarez Blanco e Xove Ferreiro 1998) desta compilación historiográfica, así como o uso non textual fracturado da cursiva do fragmento do *Liber regum*, fan deste pequeno texto un testemuño moi valioso á hora de enmarcar o fragmento arturiano en cuestión nas súas mesmas coordenadas cronolóxicas, dentro das primeiras décadas do séc. XIV.

Voltaremos a el brevemente deseguido, facendo fincapé no estreito relacionamento entre este conxunto cronístico –en particular o fragmento do *Liber regum*– e o *Livro de Tristam*, non só a nivel xeolingüístico –e parcialmente tamén escriptolóxico–, mais tamén do punto de vista sociocultural, pois é factíbel que respondan a dúas iniciativas librarias impulsadas nun mesmo entorno señorial.

4. Cabo. O *Livro de Tristam* e o seu percurso na tradición artúrica occidental

Como tratamos de demostrar nas páxinas precedentes, a abordaxe escriptolingüística do fragmento do *Livro de Tristam* permitiu-nos chegar a conclusións bastante sólidas acerca das coordenadas espaciais (as terras transfronteirizas de Toroño e do Alto-Minho) e temporais (primeira metade do séc. XIV, con máis probabilidade no primeiro cuartel) nas que se forxou este singular testemuño, o que nos levou a comprender dunha óptica máis abranxente a súa conexión cos restantes testemuños do ciclo arturiano. Convén agora facer síntese, brevemente, do percurso coñecido –literario e lingüístico– da tradición artúrica peninsular, en particular a centro-occidental, na que debemos inserir o *Livro de Tristam*, co obxectivo último de procurar indicios socioculturais que nos conduzan, na medida do posíbel, aos artífices desta iniciativa libraria e á audiencia á que estaría destinada. Finalizamos, por tanto, este traballo volvendo ao punto de partida –trecentista e toroñés– dun itinerario cultural até agora desatendido, mais non imposíbel de trazar e de rastrexar ao longo dos sécs. XIV e XV e, aínda despois, nas centurias seguintes até o momento da adquisición do manuscrito, xunto con todos os fondos ducais de Osuna, polo Estado e o seu depósito no AHN⁶⁸.

Para alén dunha primixenia e transversal etapa de recepción e difusión oral, artística e social do universo artúrico –talvez xa desde comezos do séc. XII⁶⁹–, ao longo da centuria seguinte vaise definindo e configurando nos diferentes espazos xeográficos e culturais ibéricos a proxección historiográfica e literaria da materia de Bretaña. No primeiro caso, rexístranse xa a comezos do séc. XIII as primeiras pegadas da

⁶⁷ A súa data de composición, porén, non debe ser moi posterior a 1312, *terminus ante quem* da sección A2 que completa (cf. Cintra 1950, Lorenzo 1975-77: xxxii-xlii, Miranda 2010, 2012: 126, n. 10).

⁶⁸ Como xa indicamos ao comezo do artigo, será esta unha abordaxe necesariamente breve, pola limitación de espazo, mais que o lector interesado poderá encontrar ampliada noutro recente traballo da nosa autoría (Pichel e Varela Barreiro 2017).

⁶⁹ Remontaría a esta época a datación tradicional do relevo da Porta Francíxena da catedral compostelá (Moralejo 1985), aínda que persisten as dúbidas de se realmente se trata dunha representación de inspiración artúrica (cf. Prado-Vilar 2010). Dun século máis tarde (primeira metade do séc. XIII), data o relevo artúrico do mosteiro cisterciense de Santa María de Penamaior, que alude á lenda de Yvaín, isto é, o *Chevalier au lion* de Chrétien de Troyes (Sánchez Ameijeiras 2003, cf. Gutiérrez García 2007: 667-668). Para alén do campo das artes figurativas, os estudos onomásticos demostraron a temperá popularidade do mito artúrico na esfera social e persoal, pois xa se rexistran desde o segundo terzo do séc. XII certos usos antropónimos como *Artus* ou *Arturus*, *Galas*, *Merlin* ou *Merlinus* e, especialmente, *Galvan* na prosa documental ibérica (Hook 1991, 1992-23, 1996; Beceiro Pita 2007 [1993]: 254-279, Alvar 2013: 21-32, 2015: 191-199).

tradición historiográfica inaugurada coa *Historia regum Britannie* de Geoffrey de Monmouth (ca. 1138) e o *Roman de Brut* de Robert Wace (1155); vémolo primeiramente no texto do *Lienaje de los reyes de Bretaña* (ca. 1200), baseado no *Roman* de Wace e transmitido nunha das versións do *Liber regum* –o *Libro de las generaciones* (ca. 1260)– no *Livro de linhagens* do conde de Barcelos e na *Crónica de 1404* (Catalán 1962: 370-401, Bautista 2013); e máis adiante, a comezos do último terzo da centuria, na *General estoria* a partir da *Historia galfridiaña*⁷⁰ (Kasten 1970, Simó 2008, Gómez Redondo 2013).

No tocante á proxección propriamente literaria –en verso e prosa– da materia de Bretaña, o crecente interese polas tramas artúricas aendaría o seu maior desenvolvemento durante a segunda metade do séc. XIII, período no que, coincidindo coa expansión definitiva da materia bretoa no ámbito historiográfico e liñaxístico, se produciría a difusión progresiva do primitivo ciclo do *Lancelot-Graal* (ca. 1215-35) e da súa refundición posterior (ca. 1235-40). Porén, con anterioridade á tradución destes ciclos aos diferentes romances ibéricos, xa se viñan incorporando na intensa actividade poética certos motivos e personaxes da tradición artúrica, como demostra a producción trobadoresa catalá (desde finais do XII) e galego-portuguesa (desde mediados do XIII). Dan conta neste último caso da circulación e asimilación dos *roman* franceses as temperás alusións a certos episodios

novelescos nas composicións –profanas e relixiosas– dos períodos afonsino e dionisino de trobadores como Martin Soarez, Joan Garcia de Guilhade, Afonso X, D. Dinis, Gonçalo Eanes do Vinhal, Estevan da Guarda ou Fernando Esquio⁷¹. A elas cómpre engadir os *Lais de Bretaña*, compostos no primeiro ou segundo cuartel do séc. XIV –e asociados ao entorno do conde de Barcelos–, cuxa materia narrativa revela o alto grao de aclimatación que atinxira o ciclo bretón a comezos dos Trescentos no ámbito centro-occidental⁷², análogo ao dos primeiros textos cabaleirescos como o *Amadis de Gaula* e o *Livro del cavallero Zifar* ou, máis tarde, o *Blandin de Cornualla* e *La faula na Coroa de Aragón* (último terzo do séc. XIV), onde xa contaban co precedente do *Jaufre*, romance en verso escrito aínda en occitano no último terzo do séc. XIII⁷³.

Canto ao desenvolvemento novelesco do romance arturiano, sabemos que, ao tempo que se cultivaba o mito no campo da lírica, prendeu e medrou progresivamente o interese por traducir e difundir nos diferentes espazos culturais ibéricos os textos que conformaban os grandes ciclos en prosa franceses⁷⁴ que, con todo, xa levarían circulando nas diferentes cortes, polo menos, desde mediados do séc. XIII⁷⁵. No ámbito centro-occidental (galego-portugués / leonés) realizaronse varias traducións, a cabalo dos sécs. XIII e XIV, da *Estoire del Saint Graal*, do *Merlin*, da *Queste* e da *Mort Artu*, do *Tristan en prose* e, talvez tamén, de parte da *Vulgata* (o *Lancelot*). Certamente só conservamos testemuños do

⁷⁰ Non é descartábel que no escritorio afonsino se traballase nunha tradución, moito máis condensada, da *Historia regum Britannie* mais non a través do texto latino, senón a partir da súa adaptación francesa duocentista, a *Estoire de Brutus*, interpolada na primeira redacción da *Histoire ancienne jusqu'à César* (Pichel 2016: 130-147).

⁷¹ Véxanse, entre outros, Sharrer 1988, 1994; Alvar 1993b, 2013; Gutiérrez García 1998, 2000-01, 2001: 21-23, 2007, 2015a; Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 57-109, López Martínez-Morás e Pérez Barcalá 2001: 112-114; Lorenzo Gradiñ 2008a, 2015: 123-131.

⁷² Sobre os *Lais de Bretaña* véxase, entre outros, Michælis de Vasconcelos 1900-01, Sharrer 1988: 564-566, Alvar 1993b, Ferrari 1997, Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 95-109, Gutiérrez García 2001: 37-49, 2015a: 96-101, Soriano Robles 2003, 2006: 87-108; Lorenzo Gradiñ 2008b, 2013, 2015, 2016; Arbor 2010, Vieira 2012, 2016; Chora 2014, Río Riande e Rossi 2015, Ramos 2016.

⁷³ Para o panorama do desenvolvemento vernacular da materia cabaleiresca de inspiración artúrica nas coroas de Castela e Aragón véxase un recente estado da cuestión en Alvar 2015: 203-218 e Soriano Robles 2015: 174-179. Para os romances cabaleirescos en Portugal véxanse agora os traballos de Vargas Díaz-Toledo 2006, 2010, 2012; Santos 2012 (unha recapitulación recente en Gutiérrez García 2015a: 105-103).

⁷⁴ A diferenza do que aconteceu co subxénero do *roman* en prosa, non hai evidencia directa de que se adaptasen no ámbito literario os *romans* en verso clásicos ou posclásicos dos sécs. XII e XIII, aínda que si é factíbel que fosen coñecidos algúns, como o *Chevalier au lion* ou –menos probábel– o *Chevalier de la charrette* de Chrétien de Troyes, ou ben que circulasesen relatos breves, pertencentes ao repertorio xogaresco, transmitindo de modo independente boa parte do material ficcional artúrico en voga nesa altura (cf. Alvar 1993b, Gutiérrez García 2007, Lorenzo Gradiñ 2008a).

⁷⁵ Un panorama xeral nas coroas de Aragón e de Castela en Soriano Robles 2015: 165-169, Lucía Megías 2015: 52-54, Alvar 2015: 199-200, Gracia 2015.

Pseudo-Boron e en romance galego-portugués⁷⁶ (os fragmentos más arcaicos ST, LM, LT, e as dúas versións integrais DSGp e ESGp, respectivamente, dos sécs. XV e XVI); no entanto, para além das traducións primixenias nas que tería colaborado Joan Vivas, tamén sabemos da existencia doutros testemuños presuntamente occidentais que durante o séc. XVI se usaron como modelo textual na copia dos textos do *Pseudo-Boron* e da *Vulgata*. Como é sabido, áinda que só se trata de referencias indirectas –lingüísticas ou textuais– en copias quiñentistas, todos eles remontarían á primeira metade do Trescentos.

Tense discutido abondo sobre esta cuestión⁷⁷, tanto no que atinxé á variedade lingüística destes textos arcaicos perdidos –castelá arcaica, dialectal ou occidental, castelá-leonesa, (astur) leonesa, (astur)leonesa occidental, (galego)-asturleonesa– como á súa cronoloxía –anterior ou non á dos da tradición galego-portuguesa. Certamente, o debate continúa aberto e non pretendemos aquí profundar nel, mais si incidir nalgúnsas cuestións relevantes no que atinxé ao contexto sociocultural e literario no que se configura a materia bretoa en terras occidentais e no que agora tamén cómpre situar LT. Unha das evidencias máis nítidas que revela a existencia destes modelos textuais perdidos aparece no coñecido *explicit* da *Estoria do Santo Graal* (ESGp), grazas ao cal sabemos dun exemplar de 1314 utilizado como modelo para a copia quiñentista encargada polo corregedor Manuel Alvares nos Açores⁷⁸. De acordo con Castro (1976-79, 1983, 1984, 1988b, 1993, 2000,

2001), o mestrescola Juan Sanchez encargaría en Astorga unha versión da primitiva tradución da *Estoria do Santo Graal* realizada por Joan Vivas⁷⁹. Porén, Nascimento (2008) considera innecesario este percurso librario de ida e volta até Astorga e acha factíbel localizar nesa altura o dito mestrescola na vila coimbrá e relacionado co ambiente universitario, onde, interesado pola materia artúrica, tería noticia da tradución de Joan Vivas e encargaría unha coidada copia que, dous séculos despois, descubriría o maxistrado azoriano en terras do Minho-Lima. Sendo esta última hipótese a máis verosímil de acordo coa información fornecida no citado colofón⁸⁰, non debe identificarse, porén, esta perdida versión de 1314 co fragmento de Santo Tirso, como quere Nascimento (2008: 138-140), toda vez que, como xa desmostraran Dias (2003-06) e, especialmente, Ailenii (2009, 2012, 2013), ST non é o antígrafo da versión quiñentista, pois ambos os dous (ST e ESGp) son testemuños distintos procedentes dun antepasado común.

Doutra parte, discútese o estatuto glotolóxico dos occidentalismos rexistrados nalgúns testemuños casteláns da *Vulgata* e do *Pseudo-Boron*, reinterpretábeis como reflexos dun antecedente castelán arcaico, castelán-asturleonés, (galego)-asturleonés ou galego-portugués. Falamos, principalmente, dunha versión do *Lancelot en prose* (BNE ms. 9611, ed. Contreras Martín e Sharrett 2006) e dun conxunto de tres fragmentos da *Estoire del Saint Graal*, do *Merlin* e da *Mort Artu* agrupados nun códice misceláneo (BUS ms. 1877, ed. García de Lucas 1999). Áinda que

⁷⁶ Para un panorama actualizado dos fragmentos e códices conservados en castelán e catalán dos diferentes ciclos véxase Lucía Megías 2015: 34-43, 55-56; Gracia 2015, Soriano Robles 2015, Cuesta Torre 2015, 2016: 87-95.

⁷⁷ Véxanse, entre outros, Gutiérrez García e Lorenzo Gradiño 2001: 30-37, Lorenzo 2002: 111-116, López Martínez-Morás 2007: 453-456, Trujillo 2014: 489-97, Gutiérrez García 2015a: 60-71, Gracia 2015: 284-287.

⁷⁸ “Este livro mandou fazer João Samches, mestre escola d’Astorga no quinto ano que o estudo de Coimbra foi feito e no tempo do papa Clemente que destrói a Ordem d’el Temple e fez o Comcilio Geral em Viana e pos o emtredito em Castela. E neste ano se finou a rainha Dona Costamça em São Fagundo e casou o imfamte Dom Felipe com a filha de Dom Afonso, [era] de 1352 anos” (Miranda *et alii* 2016: 351). Sobre a reproducción da data incluída no colofón, cuxa interpretación non está exenta de dúbidas, véxase Nascimento 2008: 132-133 (cf. Pichel e Varela Barreiro 2017). Manuel Alvares declara no prólogo que el achara este exemplar de 1314 na freguesía caminhense de Riba de Âncora “em poder de ūa velha de mui antiga idade no tempo que meu paai, corregedor de Vossa corte, servia Vossa Alteza de corregedor d’Antre Douro e Minho. O qual livro, segundo por ele parece, escripto em portaminho e iluminado e á caise de dozentos anos que foi scripto” (Miranda *et alii* 2016: 4).

⁷⁹ Con anterioridade ás pesquisas de I. Castro, apoiadas nas sospeitas de Lapa sobre o contacto de Afonso III coa materia artúrica, formuláronse varias hipóteses sobre a identificación de Joan Vivas, as coordenadas xeolingüísticas e culturais nas que tería traballado e a súa relación co mestrescola astorgano (véxase unha recapitulación ao respecto en Lorenzo 2002: 112-116, López Martínez-Morás 2007: 453-456, Trujillo 2012, 2014: 492-497, Gutiérrez García 2015a: 62-71).

⁸⁰ Véxanse as explicacións oportunas en Nascimento 2008: 133-140 (cf. Gutiérrez García 2015a: 74-75, Pichel e Varela Barreiro 2017).

nos dous casos se trata, novamente, de copias quiñentistas, os seus antecedentes primixenios remontarían –igual que o antígrafo da ESGp– á primeira metade do séc. XIV ou, cun grao menor de probabilidade, ás últimas décadas do XIII. No caso do *Lancelot* hai constancia no colofón de que o seu antígrafo é de 1414; porén, de acordo con Contreras Martín (2012b: 324), o exemplar primixenio sería máis antigo e debería remontar, como moi tarde, a mediados do Trescentos⁸¹. O mesmo substrato centrooccidental(i-zante) parece rexistrarse noutros testemuños artúricos tardíos como na impresión burgalesa (1498) do *Baladro del Sabio Merlin* ou nas impresións toledana (1515) e sevillana (1535) da *Demande del Santo Grial* (Darbord e García de Lucas 2008: 159-160, Casais 2017).

Voltando ao percurso sociocultural do ciclo artúrico en terras ibéricas, a presenza desde comezos do séc. XII de todo tipo de alusións –figurativas, onomásticas, literarias– a este universo mítico explícase, como é sabido, polas distintas vías de penetración da materia de Bretaña nos diferentes espazos xeográficos e culturais da Península⁸². Polo que respecta ao ámbito literario centro-occidental, o estudo das pezas trobadorescas de evocación arturiana dos períodos afonsino e dionisino (mediados do XIII - primeiras décadas do XIV) permitiu relativizar en certa medida o impacto cultural que sen dúbida supuxo o retorno de Afonso III á corte

portuguesa en 1245⁸³. No que atinxo ás traducións do *Pseudo-Boron*, a xa citada identificación do Joan Vivas referido na ESGp e na DSGc cun fraude da orde de Santiago na década dos 60 (Castro 1983) non supón necesariamente unha actividade tradutiva realizada na(s) década(s) inmediatamente posterior(es) á volta de Afonso III⁸⁴; más ben, cabería conjecturar un período de aclimatación dos contidos daquelas obras vindas do norte de Francia coa corte do Boloñés no que posibelmente non se sentise a necesidade de adaptar ou traducir de maneira integral tal corpus. Concordamos, por tanto, con Miranda (1996: 94) ou Gutiérrez García (2015a: 63) en que a necesidade de tradución, por acaso á par da progresiva desarticulación do ciclo⁸⁵, xurdía a medida que ía aparecendo e consolidándose unha nova xeración da élite cultural que xa non tiña a mesma competencia lingüística na *langue d'oil* e na que prendería o interese por refundir e trasladar ao seu propio romance as diferentes tramas artúricas. Figuras da escena cultural galego-portuguesa como D. Dinis, Pedro Eanes de Portel (fillo de Joan Perez de Avoin), Martin Gil de Riba de Vizela (segundo conde de Barcelos), Joan Fernandez de Lima III (cf. *infra*), ou os trobadores Joan Meendiz de Briteiros (casado con dona Urraca Afonso, infanta de Portugal), Estevan da Guarda e Fernando Esquio constituirían, con bastante probabilidade, a primeira audiencia destes textos arturianos xa traducidos para o romance galego-portugués e

⁸¹ Para a discussión cronolóxica do antecedente deste testemuño, alén dos traballos de Harvey L. Sharrer (1977: 18-19, 1981: 311, 1986, 1994: 176-177, 1996), nos que se aborda por vez primeira a cuestión, remitimos aos estudios Lucía Megías 1994, Castro 1998: 138-139, Gómez Redondo 1999: 1471-1475, Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 32-33, Lorenzo 2002: 111, Miranda 2004b: 57, López Martínez-Morás 2007: 454-455, Trujillo 2014: 496-97, Gutiérrez García 2015a: 62 e 113, Gracia 2015: 284-287 e, especialmente, aos contributos de Antonio Contreras Martín (2006, 2010, 2012b, 2015: 290-291). No tocante á controversia relativa ao manuscrito facticio da Biblioteca Universitaria de Salamanca, véxase Pietsch 1913, 1914-15, 1924-25, 1925: 85-89; Castro 1988a, García de Lucas 1999, Gómez Redondo 1999: 1477-1478, Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 130-131, Lorenzo 2002: 11-116, Darbord e García de Lucas 2008.

⁸² É ben coñecida a transferencia cultural propiciada, entre outras razóns, polos frecuentes intercambios trobadorescos coa Provenza, o Camiño de Santiago e as estreitas relacións económicas e alianzas políticas e matrimoniais dos reinos ibéricos (Galiza-León, Portugal e Castela) coas coroas francesa e inglesa. Véxanse, entre outras, as panorámicas trazadas por Sharrer 1994, Miranda 1996, Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 25-39, 143-152; López Martínez-Morás 2007: 453-456, Souto Cabo 2012, Gómez Redondo 2013: § 1-8 ou Gutiérrez García 2015a: 58-71.

⁸³ Véxanse, entre outros, os traballos de Alvar 1993b, Gutiérrez García 1998, 2000-01, 2001, 2007, 2015a: 61-62; Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 58-87 para o estudo da influencia da corte afonsina na composición das cantigas con reminiscencias artúricas. Sobre o papel da producción escrituraria da chancelaría de Afonso III na cultura nobiliárquica véxase agora Ventura e Oliveira 2012.

⁸⁴ Non é infrecuente ver levar ao límite innecesariamente as precisións cronolóxicas neste sentido; véxase, por exemplo, Trujillo 2014a, para quen a identificación que fai I. Castro de Joan Vivas “obligaría a retrasar la traducción portuguesa de la Post-Vulgata a una tempranísima fecha en la década de los cuarenta; es decir, cercano a las fechas en que se redactó el original francés y casi un siglo antes de la datación que aparece en el propio texto” (2014: 493).

⁸⁵ Miranda 1996: 94, 97; Gutiérrez García e Lorenzo Gradiñ 2001: 150-151.

talvez tamén adaptados a unhas novas pautas de intelección e organización discursiva⁸⁶. Así o cremos, polo menos, no caso da recepción –por acaso máis tardía do que os outros romances bretóns– do *Tristan en prose*, tal como demostra, por exemplo, a abordaxe lingüística de LT⁸⁷.

É neste contexto literario, en definitiva, onde debemos integrar a copia do *Tristam*. Unha época, a das primeiras décadas do Trescentos, caracterizada, en primeiro lugar, pola difusión das traducións occidentais realizadas no último terzo do séc. XIII, quer nos últimos anos do reinado de Afonso III, quer xa no período dionisino, como demostran non só os fragmentos sobreviventes da *Estoria do Santo Graal*, do *Livro de Merlin* e do *Livro de Tristam*, mais tamén os outros testemuños centro-occidentais que sabemos que existiron e que, con independencia da súa orixe xeolingüística, propagaron o romance arturiano desde a primeira metade do séc. XIV cara a diante ao longo das dúas centurias seguintes. Dan boa conta disto a copia coimbrá da *Estoria do Santo Graal* encargada en 1314 polo mestrescola de Astorga ou o antecedente trecentista do antígrafo de 1414 no que se baseou o *Lancelot* castelán. Con todo, como xa vimos tamén, nesta altura o proceso de irradiación artúrica non se limitou a (re)traducir ou copiar as versións primixenias, senón que, como é lóxico, avanzou tamén no ámbito máis

creativo, á par das composicións trobadorescas de inspiración bretoa, chegando até un alto grao de asimilación e reelaboración vernácula como demostran, no campo da lírica, os *Lais de Bretanha* ou, no ámbito da prosa, o xurdimento do novo xénero cabaleiresco de raíz artúrica inaugurado co *Amadis* ou o *Zifar*.

O *codex unicus* do *Tristam* galego-portugués representa, por tanto, un dos principais elos nesta cadea de transmisión e difusión do ciclo bretón e, en particular, da materia tristaniana. Hoxe por hoxe pódese afirmar, áinda con máis certeza, que é o máis antigo testemuño peninsular coñecido do *Tristan en prose*, áinda que non temos dúbidas de que non sería o único exemplar que circularía polos medios señorais e/ou nobiliárquicos centro-occidentais nesa altura⁸⁸. Polo que respecta ao espazo galego-portugués, para alén dun primeiro esforzo tradutivo, non sería estranxo que circulase máis dunha copia do *Tristam* en certos entornos culturais de natureza cortesá ou señorial moi proclives a incorporar no seu horizonte de lectura as diferentes formas de “cortesía nobiliaria” (Gómez Redondo 1999: 1475) dispostas na combinación das tramas argumentais tristanianas e artúricas⁸⁹. Un deles podería ter sido perfectamente a corte de D. Dinis, onde tamén deitaría raíces o mesmo interese, polo menos, pola materia merliniana –LM sería tan só unha pequena mostra–, e na

⁸⁶ Lembremos o dito más atrás (§ 3.1.1, n. 32) en relación coa reorganización dos contidos en LT e a rotulación dos diferentes capítulos mediante rúbricas explicativas tanto en LT como en LM.

⁸⁷ Na sección § 3.1.1 argumentamos como a presenza da variante *veyr* parece situar o antecedente primixenio de LT, isto é, a tradución duocentista, non antes do último terzo do séc. XIII, especialmente na década dos 70.

⁸⁸ A tradición manuscrita conservada do *Tristan de Leonis* na Península é tardía, limitada e maiormente fragmentaria: para alén de LT, coñécense tres fragmentos en catalán de entre a segunda metade do séc. XIV e o séc. XV, un códice castelán catrocentista (*Cuento de Tristan de Leonis*) e 59 fragmentos, tamén en castelán e do séc. XV, achados na encadernación dun códice custodiado na BNE (Lucía Megías 2015: 40-42, Cuesta Torre 2015, 2016). Porén, hai probas indirectas de que o romance tristaniano xa circulaba na primeira metade do séc. XIV tanto nas terras da coroa de Aragón como no espazo centro-occidental. No primeiro caso hai diversas referencias asociadas ao encargo, doazón, devolución ou posesión de diferentes copias do *Tristan* (e da *Vulgata*) vinculadas maiormente aos reis Jaume II e Pere III (Soriano Robles 2006: 56-62, 2013b, 2015, Lucía Megías 2015: 52-54). Doutra parte, a alusión contida no *Libro de buen amor* (“Ca nunca tal leal fue Blancaflor a Flores, ni es agora Tristan con todos sus amores”) ten sido interpretada como unha proba de que o *Tristan* xa fora traducido para o castelán nas primeiras décadas do séc. XIV (cf. Alvar 2016: 28, Cuesta Torres 2016: 87).

⁸⁹ Para o caso do castelán, algúns autores apuntaron cara ao entorno rexio de Sancho IV no último decenio do séc. XIII (Entwistle 1925) ou ao entorno cortesán “molinista” das primeiras décadas do Trescentos, despois herdado por Alfonso XI (Gómez Redondo 1999), como posíbel marco de recepción e promoción da tradución e difusión do ciclo artúrico. Este último investigador considerou o quindenio 1310-1325 como a etapa na que xa se tería atinxido un dominio suficiente da materia bretoa e na que, por tanto, sería factíbel conjecturar as redaccións do *Amadis* e do *Zifar*, así como a formación do *Tristan de Leonis* (Gómez Redondo 1999: 1545). Outros autores, tomando en consideración as cuestións comentadas anteriormente sobre os occidentalismos rexistrados en certos testemuños artúricos e a alusión do mestrescola astorgano na ESGp, trasladaron este escenario patrocinador –non sen reservas e vacilacións– ao ámbito leóns e ao terceiro cuartel do séc. XIII (Pietsch 1913, Bohigas Balaguer 1933, Lapesa 1942, Lida de Malkiel 1959, Bogdanow 1960, 1966, 1974; García de Lucas 1999; véxase unha panorámica ao respecto nos estudos citados supra na nota 69).

que sabemos que se continuou aclimatando o mito artúrico no ámbito trobadoresco da mano do propio monarca lusitano e doutros trobadores, galegos e portugueses, como Fernando Esquio ou Estevan da Guarda.

Outro dos ambientes culturais onde debeu callar o universo tristaniano foi o entorno señorial dos Lima⁹⁰, afincados desde comezos do séc. XIII e durante a centuria posterior nun espazo transfronteirizo galaico-minhoto que percorre polo sur as terras portuguesas de Valdevez e polo norte a área galega toroñesa e tudense⁹¹. Para alén de encaixar cos datos escriptolingüísticos extraídos de LT, recoñecemos neste núcleo señoril –nomeadamente o ramo antigo ou tradicional dos Lima (os Batisela)– sobrados vínculos sociopolíticos coas elites nobiliárquicas máis influentes da época e, por outra parte, unha significativa tradición e desenvolvemento literarios que fan del un serio candidato a promotor da copia do *Livro de Tristam*. Neste último caso, para alén de herdar o capital liñaxístico e cultural dos Traba –cos que emparentan na segunda metade do séc. XII–, o que se traduce, polo menos, nun bo coñecemento do amplio e rico matrimonio trobadoresco, tamén eles concibirán nas

primeiras décadas do Trescentos o seu propio acervo literario, neste caso en prosa, pois moi probablemente tamén estarían implicados na tradución e posterior compilación do conxunto crónistico da *Crónica de Castela* e da *Estoria de España* (cf. *infra*).

Interésanos resaltar principalmente as figuras de Fernan Fernandez de Lima II (fl. 1261-1312), descendente de Fernan Eanes de Lima I –fillo de Joan Fernandez de Lima I e da súa primeira muller, Berengaria Afonso de Baião, e neto do primeiro Batisela Fernando Airas⁹²–, e, en particular, do seu primoxénito Joan Fernandez de Lima III (fl. 1288-1316), froito do primeiro matrimonio con Sancha Vasquez de Soverosa⁹³. A relación destes dous últimos elos dos Lima antigos coas cortes rexias (especialmente con D. Dinis e Fernando IV) foi bastante significativa, como demostran as súas subscricións en calidade de ricomes do rei na documentación do último terzo do séc. XIII e comezos do XIV⁹⁴. O mesmo podemos apuntar en relación cos vínculos familiares e culturais desta familia con algunas das liñaxes galego-portuguesas máis prestixiosas desta altura como os Soverosa, os Riba de Vizela⁹⁵ ou os Aboim-Portel.

⁹⁰ Para o perfil sociopolítico, económico e familiar dos Lima son fundamentais os traballos de García Álvarez 1966, Pardo de Guevara y Valdés 2000, 2001, 2011, 2012; Sotomayor-Pizarro 1997, 2011, 2012, 2015, Souto Cabo 2012a e Ferreira 2016. Agradecemos a estes tres últimos autores as facilidades dadas na consulta dos seus contributos más recentes, que foron a nosa guía principal nesta breve aproximación.

⁹¹ Sobre a terra de Toroño e a diocese de Tui como espazo transfronteirizo na época baixomedieval remitimos principalmente aos traballos de Galindo Romeo 1950, Portela Silva 1976, Marques 1985, 2004, 2007; Andrade 1994, Sánchez Carrera 1997, Andrade 1998; Cendón Fernández 2000, García Oro 2002, Fernández Rodríguez 2004, Romero Portilla 2006, Iglesias Almeida 2008, Vila 2009, González Montañés 2011, Ferreira 2014, 2016; Rodrigues 2016.

⁹² Fernando Airas (1147-1196), era un dos fillos de Airas Calvo, avó do trobador Osoiro Eanes (Souto Cabo 2012a: 81-123), de onde parte a xeración dos Lima e da cal derivarían, polo menos, outros dous ramos, os Nóvoas e os Batiselas.

⁹³ Destas primeiras nupcias naceu tamén Rui Fernandez de Lima III, continuador da liñaxe e representante inaugural da nova rama dos Lima desenvolvida na segunda metade do séc. XIV, cuxa derivación acabará sendo exclusivamente portuguesa a partir de finais desta centuria. Do segundo matrimonio de Fernan Fernandez con María Fernandez de Gondiáes, xurdiu unha descendencia de orientación principalmente eclesiástica, na que salienta Joan Fernandez de Lima IV, arcebispo de Compostela (1330-38), alén de Alvaro Fernandez de Lima (cóengo de Santiago) e Gil Fernandez de Lima II.

⁹⁴ Fernan Fernandez de Lima II, documentado desde 1261 en Portugal, foi ricome das cortes de Afonso X (subscribe desde 1278), de Sancho IV, para quen traspasa a súa lealdade unha vez morto o rei Sabio (1284-95), e finalmente tamén de Fernando IV até o final do reinado (1312), data en que deberá ter falecido, pois xa non é referido na corte de Alfonso XI. Pola súa parte, Joan Fernandez de Lima III confirma diplomas como ricome da corte de D. Dinis até finais de séc. (1288-1300); porén, desde comezos do XIV subscribe desde Galiza como ricome de Fernando IV até 1310 (cf. *infra*).

⁹⁵ A vinculación cos Soverosa e cos Riba de Vizela é manifesta, unha vez que Sancha Vasquez, primeira muller de Fernan Fernandez e nai de Joan Fernandez, é filla do trobador Vaasco Gil de Soverosa e de Fruilhe Fernandez de Riba de Vizela. Precisamente, Joan Fernandez sería sepultado no mosteiro bieito de Santa María de Pombeiro de Riba de Vizela (concello de Felgueiras), do cal sería o seu padroeiro, ao lado da arca tumular do primeiro conde de Barcelos, fillo de Teresa Martins de Soverosa e neto de Martin Gil de Soverosa (medio irmán do citado trobador) e mais de Ines Fernandez de Castro. Será tamén significativa a proximidade das últimas xeracións dos Lima antigos co entorno dos Riba de Vizela vinculados, por unha parte, á elaboración do *Livro velho de linhagens* (Martin Gil ou seu pai Gil Martins), e por outra, na seguinte xeración, coa promoción da *Crónica de Castela*, que, segundo José Carlos R. Miranda (2012), podería terse realizado á iniciativa do segundo conde de Barcelos, Martin Gil de Riba de Vizela II (cf. *infra*).

Sen dúbida, esta última vinculación poderá ter sido a más proveitosa en termos económicos e culturais, pois o casamento de Joan Fernandez de Lima III con Maria Eanes, filla do reputado valido de Afonso III, Joan Perez de Avoin (ca. 1213-1285), supuxo primeiramente o dominio do señorío alentexano de Portel, polo menos durante os dous últimos decenios do séc. XIII⁹⁶. Por outra parte, esta estreita relación familiar debeu asegurar o acceso á rede intelectual máis próxima aos materiais arturianos promovidos no ámbito das cortes de D. Dinis e xa antes na de seu pai o Boloñés, a quen, como é sabido, acompaña Joan Perez na súa longa estadía no Pas-de-Calais, participando da intensa axenda cultural do infante xunto con outros cabaleiros ao seu servizo como Pedro Ourigues da Nobrega, pai do Avoin, ou o trovador Rui Gomez de Briteiros (Mattoso 1982, Castro 1983). Con certeza, a estadía boloñesa do trovador Joan Perez e o gran prestixio e proximidade á corte desde finais dos 40⁹⁷ faríano, polo menos, coñecedor e potencial lector do universo artúrico que se estaba a enraizar en terras occidentais e con cuxa difusión por acaso tamén puido estar dalgún xeito implicado el ou seu fillo Pedro Eanes de Portel⁹⁸, sogro do conde don Pedro de Barcelos.

En calquera caso, parece factíbel que a canle pola que circulou a tradución/copia do *Tristan* cara ás terras toroñesas fose propiciada en gran medida polos vínculos familiares e socioculturais cos Aboim. Joan Fernandez tería entrado en contacto rapidamente co núcleo señorial e intelectual dos Aboim-Portel –a través da súa muller e talvez tamén do seu cuñado– e dos Riba de Vizela no período en que residiu nas terras alto-minhotas de Valdevez como ricome de D. Dinis (ca. 1288-1300); dese modo, interesado o casal polo romance tristaniano, acabarían accedendo a algúns exemplares (talvez froito dunha dádiva ou préstamo) que posteriormente decidirían replicar e atesourar no seu pazo de Salvaterra⁹⁹. Ali é onde se instala a partir de 1301, aínda que acode puntualmente a Lisboa ao longo desa primeira década, e desde alí subscribe como ricome de Fernando IV até 1310, data en que se presupón que morrería ou, de acordo con Freire (1921: 259), antes de 1316. Sospeitamos que é nestes últimos anos da súa carreira cando encargaría unha copia do *Tristan*, da mellor factura posíbel –en pergamiño e con certo afán decorativo–, a algúns dos tabelións e/ou escribáns activos na zona (cf. § 3.2.3), algúns dos cales, precisamente, estaban ao servizo dos Lima nesa altura¹⁰⁰.

⁹⁶ O señorío de Portel fica baixo o dominio deste casal até 1301, cando se activa a permuta establecida por D. Dinis pola que recuperaba o dito señorío en troca de Mafra, Évora Monte e Aguiar de Neiva (Sottomayor-Pizarro 2012: 181).

⁹⁷ Como é sabido, tras a volta e triunfo de Afonso III, o de Aboim tornase nunha das más importantes figuras da súa corte, desempeñando sucesivamente os cargos de conselleiro rexio, alférrez e mordomo-maior –alén de tenente de Ponte de Lima, Alentejo e Évora–, ao tempo que acumulaba un vasto patrimonio que se estendía desde a súa rexión de orixe, Entre-Douro-e-Minho, até o Alentejo, pasando pola Beira Litoral, o Ribatejo e a Estremadura. Para un percorso biográfico deste importante magnate véxase principalmente Freire 1921: 248-258, Ventura 1986, 1992: II, 565-572, 781-795; Mattoso 1993: 138-139, Oliveira 1994: 358-360, Sottomayor-Pizarro 1997: II, 874-875, 2012: 64, 77, 86, 181; Ferreira 2016: 695-698.

⁹⁸ Do enlace entre Joan Perez e Marinha Afonso de Argenil nacen Maria Eanes de Avoin, casada co Lima, e Pedro Eanes de Portel, casado con Constança Mendez de Sousa; este último casal é considerado o más rico da época (Sottomayor-Pizarro 1997: II, 874-875; Ferreira 2016: 704-705). Como é sabido, atribúese ao 2º señor de Portel a finalización da tradución integral do *Livro de Rasis* (ca. 1287-1315), na que xa participaría anteriormente seu pai (Rei 2010).

⁹⁹ De acordo co exposto en Pichel e Varela Barreiro 2017, non descartamos a posibilidade de que entre LT e a tradución mediase outro exemplar –por acaso unha copia preparatoria ou rascuño, feita en Portugal ou en Galiza–, a teor dos dous manuscritos tristanianos, presuntamente occidentais, identificados no inventario de libros de dona Aldonza de Mendoza (cf. García-Fernández e Otero Piñeyro Maseda 2016), e tendo en conta tamén que os erros de copia (*homoio-teleuton*) detectados en LT non parecen ser todos da responsabilidade do calígrafo toroñés, senón que o seu antígrafo –na nosa opinión, non necesariamente a tradución primixenia– xa estaría en parte errado (Ailenii 2012: 163-164).

¹⁰⁰ Así o demostra a presenza de Paulos Perez, notario da Guarda (fl. 1288-1333, cf. § 3.2.3, Táboa 2, nº 12), e Pedro Martiz, notario de Tebra e do seu alfoz (fl. 1288-1333, cf. § 3.2.3, Táboa 2, nº 19), en dous documentos de 1310 relativos a Fernan Fernandez de Lima II e ao mosteiro de Oia (AHN Clero 1817, nº 5 e 8; Portela Silva 1976: 384, doc. 36). No primeiro diploma, ademais, alídese a un tal “Pero Vicente de Martin, meu ome”, que non puímos identificar, a quen Fernan lle encarga unha probanza relativa ao cenobio oiense. De acordo con Garcia Oro (1995: 19), o labor notarial nas terras tudenses e toroñesas nos primeiros anos do séc. XIV era dirixido principalmente polo xa citado Paulos Perez, intitulado como notario real, e Giral Dominguez (fl. 1284-1316, § 3.2.3, Táboa 2, nº 8), ambos os dous na vila da Guarda, e por Francisco Fernandez (fl. 1300-22, § 3.2.3, Táboa 2, nº 21) na vila reguenga de Baiona (cf. Portela Silva 1976, Sánchez Carrera 1997 e o dito en § 3.2.3).

Non sería esta a única empresa cultural promovida nestes anos e nos anteriores, pois, como xa queda dito, Joan Fernandez era padroeiro do mosteiro de Pombeiro de Riba de Vizela, onde se fai sepultar, e, de acordo con Sottomayor-Pizarro (2011: 70-72, 2015: 36-39), promovería a construcción da Torre de Giela, hoxe un dos símbolos máis emblemáticos das terras de Valdevez. A este labor de mecenado relíxiosos e edilicio, conviría sumar no ámbito literario o probabel (co)patrocinio, por parte dos Lima, da primitiva sección do conxunto cronístico antecitado, isto é, a *Crónica de Castela* (ca. 1300-12), poucos anos despois completada, no seo da mesma familia, coa tradución da versión amplificada da *Estoria de España*¹⁰¹. Cómpre lembrar a este respecto que un dos paratextos engadidos á *Crónica de Castela* transmite un fragmento do *Liber regum* (A2a, fols. 89v-90) a modo de introdución. Para alén da súa factura externa, máis próxima a LT, como xa se viu, do que ao conxunto cronístico ao que pertence, este pequeno fragmento revelaría o coñecemento por parte

dos Lima da materia liñaxística e –o que máis nos interesa aquí– dos contidos de procedencia bretoa integrados por primeira vez en prosa nun texto historiográfico ibérico¹⁰² (o “Linaje de los reyes de Bretaña” do *Liber regum*). Trátase por tanto, dunha intensa actividade literaria –novelesca e historiográfica– promovida por estes últimos representantes dos Batisela que, sen dúbida, cómpre pór en relación co gran prestixio sociopolítico e cultural adquirido por esta liñaaxe desde a segunda metade do séc. XII, cando emparentan cos Traba, ficando integrados nun dos principais núcleos difusores da producción lírica trovadoresca, polo menos, durante o reinado galaico-leónés de Afonso IX, rei criado e instruído en casa de dona Urraca Fernandez, cuñada do primeiro Batisela¹⁰³.

O *Livro de Tristam* xorde, por tanto, nunhas coordenadas xeográficas, temporais e socioculturais moi favorábeis á difusión dun universo artúrico que xa estaba en claro proceso de aclimatación de moi diversas maneiras nas tradicións literarias peninsulares, a través das

¹⁰¹ Este testemuño galego-portugués da *Estoria de España* sería un pouco posterior á sección da *Crónica de Castela* (e dos seus paratextos), ca. 1330-40, e, sendo composto –o texto e talvez tamén a propia fusión cronística– no mesmo entorno galaico-minhoto, poderá ter sido encargado para o arcebispo de Compostela Joan Fernandez de Lima IV (Rodríguez Porto 2012), fillo de Fernan Fernandez de Lima II coa súa segunda muller Maria Fernandez de Gondiáes (Sottomayor-Pizarro 2015) e, por tanto, medio-irmán do Batisela ao que facemos responsable de LT. A hipótese da implicación dos Lima neste conxunto cronístico vese reforzada por unha nota de posesión rexistrada neste códice (BNE ms. 8817) na que se consignan os nomes de Fernan Eanes de Lima e a súa primeira muller Joana Vasquez das Seixas, casal encomendeiro documentado desde o último terzo do séc. XIV. Desta maneira, o códice promovido polos últimos Batisela, na primeiras décadas do Trescentos, pasaría por herdanza até Fernan Eanes de Lima II (bisneto de Fernan Fernandez de Lima II e, por tanto, sobriño-neto de Joan Fernandez III e IV), o último representante da ponla galega dos Lima, finalmente exiliado a Portugal nos últimos anos da centuria (cf. Pichel e Varela Barreiro 2017).

¹⁰² Somos conscientes, con todo, de que o tipo de lectura que se facía dunha obra historiográfica como a *Crónica de Castela* ou o *Liber regum* non era a mesma que esixía o *Livro de Tristam*, da mesma maneira que a materia artúrica inserida naquel compendio cronístico funcionaría a un nivel diferente con respecto á materia narrada no *roman*, non partillando necesariamente, ademais, as mesmas vías de circulación (agradecemos a Santiago Gutiérrez esta puntualización). Porén, sospeitamos que na promoción de A2 e LT debeu participar o mesmo entorno señorial, os Lima-Batisela, mais probablemente a partir de dúas iniciativas distintas, correspondentes a dous intereses literarios distintos (historiográfico e novelesco): por un lado a de Joan Fernandez e a súa muller (interesados por unha copia do *Livro de Tristam*), e, por outro, seu pai Fernan Fernandez (interesado nunha copia/tradución da *Crónica de Castela* e paratextos), quen talvez accedeu ao material cronístico a través dos Riba de Vizela ou viceversa (aproximámonos a este asunto en Pichel 2015b e Pichel e Varela Barreiro 2017, áinda que a investigación ao respecto continúa en curso e dará lugar a un traballo independente).

¹⁰³ O casamento de Teresa Bermudez (1153-1219, filla de Bermudo Perez e Urraca Henriques, unha irmá de Afonso Henriques, o primeiro monarca lusitano) e de Urraca Fernandez (1165-1199), respectivamente, sobriña e filla de Fernando Perez de Trava, con dous irmáns da estirpe dos Lima, Fernando Airas (Batisela) e Joan Airas (Nóvoa), fillos de Airas Calvo, dá unha idea clara do prestixio acadado por esta familia, tradicionalmente considerada como un ramo menor dos Traba (cf. Sottomayor-Pizarro 2011, 2015). Para o relacionamento sociopolítico dos primeiros Batisela cos Traba e con Afonso IX, así como a súa estreita afinidade con algúns dos primeiros trovadores galegos (como Osoiro Eanes, Joan Lopez de Ulhoa, Fernan Paez de Tamallancos, Pedro Paez Bazaco ou Joan Soarez Só-messo) véxase agora Monteagudo 2008a: 137-138, 321-332 e especialmente Souto Cabo 2012a: 79-123, 129, 133-135, 158-161, 234-235, 245-249 (cf. Oliveira 1987, 1988, 1994, 2001; Vieira 1999, Miranda 2003, 2004a; López Sangil 2005: 65-71, 144-148; Monteagudo 2008b, 2013: 422, 2014; Souto Cabo 2011, 2012b, 2016, 2017b).

manifestacións poéticas (cantigas profanas e relixiosas, de maneira puntual ou formando un ciclo máis compacto, como nos *Lais de Bretaña*), mais tamén da súa integración en obras de carácter liñaxístico (como o *Liber regum* ou o *Livro de linhagens*) e historiográfico (como a *General estoria*), así como da propia actividade tradutiva, centrada especificamente na prosa novelesca, e da súa redefinición no xénero cabaleiresco que hoxe preservamos grazas á súa grande fortuna a partir do XVI.

De acordo co suxerido até aquí, o perfil sociocultural e histórico dos últimos Lima-Batisela parece encaixar cos individuos responsábeis ou coadxuvantes da propagación de parte desta próspera tradición bretoa nun espazo xeográfico

e cultural ben activo, o galaico-minhoto e, no meadame, o toroñés, durante as primeiras décadas do XIV. Porén, trátase só dunha hipótese, que só podemos anunciar brevemente neste espazo (cf. Pichel / Varela Barreiro 2017), mais que deberá ser verificada ou matizada coa axuda de novos estudos de corte sociohistórico sobre o mecenado literario galego-portugués a comezos do Trescentos. De calquera maneira, agardamos que a nova proposta de filiación cronolóxica e diatópica para o *Livro de Tristam* que presentamos aquí poida contribuír, dun xeito ou doutro, aos avances na investigación centrada neste ciclo literario e na súa irradiación e influencia nos diferentes sistemas e comunidades culturais da baixa Idade Media peninsular.

5. Referencias bibliográficas

- Ailenii, Simona (2009), “O arquétipo da tradución galego-portuguesa da *Estoire del Saint Graal* à luz de um testemunho recente”, en M^a do Rosário Ferreira, J. C. Ribeiro Miranda e A. Sofia Laranjinha (coords.), *Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade 2007-2008*. (accesíbel en *Guarecer online*: http://ifilosofia.up.pt/proj/smelps/seminario_medieval_2007_2008) [posteriormente, publicado en *Revista Galega de Filoloxía* 10 (2009), pp. 11-38].
- (2012): *Os Primeiros Testemunhos da Tradução Galego-Portuguesa do Romance Arturiano*. Tese de doutoramento inédita. Porto: Universidade do Porto, Faculdade de Letras (<https://repositorio-aberto.up.pt/handle/10216/67288>).
- (2013): “A traducción galego-portuguesa do romance arturiano nos séculos XIII e XIV”, *e-Spania. Revue interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes* 16 (<http://espania.revues.org/22611>).
- (2017): “Traducción peninsular das estórias do Santo Graal, Merlin e Tristan”, en J. C. R. Miranda (org.), *En Doiro antr'o Porto e Gaia. Estudos Literatura Medieval Ibérica*. Porto: Estratégias Criativas, pp. 135-150.
- Alvar, Carlos (1993a): “La novela artúrica en la Edad Media”, en R. Gullón (dir.), *Diccionario de literatura española e hispanoamericana*. Madrid: Alianza, vol. 2, pp. 1109-1111.
- (1993b): “Poesía gallego-portuguesa y Materia de Bretaña: algunas hipótesis”, en *Actas do Congreso “O Cantar dos trobadouros”*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 31-51.
- (2002): “Raíces medievales de los libros de caballerías”, *Edad de Oro* 21, pp. 61-84.
- (2008): “La Materia de Bretaña”, en J. M. Lucía Megías (ed.), *Amadís de Gaula (1508): quinientos años de libros de caballerías*. Madrid: Biblioteca Nacional de España, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, pp. 21-46.
- (2013): “Antropónimia artúrica: Ayer y hoy”, *Arba (Acta Romanica Basiliensis)* 24, pp. 21-51.
- (2015): “The Matter of Britain in Spanish Society and Literature from Cluny to Cervantes”, en D. Hook (ed.), *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*. Cardiff: University of Wales Press, pp. 187-270.
- (2016): “La Materia de Bretaña y su difusión en la península ibérica”, en M. Haro Cortés e J. M. Lucía Megías (coords.), *Libros de caballerías. I. Materia de Bretaña en la península ibérica: literatura castellana artúrica y tristaniana* (Monografías Aula Medieval 5). València: Universitat de València, Proyecto Parnaseo, pp. 5-34.
- Álvarez Blanco, Rosario e Xosé Xove Ferreiro (1998): “Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*”, en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, vol. 1, pp. 29-58.
- Andrade, Amélia Aguiar (1994): *Vilas, Poder Régio e Fronteira: O Exemplo do Entre Lima e Minho Medieval*. Tese de doutoramento. Lisboa: Universidade Nova, Faculdade de Ciências Sociais e Humanas (<https://run.unl.pt/handle/10362/6836>).

- Andrade, Maria Filomena (1998): “Entre Braga e Tui: uma Fronteira Diocesana de Duzentos (o Testemunho das Inquirições)”, *Revista da Faculdade de Letras - História*, II Série/15, pp. 77-98.
- Arbor Aldea, Mariña (2010): “Lais de Bretaña galego-portugueses e tradición manuscrita: as relacións entre B e L”, en M. Iliescu, H. Siller-Runggaldier e P. Danler (eds.), *Actes du XXVe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Innsbruck 2007). Göttingen: De Gruyter, vol. 6, pp. 11-19.
- Banza, Ana Paula (1992): *A linguagem dos documentos em português da Chancelaria de D. Afonso III*. Tese de mestrado inédita. Lisboa: Universidade de Lisboa, Faculdade de Letras (<https://dspace.uevora.pt/rdpc/handle/10174/5041>).
- Baumgartner, Emmanuèle (1975): *Le “Tristan en prose”. Essai d’interprétation d’un roman médiéval*. Genève: Droz.
- Bautista, Francisco (2013): “Genealogías de la materia de Bretaña: del *Liber regum* navarro a Pedro de Barcelos (c. 1200-1350)”, *e-Spania. Revue Interdisciplinaire d’études hispaniques médiévales et modernes* 16 (<http://espania.revues.org/22632>).
- Beceiro Pita, Isabel (1993): “Modas estéticas y relaciones exteriores la difusión de los mitos artúricos en la Corona de Castilla (s. XIII - comienzos s. XV)”, *En la España medieval* 16, pp. 135-167 [reeditado en *Libros, lectores y bibliotecas en la España medieval*. Murcia: Nausícaa, pp. 245-285].
- BDH = Biblioteca Digital Hispánica. Madrid: Biblioteca Nacional de España, <http://www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispánica/Inicio/index.html>.
- Beltrán, Vicenç (1996): “Itinerario de los Tristanes”, *Voz y Letra. Revista de literatura* 7/1, pp. 17-44.
- BITAGAP = Arthur L.-F. Askins, Harvey L. Sharrer e Martha E. Schaffer (coords.): *Bibliografia de Textos Antigos Galegos e Portugueses* (dentro de PhiloBiblon), http://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/index_ga.html.
- Bogdanow, Fanni (1960): “The relationship of the Portuguese *Josep Abarimatia* to the extant French mss. of the *Estoire del Saint Graal*”, *Zeitschrift für Romanischen Philologie* 76, pp. 343-375.
- (1966): *The Romance of the Grail: a Study of the Structure and Genesis of a Thirteenth-century Arthurian Prose Romance*. Manchester / New York: Manchester University Press / Barnes & Noble.
- (1974): “Old Portuguese *seer em car teudo* and the Priority of the Portuguese *Demandado Santo Graal*”, *Romance Philology* 28, pp. 48-51.
- (1991), “Introduction”, en *La version Post-Vulgata de la Queste del Saint Graal et de la Mort Artu, troisième partie du Roman du Graal*. Paris: Société des Anciens Textes Français, vol. 1.
- Bohigas Balaguer, Pere (1925): *Los textos españoles y gallego-portugueses de la Demanda del Santo Grial* (*Revista de Filología Española*, Anexo VII). Madrid: Imprenta Clásica Española.
- (1933): “M. Rodrigues Lapa, A *Demandado Santo Graal*. Prioridade do texto português, Lisboa, 1930”, *Revista de Filología Española* 20, pp. 180-185.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel e Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260* (*Verba. Anuario galego de filoloxía*, anexo 65). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bouzas, Paula (2012): “Análise fonética e fonolóxica dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (séc. xv)”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 39, pp. 219-243.
- (2016): *Documentos galegos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Busby, Kieth (1999): “Rubrics and the Reception of Romance”, *French Studies* 53/2, pp. 129-141.
- Cacho Blecua, Juan Manuel (1987): “La configuración del mundo literario del *Amadís*. I. La tradición artúrica”, en *Garci Rodríguez de Montalvo: Amadís de Gaula*. Madrid: Cátedra, vol. 1, pp. 19-37.
- Canellas López, Antonio (1974² [1966]): *Exempla scripturarum latinarum in usum scholarum. Pars altera. Caesaraugustae* [Zaragoza]: Librería General.
- Casais, Alberto (2017, no prelo): “Sobre los occidentalismos fonéticos de las *Profecías de Merlin* en los *Baladros castellanos*”, *Revista de filología española*.
- Castro, Ivo (1976-79): “Quando foi copiado o *Livro de José de Arimateia*?", *Boletim de Filologia* 25, pp. 173-183.
- (1983): “Sobre a introdução na Península Ibérica do ciclo arturiano da Post-Vulgata”, *Boletim de Filologia* 38, pp. 81-98.
- (1984): *Livro de José de Arimateia (estudo e edição do Cod. ANTT 643)*. Tese de doutoramento inédita. Lisboa: Universidade de Lisboa, Faculdade de Letras.

- (1988a): “Karl Pietsch e a sua edição dos Spanish Grail Fragments”, en M. Ariza, A. Salvador e A. Viudas (eds.), *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Cáceres, 1987). Madrid: Arco Libros, vol. 2, pp. 1123-1129.
- (1988a): “Remarques sur la tradition manuscrite de l’*Estoire del Saint Graal*”, en D. Kremer (dir.), *Homenagem a Joseph M. Piel*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 195-206.
- (1993): “Materia de Bretaña”, en G. Lanciani e G. Tavani (orgs. e coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho, pp. 445-450.
- (1998/2007): “O fragmento galego do *Livro de Tristan*”, en D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, vol. 1, pp. 135-149 [reedición en 2007: http://www.clul.ulisboa.pt/files/ivo_castro/1998_Tristan_Galego.pdf].
- (2000): “Rodrigues Lapa e as origens do romance de cavalaria em Portugal”, en *Filología, Literatura e Linguística. Homenagem a Rodrigues Lapa (Curia 1997)*. Porto: Fund. Eng. António de Almeida, pp. 145-156.
- (2001): “La Materia di Bretagna in Portogallo”, en L. Stegagno Picchio (ed.), *Civittà letteraria dei paesi di espressione portoghese. II Portogallo. Dalle origini al Seicento*. Firenze: Passigli, pp. 195-210.
- (2006² [2004]): *Introdução à História do Português*. Lisboa: Edições Colibri.
- Catalán, Diego (1962): *De Alfonso X al Conde de Barcelos: cuatro estudios sobre el nacimiento de la historiografía romance en Castilla y Portugal*. Madrid: Seminario Menéndez Pidal / Gredos.
- (1992): *La Estoria de España de Alfonso X. Creación y evolución*. Madrid: Seminario Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.
- (1995): “La expansión al Occidente de la Península Ibérica del modelo historiográfico *Estoria de España. Nuevas precisiones*”, en C. da Cunha Pereira e P. R. Dias Pereira (orgs. y coords.), *Miscelânea de estudos lingüísticos, filológicos e literários in Memoriam Celso Cunha*. Rio de Janeiro: Nova Frontera, pp. 521-532.
- (1997): *De la silva textual al taller historiográfico alfonsí. Códices, crónicas, versiones y cuadernos de trabajo*. Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.
- CDMM = Ramón Lorenzo (2016): *Colección documental do mosteiro de Montederramo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Gallaeciae Monumenta Historica) (*apud* CGPA).
- CDMO = Miguel Romaní Martínez (ed.) (1989-1993): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. Santiago de Compostela: Tórculo Ediciones, 3 vols. (*apud* CGPA).
- Cendón Fernández, Marta (2000): *La Catedral de Tuy en Época Medieval*. Pontevedra: Fundación Cultural Rutas del Románico.
- CGPA = Xavier Varela Barreiro (coord.) (2016-): *Corpus Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela / Lisboa / Rio de Janeiro / Campinas: Instituto da Lingua Galega / Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa / Laboratorio de História do Português / Instituto de Estudos da Linguagem.
- Chicote, Gloria B. (2001): “Aspectos de la variación textual en la materia artúrica castellana”, en G. Orduna *et al.*, *Estudios sobre la variación textual. Prosa castellana de los siglos XIII a XVI*. Buenos Aires: SECRIT, pp. 51-68.
- Cigni, Fabrizio (2012): “Per un riesame della tradizione del *Tristan* in prosa, con nuove osservazioni sul ms. Paris, BnF, fr. 756-757”, en F. Benozzo *et alii* (eds.), *Culture, livelli di cultura e ambienti nel Medioevo occidentale. Atti del IX Convegno della Società Italiana di Filologia Romanza* (Bologna, 5-8 ottobre 2009). Roma: Aracne Editrice, pp. 247-278.
- Cintra, Luís Filipe Lindley (1950): “Uma tradução galego-portuguesa desconhecida do *Liber Regum*”, *Bulletin hispanique* 52/1-2, pp. 27-40.
- Cirlot, Victoria (1987): *La novela artúrica*. Barcelona: Montesinos.
- Chora, Ana Margarida (2014): “Os ‘Lais da Bretaña’ de Lançarot e Marot e os episódios correspondentes da Vulgata e Post-Vulgata”, en J. Zarandona (coord.), *De Britania a Britonia. La leyenda artúrica en tierras de Iberia: cultura, literatura y traducción*. Berna: Peter Lang, pp. 21-40.
- Conde de Lindquist, Josefa E. (2006): “Rethinking the Arthurian Legend Transmission in the Iberian Peninsula”, *eHumanista. Journal of Iberian Studies* 7, pp. 72-85 (http://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/secure.lsit.ucsb.edu.span.d7_eh/files/sitefiles/ehumanista/volume7/5%20Conde.pdf).
- Contreras Martín, Antonio (2006): “El copista B del *Lanzarote del Lago* español (BNM MS 9611)”, en D. Hook (ed.), *Manuscripts, Texts, and Transmission from Isidore to the Enlightenment. Papers from The Bristol Colloquium on Hispanic Texts and Manuscripts*. Bristol: HiPLAM, pp. 67-83.
- (2010): “Compilador, copistas y composición en el *Lanzarote del Lago* (Ms. 9611 BnE)”, *Pecia. Le livre et l’écrit* 13, pp. 93-103.

- (2012a): “La leyenda artúrica en la Península Ibérica: una reflexión”, *Medievalia* 15, pp. 19-22.
- (2012b): “Sobre los rasgos lingüísticos occidentales del *Lanzarote del Lago* (Ms. 9611BNE): algunas consideraciones”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 39, pp. 323-332.
- (2015): “The Hispanic Versions of the *Lancelot* en prose: *Lanzarote del Lago* and *LANçalot*”, en D. Hook (ed.), *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*. Cardiff: University of Wales Press, pp. 289-308.
- Contreras Martín, Antonio e Harvey L. Sharrer (2006): *Lanzarote de Lago*. Alcalá de Henares: Centro de Estudios Cervantinos.
- CORDE = Real Academia Española (Banco de datos): *Corpus diacrónico del español*, <http://www.rae.es>.
- Correia, Isabel Sofia (2015): *Do Lancelot ao LANçarote de Lago*. Porto: Estratégias Criativas.
- Correia, Isabel Sofia Calvário e José Carlos Ribeiro Miranda (2011): “Os fragmentos A19 da BGUC e a tradição textual do *Lancelot*”, en *Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade 2009-2011* (<https://repositorio-aberto.up.pt/handle/10216/76336>).
- COTAGAL = Ricardo Pichel (coord.) (2013-): *Corpus de Textos Antigos de Galiza*, www.cotagal.org.
- Cuesta Torre, María Luzdivina (1991): “Los orígenes de la materia tristaniana: estado de la cuestión”, *Estudios Humanísticos: Filología* 13, pp. 211-223.
- (1993a): “La transmisión textual de *Don Tristán de Leonís*”, *Revista de Literatura Medieval* 5, pp. 63-93.
- (1993b): “Traducción o recreación: en torno a las versiones hispánicas del *Tristan* en prosa”, *Livius* 3, pp. 65-75.
- (1994): *Aventuras amorosas y caballerescas en las novelas de Tristán*. León: Universidad de León, Servicio de Publicaciones.
- (1997a): “Adaptación, refundición e imitación: de la materia artúrica a los libros de caballerías”, *Revista de Poética Medieval* 1, pp. 35-70.
- (1997b): “Tristán en la poesía medieval peninsular”, *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 121-143.
- (1998): “Problemas para la edición de las traducciones medievales de la materia de Bretaña”, en C. Parilla et alii (eds.), *Edición y anotación de textos. Actas del Primer Congreso de Jóvenes Filólogos*. A Coruña: Universidade da Coruña, vol. 1, pp. 193-205.
- (2015): “The Iberian *Tristan* texts of Middle Ages and Renaissance”, en D. Hook (ed.), *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*. Cardiff: University of Wales Press, pp. 309-363.
- (2016): “Tristán, una obra artúrica en los orígenes de los libros de caballerías castellanos” e “Bibliografía. La tradición textual del Tristán en la península ibérica”, en M. Haro Cortés e J. M. Lucía Megías (coord.), *Libros de caballerías. I. Materia de Bretaña en la península ibérica: literatura castellana artúrica y tristaniana* (Monografías Aula Medieval 5). Valencia: Universitat, Proyecto Parnaseo, pp. 87-117 e 119-138.
- Curtis, Renée L. (1963): “Les deux versions du *Tristan en prose*: Examen de la théorie de Löseth”, *Romania* 84, pp. 390-398.
- Darbord, Bernard e César García De Lucas (2008): “Reflexiones sobre las variantes occidentales de la materia artúrica castellana”, en J. Elvira, I. Fernández-Ordóñez, J. García e A. Serradilla (eds.), *Lenguas, Reinos y Dialectos en la Edad Media Ibérica. La construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 149-165.
- De Carné, Damien (2010): *Sur l'organisation du Tristan en prose*. Paris: Honoré Champion.
- Deyermond, Alan D. (1997): “¿Obras artúricas perdidas en la Castilla medieval?”, *Anclajes* 1, pp. 95-114.
- DGP12-13 = José António Souto Cabo (ed.) (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. A Coruña: Universidade da Coruña (Monografía 5 da Revista Galega de Filoloxía) (apud CGPA).
- D’Heur, Jean Marie (1975): “Nomenclature des troubadours galicien-portugais, table de concordance de leurs chansonniers et liste des incipit de leurs compositions”, en *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galicien-portugais (XIIe-XIVe siècles). Contribution à l'étude du «corpus des troubadours»*. Liège: Publications de la Faculté de Philosophie et Lettres de l’Université de Liège, pp. 10-93.
- Dias, Aida Fernanda (2003-06): “A matéria da Bretanha em Portugal: relevância de um fragmento pergamínáceo”, *Revista Portuguesa de Filologia* 25 (Miscelânea de estudos in memoriam José G. Herculano de Carvalho), pp. 125-222.
- Dias, João José Alves, A. H. de Oliveira Marques e Teresa F. Rodrigues (1987): *Album de Paleografia*. Lisboa: Editorial Estampa.

- DLMGP = Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (orgs. e coords.) (1993): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Dono, Pedro (2014): “Aproximación grafemática á representación dos contextos de nasalidade vocálica no galego medieval”, en R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro (eds.), *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais (Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, anexo 73), pp. 227-244.
- DPNRL = Ana Maria Martins (ed.) (2001): *Documentos Portugueses do Noroeste e da Região de Lisboa. Da Produção Primitiva ao Século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda (*apud* CGPA).
- DPXhAiii = Luís Fagundes Duarte (1986): *Os Documentos em Português da Chancelaria de D. Afonso III (Edição)*. Tese de mestrado. Lisboa: FLUL (*apud* CGPA).
- DSGc = Adolfo Bonilla y San Martín (ed.) (1907): *La demanda del Sancto Grial*. Madrid: Bailly-Bailliére (*apud* CORDE).
- DSGp = Irene Freire Nunes (2005²): *Demanda do Santo Graal*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda (*apud* CGPA).
- EGPA = Ricardo Pichel (coord.) (2017-): *Escritorio Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.
- Emiliano, António (2003): “Sobre a questão d’«os mais antigos textos escritos em português»”, en I. Castro e Inês Duarte (eds.), *Razões e Emoção: Miscelânea de Estudos oferecida a Maria Helena Mateus pela sua jubilação*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda, vol. 1, pp. 261-278.
- Entwistle, William J. (1925): *The Arthurian Legend in the Literatures of the Spanish Peninsula*. New York: Dutton [Reed. en 1975. Tradución portuguesa con revisión do autor: *A lenda arturiana nas literaturas da Península Ibérica*. Lisboa: Imprensa Nacional, 1942].
- ESGp = José Carlos Ribeiro Miranda, Simona Ailenii, Isabel Correia, Ana Sofia Laranjinha e Eduarda Raúbal (eds.) (2016): *Estória do Santo Graal. Livro Português de José de Arimateia. Manuscrito 643 do Arquivo Nacional da Torre do Tombo*. Porto: Estrategias Criativas (*apud* CGPA).
